

Recanto Irmandiño

Victorino Pérez Prieto

Os Irmandiños, a rebelión dos labregos coa axuda dos fidalgos e o baixo clero contra os señores feudais que abusaban dos seus servos, representan un dos momentos máis prestixiosos e inesquecibles da historia galega, é mesmo unha das experiencias máis importantes na historia europea. Eles manifestan privilexiadamente a loita dun pobo polos seus dereitos e a súa dignidade. A destrución dos castelos dos señores asoballadores, máis aló do discutible da súa eficacia estratéxica, ven ser un significativo símbolo da loita contra o mal, como acontecía nas vellas historias bíblicas, cando se arrasaban as cidades conquistadas.

O expresivo lema mobilizador dos Irmandiños era "*Deus Fratresque Gallaeciae*", "Deus e maillos Irmáns de Galiza", Deus e maillo pobo galego. No noso mundo secularizado, pode soar hoxe a trasnoitado, a cousa dun pasado distante, no que Deus contaba moito, e no que a identidade popular era algo importante. Para os "modernos" deste

remate de milenio, estas semellan ser dúas realidades que xa non son necesarias na *aldea global*. Estamos nun mundo sen fronteiras, que xa non precisa de Deus nin das nacións; abóndalle coa economía das multinacionais e o FMI, a comunicación avanzada, a tecnoloxía punta, a TV, o sexo, o rock e...o fútbol. Pero estes modernos esquecen que o imperio de agora —o "American way of life"— non é nisto moi diferente do antigo —o romano—, co seu convencemento de que o pobo non precisa máis que "panem et circensis".

Pero, pese á ruptura das fronteiras e a demonización das entidades nacionais, a realidade é que o nacionalismo, como expresión da identidade dos pobos, dista moito de ser hoxe un residuo do pasado e mesmo parece tomar un auxe. Por outra banda, nin Deus morreu, pese á vella profecía de Nietzsche, nin a relixión desapareceu da plural cidade secular, a todo máis sufriu algunha que outra mutación, pois "non soamente de pan

vive o home, senón de toda palabra saída da boca de Deus" (Mt, 4,4).

Neste espazo que me ofrece o *Diario de Ferrol*, a nova cabeceira da nosa cidade, o que suscribe ten a pretensión de que o lector atope aquí o eco dos Irmandiños: "Deus e maillos Irmáns de Galiza". Este espazo quere ser a aposta dun crente galego co seu pobo. A aposta da esperanza crítica, por que un aínda cre na utopía; a esperanza de que as cousas poden ser —acaso unha miguíña...— doutro xeito, e entrar no novo milenio con ilusión, pero non como un iluso.

Coa ollada enxergando un futuro de fraternidade e xustiza en paz para este pobo e para todos pobos; pero cos pes na terra, tripando a lama —o asfalto— cada día, consciente das limitacións e contradicións propias do seu pobo. E tamén a aposta dun que quere ser cristián, en canto aprendiz de discípulo daquel Xesús de Nazaret, que os seus seguidores proclaman como o Cristo, o liberador

para os homes e mulleres de todos tempos, pobos e culturas, o salvador coa forza de Deus. Unha aposta feita, cunha Igrexa concreta, que arrastra dous mil anos de historia cheos de contradicións, con riqueza e pobreza, liberación e opresión, fidelidade e traizón ó pobo que pretende servir.

Unha parte desa Igrexa de Galiza, que quere ser verdadeiramente Igrexa galega, propúxose facer no remate deste milenio e ó comezo do próximo un *Bienio Irmandiño*, unha loita pacífica para acadar a identificación que supere un vello divorcio, unha historia de confrontación entre o cristianismo e a identidade galega. Trátase de acadar unha Resurrección que siga a un Venres Santo. Un bispo que foi desta cidade —Miguel Anxo Araújo— dixo xa hai un cuarto de século: "Galiza crucificada/ todo o corpiño a sangrar,/ polas feridas das rías/ e os cravos de pés e mans/ xongue o seu sacrificio/ co de Cristo no Altar/ e agarda o terceiro día/ pra con El resucitar."

O Recanto

A beleza feriume
para sempre

Victorino Pérez

Nos últimos dous lustros, a Feira do Libro de Ferrol foise convertendo nun recanto cultural importante na vida da cidade. O mércores escoitáballe con ledicia á xente das casetas que este ano medrara a afluencia de visitantes e mesmo o número de compradores de libros. Unha cidade na que os seus habitantes mercan libros —para lelos— non pode ser mala. Pero non quero falar dos visitantes da Feira, nin dos índices de vendas, nin dos autores máis exitosos... xa o xornal terá falado abondo diso.

Quero falar, en troques, dunha creación literaria concreta que, seguramente, non estivo entre os libros máis vendidos: a poesía. As verbas que encabezan este artigo pertencen a un impresionante e místico verso dun grandísimo poeta galego, Xosé María Díaz Castro. Non son poeta, téñolle moito respeito a este nobre arte, como para perxudicala con verbas pobres e deslabezadas. Pero penso, con outra gran poeta, que “sen poesía a vida sería intolerable”. Estas son verbas rotundas, e o lector pode que se sorprenda ao saber que tal poeta é Santa Tareixa de Xesús; unha muller que, ademais de poeta, foi unha crente dunha fe excepcional, unha mística cristiá. A grandeza da afirmación está simultaneamente no xeito de salientar a importancia da poesía, e no feito de que saíu da boca dunha persoa para a que toda a súa vida estivo marcada, sobre todo, pola súa fe relixiosa e un compromiso transformador na acción.

Para moita xente, a poesía é algo máis ben inútil; entre eles cóntase nada menos que un gran pensador como Emmanuel Kant. A poesía viría ser puro sentimentalismo, e os poetas uns/as señores/as que non teñen que facer, e falan... dos paxaros, as flores e

outras cousas etéreas e in-substanciais. En troques, como dixo outro gran bate castelán, “a poesía é unha arma cargada de futuro” (Gabriel Celaya). A poesía é unha instrumento de primeira orde para construír un futuro digno da creación e do ser humano, imaxe de Deus; El é precisamente o *poietes*, o “creador”.

Lonxe de ser unha linguaxe alienada, allea á realidade, a poesía é a forma máis libre e sublime da linguaxe, a que máis se achega á verdade máis fonda do ser humano e do mundo. Os poetas, como todo verdadeiro artista, lonxe de ser persoas inútiles, son os que mellor saben captar e expresar a verdade. “A arte é unha forma de desvelar a verdade oculta das cousas”, escribiu outro gran filósofo alemán, Martín Heidegger.

Quizais por iso, entre os grandes forxadores dos pobos houbo sempre poetas. Entre os grandes creadores de ideas houbo poetas. Parte dos grandes líderes e dirixentes populares foron tamén poetas. Desde os creadores da moderna identidade galega ou catalana ata Ho Chi Minh, ao outro lado do mundo.

E velí, tamén, a relación da poesía coa fe e a relixión. Ambas andan —tateando— á procura da verdade fonda da realidade. Non é, logo, casual que a relixión teña usado tan habitualmente a linguaxe poética para expresar o inexpressable, máis aló das rixideces dogmáticas expresadas en prosa. Máis aínda, o verdadeiro poeta adoita ser tamén profeta, porque busca a verdade, e sabe enfrontar ao pobo coa súa verdade. Nesa busca atópase con Deus, ben chamándoo por ese nome ou non; atópase co misterio. “...Y su nombre sin letras/escrito a cada instante por la espuma, se borra a cada instante...” escribiu Leopoldo Panero.

12 / FERROL

O recanto

Vivir e celebrar a fe en galego

Victorino Pérez

Hai un tópico sobre Ferrol que –na miña humilde opinión–, como seica se debe dicir...– non corresponde á realidade; ou polo menos non se corresponde de maneira tan absoluta como teño oído antes e despois de chegar a esta cidade. É a rotunda afirmación de que iso de "en Galiza en galego" non vale para esta capital de ultramar, na que os seus habitantes falan o castelán máis e mellor que en ningún outro lugar de Galiza –"Mejor que en Valladolid"–. O castelán sería aquí tan maioritario que falar galego en Ferrol sería coma ser un extraterrestre. Ouso dicir que iso é un tópico que non se corresponde coa realidade, porque Ferrol, non só cambiou hai xa tempo o seu topónimo -xa non se chama El Ferrol-, senón que ten realidades cunha clara identificación galega. Ademais de que moita xente da rúa fala galego a cotío, no mundo da cultura conta con egrexios escritores en galego como Carvalho Calero -xunto cun premio literario que leva o seu nome- e mesmo ten a sede do "Barrio galego de Internet", Vieiros, onde o galego aparece por defecto na "homepage"; con ligazóns para cambiar ao español ou ao inglés. Pero tamén hai unha realidade galega no mundo da empresa (unha

asociación de empresarios que pensan que poden vender mellor en galego, o Centro de Estudos Lingua e Empresa) e no mundo da política. Neste último eido, ao anterior alcalde non lle importaba falar en público nesa presuntamente lingua paria; e, para máis inri dos antigalegos, a partir deste fin de semana esta capital vai ter un alcalde e un goberno nacionalista, que vai falar arreo en galego, co apoio dos miles de ferroláns que lle deron o seu voto... a el e ao seu partido nacionalista galego. Só queda a Igrexa. Pero esta cidade tivo nun pasado recente o bispo máis galeguista de Galiza, Miguel Anxo Araújo, e unha parte do seu clero dinamizou desde ela a inculturación galega da Igrexa a través dun material para a liturxia e a catequese que levaba por expresivo nome "Boa Nova." E hoxe? Hoxe, se queren, os católicos de Ferrol tamén poden participar habitualmente na liturxia en galego, e seren evanxelizados en galego nalgunhas parroquias.

Con todo, é esta institución a que quedou máis atrás no camiño que a sociedade galega emprendeu nas últimas décadas para que o galego pasara de ser lingua de "incultos" e "aldeanos" a converterse na lingua da cultura neste país, entrara con

normalidade no mundo do ensino, da política (aínda que fora, ás veces, "litúrxicamente") e mesmo da empresa.

Este atraso é o que quere superar o "Bienio Irmandiño", que celebrou o pasado sábado 26 de Xuño en Compostela un encontro festivo e reivindicativo co nome de "A loita pola palabra". Na emblemática Carballeira de Santa Susana, xuntámonos máis de mil persoas de toda idade e condición, representando a tódolos eidos da sociedade galega (escritores, avogados, profesores, investigadores, amas de casa, empresarios, dependentes, labregos, obreiros...). Medio cento de persoeiros significativos de Galiza subiron ao estrado para manifestar alí o seu apoio a esta iniciativa, para vivir e celebrar en galego a fe cristiá. "Irmandiños da fala anceiando implantala dunha vez por todas no mundo da fe", dixo Xulio Xiz.

Alí escoitamos de novo as verbas de Celso Emilio Ferreiro, que cantaba hai anos a ferrolá María Manuela, unhas palabras de Ferro Ruibal, a Neira Vilas e a súa dona Anisia, a Manuel María... e a Lois Diéguez falar da "inspección de Xesús Cristo" ("Vinte séculos e todo segue igual...díxolle El ao lobo que o acompañaba").

O Recanto

As sindicais de Catabois tamén existen

Victorino Pérez

Cun agarimoso saúdo para a nova corporación municipal, quero falar hoxe do barrio onde vivo. Oxalá que a nova administración traia ao pobo ferrolán a ilusión perdida; esta ilusión veu xa co cambio mesmo, pero terá que irse verificando en feitos concretos que dean respostas eficaces aos problemas da cidade e da cidadanía, por aquilo de que "obras son amores", e non só boas razóns políticas. Facendo honor á súa orixe verdadeiramente popular, convén tamén ás partes máis febles e magoadas do corpo social, que os fortes xa se defendes sós. Habitualmente os gobernantes adoitan esquecer isto, e veñen ser lacaios dos poderosos, favorecendo aos que máis poden. O barrio das Sindicais de Catabois é dos máis alleados da periferia ferrolá e non é dos que mellor fama teñen da cidade. Fundamentalmente por aquilo de "colle boa fama e bótate a durmir, colle mala fama e...". Pero isto da boa fama ou mala fama a perpetuidade, sempre é algo inxusto. Se o barrio tivo que aturar en tempos o alcume de "cidade sen lei", pola súa conflictividade, hoxe é un lugar tranquilo e habitable, e disto podo dar fe, pois vivo nel desde que cheguei a Ferrol. Anque o paro, a droga e o atraso escolar, son lacras aínda que teñamos tamén os conflitos de convivencia veciñal que existen en todo

barrio periférico, aquí pódese vivir e pasear tranquilamente. Pero moito mellor estaríamos se o Concello mirara máis por nós. As infraestructuras, sobre todo os accesos, manifestan que este barrio non tivo nos últimos anos a mesma consideración que outros, aínda que teña os mesmos dereitos que eles. A Eterna espera polo plan de urbanismo, temos condeado a uns deplorable accesos, nos que os que andamos mais co coche, que galantemente debemos ceder o paso cando veñen outros de fronte, sobre todo o autobús escolar no Campo de Chao, deberíamos esixir ás autoridades municipais danos e prexucios polo desgaste en rótulas e mecánica en xeral, e os que van a pé, andan vendidos co perigo de seren atropelados involuntariamente, pola falla de arcéns e aceras, amén da escasa visibilidade nalgures. Úrxenos solucionar isto, como outros problemas cotiáns que xurden no barrio. Particularmente, en máis dunha ocasión houbo que agardar máis do desexable o amaño dun corte de auga, e ver correr inútilmente este prezado e limitado ben común polas Sindicais abaixo, cun evidente desprezo ecolóxico por parte da autoridade municipal. As Sindicais de Catabois tamén existen, non no esquezan señores compañeiros rexidores municipais.

O Recanto

Sobre o laicismo

Victorino Pérez Prieto

Algúns ateos de antes e agnósticos de agora, cansos de loitar contra "o anacronismo dos crentes" a remates do século XX, concédennles o "dereito" a unha crenza persoal privada, por aquilo de "cada loco con su tema", ou "cada cual coa súa manía", que cantaba Serrat.

Xa se sabe que modernamente está "probado" que iso das crenzas relixiosas son puras fantasías individuais, ou alucinacións colectivas, unha ilusión, unha "neurose obsesiva infantil" sen porvir, que dixe don Sexismundo Freud. Pretendidamente, fronte ás fantasías relixiosas estaría o valor incontrovertible da razón e a ciencia; o "imperialismo da ciencia", que dicía un colega profesor de filosofía nun Instituto, que sabía moi pouco de por onde ía hoxe o pensamento científico.

É unha vana ilusión a pretensión xurdida nas mentes decimonónicas laicistas, que non en tódalas mentes laicas lexitimamente secularizadas e alentada logo no presente século; de que o advenimento da apoteose científico-técnica

íaa acabar coa idea de Deus e coa relixión, sempre rexurdindo das presuntas cinzas. Nin estas conseguiron instaurar un mundo perfecto, que segue a ser, coma nos tempos da denuncia de don Carlos Marx "un mundo sen corazón" onde a relixión segue a ter que poñer un pouco de alma.

O laicismo pretende eliminar toda presenza pública de relixión, pero compe afirmar o dereito dos crentes non só a unha vivencia persoal da fe, senón mesmo a superar a redución da súa fé ó ámbito privado, no que quereda agachala certa mentalidade liberal, ou unha esquerda requena, para manifestar o dereito á pretensión pública desta fé e a súa expresión relixiosa.

Compre precisar que esta pretensión pública non se refire precisamente ó vello mardaxe Igrexa-Estado, que moitos denostamos hoxe coma ante, convencidos de que o feito de que a Igrexa caera "nos brazos de Constantino", con palabras de Curros, fíxolle máis mal que ben á fé cristiá, aínda que iso supuxera bautizar e inscribir na Igrexa a toda

a sociedade. A pretensión pública da fé cristiá que defendemos non ten que ver con estados ou partidos confesionais, nin convertese de novo, como outrora, nunha poderosa presenza social con poder coercitivo sobre a xente, senón en ser unha mediación liberadora; "non solum, sed etiam", (non a única, pero tamén).

Somos conscientes de que, para iso terá que superar moitas vellas pexas. Pero é posible buscar un diálogo sincero entre crentes e non crentes, sobre todo arredor do que podemos construír xuntos, pero tamén buscando ámbitos de encontro que nos abran á novidade.

Non tódolos crentes de hoxe temos a cabeza ancorada no pasado, podemos ser tan lúcidos coma o máis avisado e moderno agnóstico, sen necesidade de renunciar á nosa crenza; máis aínda, sen necesidade de ser rixidamente dogmáticos, esta mesmo pode engadírnos máis lucidez e amplitude ó razoamento e ó coñecemento científico-técnico, que xa compartimos cos non crentes.

O Recanto

Helder Cámara, un bispo para os pobres

Victorino Pérez Prieto

Se dou de comer ós pobres chámanme santo; pero se preguntan por que os pobres non teñen comida, chámanme comunista". É a frase máis coñecida do bispo Helder Cámara, que ven de morrer ós 90 anos no Brasil. A frase apunta xa o por que dos dous alcumes polos que era máis coñecido: o "Bispo dos pobres", ou o "Bispo roxo".

Dom Helder era un deses casos pouco habituais de prelados da Igrexa, coñecido en todo o mundo non polas súas arroutadas reaccións senón como un decidido defensor dos dereitos humanos, sobre todo o dos máis pobres. Na curta lista de prelados católicos con este perfil, dominan os bispos sudamericanos: os seus compañeiros brasileiros Dom Frago-

(bispo emérito de Crateus) e Pedro Casaldáliga (español por pouco tempo xa bispo do Mato Grosso), amén de Samuel Ruiz en Chiapas, e outros xa defuntos como Oscar Romero, Méndez Arceo ou Proaño. No seu haber, Dom Helder ten títulos de honra coma o de ser un dos fundadores da Conferencia Episcopal Brasileira (CNBB), e do CELAM (Consello Episcopal Latinoamericano), activo participante nos seus encontros de Medellín (1968, que representou o punto de arranque da Teoloxía da Liberación) e Puebla (1979). Tivo tamén un importante papel no Concilio Vaticano II (1962-1965) e no seu desenvolvemento. Nunca interveu na aula conciliar, pero cumpriu un papel importantísimo na animación dos

grupos de traballo e, particularmente, con relación ós medios de comunicación, -ávidos de coñecer o desenvolvemento deste revolucionario Concilio- cos que mantiña unha mutua e intensa relación; estes buscábano pola súa solicitude en atendelos e polo seu falar sempre franco e directo, crítico e esperanzado co mundo e a Igrexa.

O miúdo prelado brasileiro-pequeno de corpo e grande de espírito- posúe entre outros títulos non menos honrosos; coma o de ser un atípico bispo auxiliar en Río de Janeiro (1952-1954), onde fora alcumado "bispo das favelas", polo seu traballo comprometido cos máis pobres. E logo (desde 1952 ata a xubilación en 1985), un conflictivo arcebispo ti-

tular de Olinda-Recife, nos duros tempos da ditadura militar; tivo que aturar os ataques violentos de militares e paramilitares, que dispararon en máis dunha ocasión sobre a humilde casa que tiña de paz episcopal, e chegaron a torturar e matar a varios dos seus curas. Os 21 anos en Recife convertíran a Dom Helder -apelativo que lle daban en Brasil- no símbolo da Igrexa brasileira e sudamericana renovadora, aínda que nunca abandonou a súa vella sotana. A opción polos máis pobres, a resistencia á ditadura, a aposta por unha Igrexa máis evanxélica con menos poder social e económico, o apoio á Teoloxía da Liberación e o traballo eclesial de base, foron as credenciais dese título.

O recanto

O humor é un dos aspectos fundamentais dunha persoa madura e feliz. É moi bo rirse, e máis bo aínda rirse dun mesmo. Non é nada novo, aínda que os psicólogos nolo recordaran con máis insistencia ultimamente. Bo humor e relixión parece que non son cousas que se levarán ben para algunhas mentes rixidas e envaradas. Outra ocasión haberá de falar máis disto. Pero quede xa aquí o coñecido dito: "Un santo triste, é un triste santo"; ou sexa, unha persoa sen humor, dificilmente fará un bo santo.

Con todo, pode resultar rechamante de máis empezar falando do humor, cando se vai tocar o tema do inferno. Pero é que a imaxe tradicional do inferno, coa que se meteu medo a xente durante séculos, prodúcenos hoxe máis hilaridade que pavor. Aquel inferno dos demos

con cornos e guedellas; o inferno das "caldeiras de Pedro Bote-ro", onde -como conta o chiste- fora parar un home moi bo, pero moi frioleiro... ou onde era máis divertido ir que ao ceo, porque ía estar cheo das artistas do cine.

Xaquín Marín facía bo humor con este inferno, nun chiste gráfico publicado recentemente, a raíz das últimas declaracións do Papa verbo do tema: Un demiño facía aceno de dicir que non a un grupo de xente, mentres se podía ler nun cartel nas portas do inferno: "Pechado por orde papal".

O Papa -relaxado, á volta das vacacións estivais- facía unhas declaracións públicas de que esa imaxe do inferno do demo con cornos non se correspondía

coa realidade, e que aquilo que dicía o vello catecismo de "pena de dano e de sentido" non era tal -acaso quedaría a pena por non estrar preto de Deus...-, que ese inferno tan plástico do churrasco eterno era unha imaxe, un xeito de falar. Non aclarou abondo o pontífice que o inferno xa o temos na terra demasiado a miúdo, como para que debamos temer a outro por toda a eternidade.

Máis dun comentaría que, sen o inferno, os curas ían quedar sen choio... Pero moitos alegrámonos de que o Pontífice católico rubricara antes de rematar o milenio o que vimos dicindo desde hai ben tempo. Porque a verdadeira razón de ser da relixión, non é para "librarse das penas do inferno", ou "das penas

do purgatorio...", senón para vivir con máis autenticidade e fondura, con máis xustiza e amor para todos, coa alegría que nace dunha radical esperanza. Todo isto, a pesar do mal que a relixión o ten feito tantas veces... a católica e tódalas demais.

Porque Xesús de Nazaré non veu amolar a ninguén, senón a falar do amor incondicional de Deus Pai/Nai, que quere un mundo de verdadeiros irmáns, en harmonía con todo o cosmos. Iso mesmo que a historia nos ten manifestada que é tan difícil de realizar. A celebración (= "festa", non se esqueza...) por excelencia dos católicos é a Misa, a celebración da Vida; da vida en Cristo resucitado, non un rito máxico para "sacar almas do purgatorio", aínda que se teña escoitado tal máis veces das desexables.

O Recanto

Ferrol e o galeguismo

Victorino Pérez Prieto

É algo ben coñecido que a historia de Ferrolterra é rica en persoeiros ilustres. É posible que non sexa tan coñecido o feito de que na longa lista de ferroláns ilustres haxa unha chea de nomes que, en diversos campos, manifestaron un compromiso con Galiza. No eido sociopolítico están **José Fontenla**, que foi un dos impulsores da creación da Real Academia Galega e do "Himno Galego"; **Rodrigo Sanz**, xefe da Liga Galega e promotor das Irmandades da Fala; **Manuel Sánchez Hermida** e **Euxenio Charlón**, tamén das Irmandades da Fala, promotores do Coro Toxos e Froles, e autores de populares obras teatrais en galego; **Manuel Comellas**, xornalista e autor dramático en galego; **Xaime Quintanilla**, o alcalde mártir que es-

cribiu obras en galego; **Ruiz de Cortázar**, "Cuco", un cura comprometido cos obreiros e o movemento veciñal, como outros curas galeguistas da bisbarra, sen esquecer ó que foi bispo da diocese, **Miguel Anxo Araújo**, que publicou nos anos 70 unha memorable pastoral para a galeguización da liturxia e a catequese. Entre os artistas, ademais dos esgrevios pintores galegos **Álvarez de Sotomayor** e **Pérez Villamil**, compre salientar a **Imeldo Corral**, pintor que o poeta Manuel Antonio chamou "poeta da nosa tera"; **Emiliano Balás**, pintor e poeta, membro das Irmandades da fala e correspondente da Real academia galega; e o inesquecible **Camilo Díaz Balino**, pintor, cartelista e escenógrafo, deseñador da bandeira das Ir-

mandades da fala e mártir galeguista. En fin, tamén entre os escritores en galego houbo ferroláns. Algúns menos coñecidos, coma o poeta **Camino Sigüet**, que Carvalho Calero calificou de "claro precursor de Rosalía"; **López de Vega**, médico e poeta bohemio, un dos precursores da literatura galega; **Aurelio Ribalta**, coñecido militante galeguista e escritor en prosa e en verso; **Cabo Pastor**, outro médico e poeta, que foi unha figura importante de Solidaridad Galega e tesoureiro das Irmandades da fala de Ferrol; **Dictinio del Castillo**, poeta louvado por Otero Pedrayo; e o popular **Xosé María Pérez Paralié**, autor de numerosas letras de cantigas e do máis coñecido conxuro da queimada. En fin, outros abondo coñecidos, co-

mo **Guerra da Cal**, escritor e traballador incansable na difusión da literatura galego-portuguesa; e **Carvalho Calero**, o máis egregio escritor comprometido co galego que deu esta cidade, membro do Seminario de Estudos Galegos, do Partido Galeguista, da Real Academia Galega... e prolífico creador. É por iso que non é un "meteorito extraño" caído entre nós o feito de celebrar na nosa cidade un acto no que crentes e non crentes, profesionais, escritores e clérigos, rubrican ante notario que, xa que viven en galego, escriben en galego, rezan en galego e que ren morren en galego. Trátase de **Galegos de por vida**, organizado polo "Bienio Irmandiño" para o 16 de Outubro ás 5 da tarde no Centro Cultural Torrenta Ballester.

O Recanto

¿Quén é "completamente consecuente"?

Victorino Pérez Prieto

Remataba o Recanto da semana pasada falando do acto organizado polo "Bienio Irmandiño" para o sábado día 16 (onxe) na nosa cidade de Ferrol, no Centro Cultural Torrente Ballester. Trátase de "Galegos de por vida", unha das iniciativas do devandito Bienio Irmandiño, organización que quere traballar pola normalización do galego na Igrexa e nas institucións galegas. Nesta iniciativa, unha serie de persoas asinan ante notario un documento no que manifestan que son galegas, que a súa lingua é o galego, que nela traballan e se relacionan, que nela tamén -os que son crentes- rezan e celebran a súa fe -cando poden...- e que queren que sexa esta a súa lingua ata a morte, polo que desexan que as palabras que se digan no seu pasa-

mento sexan nesa lingua, e se non que as exequias se fagan... en silencio.

Falaba tamén naquel recanto de que un acto semellante non é coma un "meteorito extraño" caído entre nós, posto que hai unha longa tradición galeguista na cidade e na bisbarra de Ferrolterra, como rubricaba a longa lista de persoeiros ferroláns alí apuntada (políticos, artistas e, sobre todo escritores en galego).

Hoxe quería engadir unhas reflexións sobre certo xuízo que presuntamente descalificaría a algúns firmantes do devandito Manifesto, ou representaría un problema para outros posibles firmantes, pois significaría para eles un grave "escrúpulo de conciencia". O problema estaría en que algúns firmantes non sería

"completamente consecuentes" con esa presunta radicalidade no galego, posto que non o falan a cotío, e moito menos -os crentes practicantes- nas súas respectivas parroquias. Ademais de que, no último caso, iso non depende só dos leigos, senón -sobre todo- cura da parroquia á que pertencen, posto que estas comunidades non adoitan funcionar de xeito democrático, habería que dicir dúas cousas. Xa Chao Rego escribía recentemente, consonte coa súa historia persoal: "Todos aqueles que chegámos serodiamente á galeguidade e, especialmente, á adopción da nosa fala a cotío, fomos vítimas algún tempo da nosa diglosia, sen que por iso se nos poida dicir que tivemos unha lingua bífida, partida en dúas, coas que iríamos convivin-

do arrastrándonos coma réptiles. Se outros tiveron paciencia conosco, vai sendo hora de que paguemos na mesma moeda os que non dan arrincado". Noutra ocasión contarei tamén o meu propio camiño. Necesidade, logo, de respectar e animar pacientemente os distintos procesos, máis rápidos ou máis lentos, no galègo. Pero quero engadir algo máis ¿Quén é "completamente consecuente" na súa vida? Os cristiáns dicimos que -agás Xesús Cristo e María de Nazaret- todos somos pecadores, e, polo tanto inconsecuentes coa nosa fe. E calquera persoa que sexa sincera consigo e cos demais, terá que admitir que todos somos, en maior ou menor grado, contradictorios nalgún ou en varios aspectos. O esforzo sincero por acadar un ideal, non supón o seu cumprimento perfecto. O importante é sempre ir facendo o camiño, pois "faise camiño ao andar", como dixo o poeta.

O Recanto

¿Quen é "Don Rústico"?

Victorino Pérez Prieto

Escoitaba abraiado hai uns días algo sobre un anuncio na COPE de Ferrol, na que un "fino urbanita", en castelán, recomendáballe mercar uns lentes a un "paleta aldeán" que falaba en galego. Por se non quedaba claro quen era quen na conversa, o urbanita tiña a desfachatez de dirixirse ao que falaba galego co alcume de "Don Rústico".

Aínda resoan os ecos do emotivo e significativo acto de "Galegos de por vida" no Centro Cultural Torrente Ballester, o pasado sábado na nosa cidade. Este acto, organizado pola Asociación Bienio Irmandiño contou coa participación de preto dun cento de persoas significativas dos diversos ámbitos sociais, relixiosos e laicos. Deles máis de

83 asinaron ante notario que a súa lingua era o galego e desexaban que esta os acompañara ata o seu pasamento. Entre eles estaba xente tan significativa coma o alcalde Xaime Bello e o deputado Francisco Rodríguez, ou o antigo Vicario Xeral da diocese Uxío García Amor. A presenza dos medios de comunicación (prensa, radio e TV) salientaba a importancia social do acto. ¿Quen é logo o "rústico"? ¿O señor alcalde da "finísima" capital de ultramar e gran parte dos seus concelleiros? ¿Os deputados do Parlamento Galego? ¿Quizás algúns deputados que chegaron ata o mesmo Parlamento Español? ¿Valiosos profesionais do ensino e da cultura? ¿Quizás os curas que falan sem-

pre en galego aínda que non o usen habitualmente en público? ¿Era un paleta "rústico" o bispo con máis capacidade intelectual que pasou en moitas décadas por esta cidade, D. Miguel-Anxo Araújo, prolífico escritor e magnífico orador, numerario da Real Academia Galega e persoeiro respetado en toda Galiza?

O que ideou o spot radiofónico aludido ao comezo deste artigo, ou ben peca de ignorancia, diglosia, perguiza e esclerose mental, ou peca de vileza e mala uva. Seguramente de máis dunha destas... Se non fora porque este feito resulta unha magnífica ocasión para golpear de novo nas mentes indolentes e acríticas, non merecería resposta. Pois é ben sabido que hoxe a

cultura en Galiza faise sobranceiramente en galego, a popular e a de altos vós, nos libros e as aulas. A meirande parte dos libros publicados ultimamente en Galiza están en galego, e xa son bastantes as publicacións periódicas nesta lingua (mensuais, semanais, e mesmo un xornal diario).

Oportunismos aparte -que de todo hai na viña do Señor- esta lingua deixou xa de ser o patrimonio da humilde e dignísima xente labrega, obreira e mariñeira, que tivo que aturar o desprezo dos urbanitas que padecían un grave complexo provinciano, para instalarse nos libros, o ensino e a mesma Universidade. ¿Quen é hoxe logo o "inculto" en Galiza?

O Recanto

Salvar a morte

Victorino Pérez Prieto

Estes días andamos a voltas cos mortos. Con humor, pero coa imprescindibile seriedade, recordamos, quizás máis vivamente, que a morte é a situación límite coa que debe enfrontarse todo ser humano. "Somos seres para a morte" di a famosa e coñecida frase do filósofo Martin Heidegger. Mesmo algunha relixión proclamou que os deuses gardáronse para eles a inmortalidade e deixáronnos a morte para os pobres seres humanos.

A morte é o derradeiro enemigo, que semella ser invencible. Unha realidade que por unha parte compre aceptar como normal -"é lei de vida", di a sabedoria popular- pero que nos resistimos a aceptar pasivamente, pois no fondo de nós mesmos arelamos

vida para sempre. É por iso que na busca dunha resposta a este dilema morte/vida, naceron as relixións, e foron evoluíndo desde os rudimentarios enterramentos dos homes e mulleres das cavernas, ata os sofisticados ritos exipcios, a fe oriental nunha eterna reencarnación, ou a afirmación ousada que fixo o cristianismo desde os seus comezos: "Cremos na resurrección e a vida", cremos que a vida triunfa sobre a morte. Se a morte é o horizonte de todo ser humano, non todos a afrontamos da mesma maneira, e hai unha liña que marca a diferenza: a fe ou non fe no Alén.

O galego, como persoas doutras culturas, acreditou maiormente no alén da morte, aínda que non tivera unha idea moi definida do

que isto representa. Nel se mesturan, por unha parte, o vello fatalismo: "É lei de vida", "Tíña a al" ... expresións que un -que ten que estar en contacto case diario coa morte- segue a escoitar cada día. Por outra parte, está o tremendo respecto dos mortos, sobre todo respectar o seu "descanso eterno" cun enterro e unha sepultura digna e coidada con agarimo, pero tamén a fe na presenza dos defuntiños noutra descoñecida dimensión, que se manifesta particularmente na crenza da "Santa Compañía". E, finalmente, unha difusa crenza na fe cristiá, na que só algúns albiscan o que queremos dicir os cristiáns con iso da resurrección. Os funerais e as misas que se piden polos defuntos nacen nalgúns fieis dunha

verdadeira fe cristiá, pero en moitos é só "por se acaso"...

A fe cristiá na resurrección é a afirmación rotunda de que a morte non ten a derradeira palabra, de que a vida vence á morte; de que xa houbo un que resucitou, Xesús Cristo, e que todos resucitamos con el. É esta a afirmación fundamental da fe cristiá, que nace dunha experiencia histórica que ven desde os primeiros cristiáns; pero nace tamén da lóxica de que se o amor de Deus non é "máis forte que a morte", Deus non é Deus. Se o "derradeiro enemigo" non é vencido, Xesús Cristo non é o Señor da historia e o cosmos. Quizás por iso, un home tan controvertido como Cioran escribiu: "Sen Deus todo é noite, e con El ata a luz se volve inútil".

O Recanto

A arela dun novo Concilio Ecuménico

Victorino Pérez Prieto

O pasado 23 de Outubro, remataba en Roma a II Asemblea do Sínodo dos Bispos para Europa; co tema "Xesús Cristo vivo na súa Igrexa, fonte de esperanza para Europa". Non semella que fora un encontro moi xerador dunha esperanza nova, a dicir dos analistas. Non é nada novo dicir que a Igrexa non ten hoxe, na secularizada Europa, a presenza protagonista que tivo noutrora. E a culpa desta atonía non a ten a aínda engaiolante figura e mensaxe de Xesús Cristo, ben viva e presente, senón unha institución que debe renovarse en algo máis que nas formas exteriores.

Os "vaticanólogos" sinalaron que esta nova edición do Sínodo

nin sequera suscitou grandes expectativas na mesma Igrexa, que mirou o evento con bastante escepticismo. Unha actitude apoiada na experiencia dos sínodos anteriores, nos que se silenciou o máis rico do que se expuxo na aula sinodal (Cf. A. Pelayo na revista católica "Vida Nueva").

O Papa pediu a Europa que non cedera ao desalento e que fundamentara a súa aposta de futuro na "sólida certeza da Palavra de Deus". Pero o máis chamativo do Sínodo foron as afirmacións do Cardeal Martini, arcebispo de Milán e "papable". Este reputado prelado progresista dixo en aula sinodal que, como lle acontecera a Luther

King, el tamén "tivo un soño" a prol dunha Igrexa verdadeiramente renovada e renovadora, ilusionada... e veu pedir un novo Concilio Ecuménico, corenta anos despois do anterior, que deixou unha forte pegada na Igrexa: "Que fermoso e útil sería, nunha Igrexa cada vez máis diversificada nas súas linguaxes, repetir aquela experiencia de comunión... do Vaticano II". As súas palabras non tiveron demasiado eco dentro nin fóra.

Nen sequera tiveron moito eco as palabras que un grupo de leigos fixeron oír fora da aula do Vaticano. Tratábase dun movemento renovador da Igrexa, nacido en Austria e xa estendido por todo o mundo, que leva o

significativo nome "Somos Igrexa". Coa súa palabra e as súas accións queren reivindicar que eles son tan Igrexa coma os xerarcas vaticanos. Por iso fixeron polas mesmas datas o seu particular "Foro europeo de cristiás e cristiáns". O traballo das súas sesións resumírono nun particular credo no que din cousas como estas: "Cremos nuha Igrexa de comunión na que todos e todas proclamamos e vivimos o Evanxeo de Xesús... na que todos e todas participamos na toma de decisións... na que a ética é expresión do amor na liberdade...Cremos nunha Igrexa macroecuménica... Somos Igrexa en camiño, facendo procesos no diálogo...

O Recanto

Hélder Cámara, un bispo que sabía comunicar

Victorino Pérez

Helder Cámara, o bispo brasileiro recentemente finado, do que se falou nun anterior Recanto, tivo un importante papel no Concilio Vaticano II (1962-1965) e o seu desenvolvemento, sobre todo pola súa capacidade para dinamizar os grupos e a súa facilidade para o contacto e a comunicación cos periodistas.

O Concilio provocou un profundo entusiasmo en Dom Helder, encendendo na súa mente soños e proxectos acerca dunha Igrexa máis evanxélica e ecuménica, máis próxima dos pobres, empeñada no desenvolvemento dos pobos e na súa mutua comprensión,

capaz de propiciar un diálogo entre o Norte e o Sur, de colaborar na promoción da paz e da cooperación internacional, interlocutora dos medios de comunicación social e da cultura moderna. Nunca interveu na Aula conciliar, a súa aportación tivo máis que ver con relación aos medios de comunicación -avidos de coñecer o desenvolvemento deste revolucionario Concilio- cos que mantiña unha mutua e intensa relación.

Dom Helder alcanzara um agudo senso de que mais que as palabras e documentos, o que real-

mente chegaba á xente eran determinados xestos e símbolos, e que era polas imaxes como se fixaba no pobo o sentido do Concilio. Sabía, por outro lado, que o Concilio que chegaba à opinión pública era o transmitido cada día polos xornalistas da prensa, radio e TV; por iso era pródigo en atender as súas peticións para entrevistas e programas. "Vía a prensa não apenas como instrumento para transmitir, de modo compreensível, o que se passava no Concilio, mas igualmente como veículo para lançar novas idéias e para exercer indireta-

mente pressão sobre a Assembleia Conciliar", escribiu un gran coñecedor del, José Oscar Beozzo.

O falar franco e directo, crítico e esperanzado á vez, de Dom Helder encantaba aos xornalistas, que o asediaban para entrevistas e reportaxes. Por iso, e por todo o anteriormente sinalado, díxose con razón que a súa gran tribuna no Concilio, non foi a Aula Conciliar na Basílica de San Pedro, senón a prensa e o incansable esforzo de articulación por medio da rede de amigos e colaboradores que soubo conquistar para as súas causas, a dos pobres e a da Igrexa servidora dos pobres.

O Recanto

Lía nun xornal desta semana a noticia da renuncia do actual presidente da poderosa multinacional "Coca-Cola"; noticia que facía tremer a mesma bolsa de Wall Street. E eu lembrei que, cando hai varios meses tódolos medios falaban das intoxicacións producidas en varios países de centroeuropa por causa da Coca-Cola, e o seu imperio semellaba tremer, sentía mágoa pola xente que padeceu a intoxicación, pero aledábame de que caera semellante ídolo con pes de barro.

Os xornais informaban que "o caso belga" (que lle custou á empresa máis de 10.000 millóns de pesetas) era só un episodio dunha longa lista de problemas marcados sobre todo polo seu espírito

de vampiro que quere chuparlle o sangue ás demais compañías de refrescos da vella Europa, despois de apresar coas súas poutas e afogar ás demais compañías do mundo.

A miña particular "batalla" contra a Coca-Cola ven de vello, e está ben fundada, aínda que non acadara moitos seguidores; algún que outro si... De mozo eu bebía Coca-Cola con fruición, como a maioría dos colegas. Pero tiveron ocasión de ler moi cedo un sinxelo libro dun alemán acomodado que foi parar ás favelas do Brasil, no seu compromiso cos máis pobres.

Contra a Coca-Cola

Victorino Pérez

Falaba da inutilidade desta bebida e, sobre todo, do escándalo da súa tiranía sobre miles de millóns de persoas, unha tiranía que alcanza non só aos ricos, senón tamén aos máis pobres. Entre as favelas de Rio de Janeiro abultaba máis o cartel de Coca-Cola que a humilde igrexiña ou calquera outra casoupa, manifestando quen era alí verdadeiramente grande, e conseguindo que os meninos gastasen os cartos antes no noxento brebaxe que en alimentos: "Coca-Cola chupa o sangue destes pobres entre os máis pobres", escribía Fredy

Kunz. Aquel texto produciu en min unha conversión, e non volín pedir unha Coca-Cola. Este nome convertéuse para sempre no símbolo máximo da opresión imperialista, que rexeito con tódalas miñas forzas. Desde aquela non consigo comprender como se pode querer facer verdadeiramente un mundo máis xusto, e menos tiranizado polo "tío Sam" e beber Coca-Cola.

Logo coñecín o longo poema do noso Celso Emilio Ferreiro ("Crónica da Coca-Cola"), e a decisión chegou ata hoxe: "O American Way o Drink foi exportado/ a quinhentos países soberás/ en cen millóns de botellas cada día/ que implican cen millóns de mensaxes do sistema de vida que USA usa".

O Recanto

Nadal: ¿Emmanuel ou Mammón?

Victorino Pérez

Esta semana, o Nadal vai marcar a vida de gran parte do mundo, sobre todo do mundo occidental. E vaino facer como unha fermosa celebración en algúns, como unha gran mentira en moitos. Os primeiros, celebrarán a tenrura de Deus; "unha chuvia de tenrura", dixo alguén. Será celebrar o Emmanuel ("Deus connosco"); un Deus que non ven ameazante, senón vestido da carne sinxela e fráxil dun neno, para gozo dos pobres, e de tódolos que se suman humildemente ao seu cortejo -crentes ou non crentes- para

construír un mundo máis xusto e fraterno. Os segundos celebrarán a Mammón, o deus dos cartos, do derroche, que ten que ver ben pouco coa sinxeleza de Belén. Ou a Moloch, que precisa se lle sacrifiquen milleiros de pobres para poder subsistir. Como é sabido, é imposible manter o nivel de consumo do Primeiro Mundo (en gasto de enerxía, en esgotamento de recursos, en contaminación e degradación da Natureza...) se non é a custa da pobreza do Terceiro. O Mundo non da para igualar a todos polo raseiro dos señoritos

européos ou norteamericanos. Os fillos do Nadal-Mammón esixirán que se poñan -non un día, ou unha semana, senón ¡un mes antes!- miles de bombiliñas polas rúas, porque senón "non semella que esteamos en Nadal". Para os pobres, abondarán con pequenos detalles, porque saben que o amor "non se merca nin se vende", nin a verdadeira luz interior chega a forza de kilovatios. Por iso, a pesar do derroche, os ricos -en cartos, ou coa mentalidade dos ricos en cartos-dirán que o Nadal é un tempo triste; outros pensarano,

aínda que non o digan por aquilo de que colectivamente "estes días son uns días felices"... Mataron a tenrura de Deus, afogárona en moreas de turrón, consumo e regalos inútiles. Por certo, ¿por canto se terán que multiplicar para algúns as 90.000 pts. que seica vai gastar cada españolito neste Nadal, cando bastantes non gastaremos nin a terceira parte? Con todo, máis aló do derroche consumista, os arbolitos e os pseudobeléns, arredor noso moitos si celebrarán un Nadal-Emmanuel, compartindo cos máis pobres do seu barrio ou parroquia, e celebrando sinceramente a tenrura de Deus coas súas comunidades de fe. Bo Nadal.

O Recanto

¿Un século marabilloso?

Victorino Pérez

O século XX que rematamos esta semana semella para algúns ter sido o máis marabilloso da historia, o dos avances científicos e técnicos deslumbrantes, o da democracia e o do mellor sistema socioeconómico posible: o capitalismo neoliberal. Xa é un tópico acudir á famosa expresión do economista Fukuyama: coa apoteose neoliberal chegamos á "fin da historia", porque non hai sistema alternativo que poida resultar mellor, despois de tantos intentos fracasados. Pero quero rematar o sé-

culo cunha pregunta: ¿É isto realmente así. Foi tan marabilloso o noso século. O balanço é tan positivo? E quero empezar o novo milenio cunha valoración que abra as posibilidades que vexo para o futuro, o que queda para o próximo artigo.

Telegráficamente uns datos incuestionables, que corroboran a afirmación de que este século que rematamos foi o máis cruel e inxusto da historia: Un século marcado por dúas guerras mundiais e por incontables guerras locais; millóns de mortos e un

dato arrepiante, nestas últimas o 90% das vítimas son civís. Un século que deixa boa parte do planeta sementado de minas asasinas. A pesar da abolición legal, a práctica da tortura segue sendo un feito xeralizado.

Un século que remata cun abismo entre ricos e pobres, con máis de cen millóns de nenos escravos, e entre 35 e 40 millóns de mortos cada ano por fame. E un século que deixa gravemente enfermo o ecosistema da Terra. A pesar da extensión da democracia, os poderes financeiros supranacionais e o crecemento imparable da corrupción téñena tocaa case de morte.

Con todo, un século de avan-

ces técnicos, moitos deles valiosísimos, e no que xurdiron admirables brotes de solidariedade: A ONU, a pesar da súa inoperancia en moitas ocasións. A proclamación dos Dereitos Humanos e a posible censura real dos dictadores. Os movementos de liberación da muller... E o diálogo intercultural e interreligioso, capaz de superar moitos fanatismos. Na Igrexa Católica o meirande avance veu marcado polo Concilio Vaticano II. Sen dúbida, estes son o que chamamos os cristiáns, "signos do Reino de Deus", con palabras de Xesús. Pero non poden agachar os signos do anti-reino apuntados antes.


A Igrexa ferrolá: institucional e profética

Victorino Pérez Prieto (*)

Escóitase con certa frecuencia -en ambientes laicos e mesmo en ambientes crentes- que a Igrexa non ten futuro, que é unha institución caduca, anacrónica e decadente, que manteñen as vellas forzas reaccionarias de sempre, ou algúns utópicos ilusos que aínda non se desenganaron de todo, e virían ser uns "miñaxoias". Xa de entrada, dígoles ao lector menos avisado que o que isto escribe estaría -presuntamente- no grupo destes últimos. E dígoles máis aínda, que este "miñaxoia" -que procura ter os ollos e os oídos ben abertos para ollar e escoitar atentamente a realidade- está bastante convencido de que a Igrexa, con tódolos defectos e pecados que arrastra, garda aínda fresca a capacidade liberadora de Xesús de Nazaret, o Cristo que proclama como Salvador non só da humanidade, senón do Cosmos todo. A proba de que o cristianismo non é só unha ideoloxía caduca, está na capacidade que ten de seguir mobilizando a milleiros de cristiáns polo mundo adiante, que apostan cada día por unha humanidade máis merecedora de tal nome, coas súas palabras, cos seus feitos e coa súa mesma vida comprometida a prol dos oprimidos.

De calquera xeito, a Igrexa xogou e segue a xogar un papel social indubidablemente relevante na sociedade occidental, como outras relixións nos seus respectivos ámbitos socioculturais. Particularmente en Galiza, a Igrexa tivo e ten un papel social importante. Así o recoñecía recentemente unha forza política tan pouco sospeitosa de clericalismo como a UPG, nun número da súa revista "Terra e Tempo": "A Igrexa como institución, como ideoloxía, como organización económica, tivo e ten unha presenza na nosa Terra tan relevante, que non é posíbel comprender a nosa historia, coñecer o noso patrimonio artístico e entender a sicoloxía deste povo se a excluimos da nosa análise". Outra cuestión é se ese papel é liberador ou opresor. E compre dicir que a historia pasada e presente da Igrexa é de pecado (maldade) e de gracia (bondade).

Pídeseme que fale do presente e do futuro da Igrexa, e non podo falar da súa realidade universal -na que está inevitablemente inmersa, como elemento social da "aldeia global"- se non é desde a miña realidade concreta: a Igrexa en Galiza, particularmente a Igrexa Católica, que é a que máis coñezo, aínda que non estaría de máis unha visión máis ampla, tendo en conta as distintas confesións cristiás do país. Non é novo dicir que compre



En Ferrol conviven unha Igrexa máis institucional patriarcal con outra máis carismática e profética

distinguir entre a Igrexa "en Galiza" e a Igrexa "galega". A primeira, cunha mala comprensión do que significa ser realmente "católica" (= "universal"), segue maiormente ancorada nunha mentalidade reduccionista europea-romana-centralista; por iso non soubo mergullarse de verdade na identidade e cultura galegas, senón que seguiu a dinámica da imposición dunha cultura allea dominante. Talmente como se non crese na presenza de Deus no pobo galego, esquecendo a dimensión esencialmente encarnacionista e inculturadora do dinamismo da fe cristiá; cando, a verdadeira identidade da Igrexa católica-universal concretábase necesariamente nas Igrexas particulares, coa súa identidade cultural, lingüística, antropolóxica, social...

A Igrexa "galega"

En troques, a Igrexa "galega" -que "existe e resiste", remendando unhas palabras de Ferro Ruibal- é unha Igrexa que que- re facer pobo e terra desde a realidade concreta do país, e desde a Boa Nova de Xesús, mensaxe liberadora e verdadeiramente universal, porque a súa esencia é mergullarse en cada lingua e cultura concreta co espírito de Xesús Cristo, aquel galileo libre que falaba arameo. Este xeito de vivir a identidade eclesial cristiá tamén existe en Galiza, aínda que teña menos eco e influencia pública que o anterior; con todo, posiblemente é máis creativa e máis respetada por outros sectores sociais.

Esta Igrexa "galega" está presente en parroquias rurais e urbanas, en pequenas comunidades e movementos; ten as súas accións propias: publica-

cións como as revistas "Irimia" e "Encrucillada", reunións máis minoritarias e accións máis multitudinarias como a "Romaxe de Crentes Galegos" e certos actos do "Bienio Irmandiño", etc. (Cf. os meus libros: "Galegos e cristiáns" e "A Romaxe de Crentes Galegos").

Non é maniqueísmo

Non podemos caer no maniqueísmo, dividindo a xente entre "bos e malos", "nós" e "eles". Pero é evidente que hai aí dous xeitos diferentes de vivir a identidade cristiá, que supoñen dúas opcións dentro da unidade da mesma fe; opcións que poderían e deberían complementarse na súa riqueza, pero desgraciadamente non ocorre e dáse unha marxina- ción habitual, sobre todo pola banda dos que teñen máis poder e non permiten ser cuestionados en nada.

Neste diocese de Mondoñe-Ferrol, como na Galiza e no resto do mundo, existe "unha parte" da Igrexa máis "institucional" e patriarcal (en Ferrol cun bispo particularmente autócrata), e "outra parte" máis profética ou "carismática" e fraterna.

Dúas partes dun todo, dous xeitos de ser Igrexa que conviviron case desde os comezos: Igrexa como "poder" (artellamento xerárquico institucional) e Igrexa como "carisma" (= "gracia", don gratuito de Deus). A primeira destacábase pola vontade uniformante do poder, e a segunda estaría máis atenta á realidade da acción libre do Espírito no pobo de Deus. Compre non esquecer que a verba Igrexa ven precisamente da grega "ekklesia", que significa "assemblea", pobo convocado polo Espírito de Deus, máis que por poderes

que se arrogan a representación en exclusiva. Carisma e Poder son necesarios na Igrexa, pero este non pode esquecer a aquel, necesita da liberdade do carisma, para que Deus poida falar libremente.

Certamente, para ter un futuro venturoso nun mundo secular, plural e democrático, a Igrexa terá que cambiar as súas formas rixidas e autoritarias de exercer a acción no mundo; desde as súas cúpulas de poder, ata as dinámicas das pequenas dioceses e parroquias, demasiado dependentes do bispo e o cura de turno. Terá que escoitar máis a voz do pobo de Deus, sobre todo o laio dos oprimidos; terá que escoitar aos mozos e aos obreiros, aos movementos internacionais de leigos, e aos consellos parroquiais. Recentemente, mesmo se deixaron oír voces de eminentes bispos e cardeais pedindo un funcionamento menos autoritario da Igrexa (o emérito arcebispo König ou o prestixioso Cardeal Martini). Pídesese que se teña realmente en conta as suxerencias feitas polos participantes nos Sínodos de bispos; pídesese que as Conferencias Episcopais teñan unha influencia real nas decisións da todopoderosa Curia Vaticana, etc. En Galiza non temos nin sequera unha Conferencia Episcopal Galega, e a coordinación entre as distintas dioceses é nula, salvo en pequenas parcelas como a catequese; por non haber non hai nin sequera un Centro Teolóxico Interdiocesano onde se formen os futuros curas das dioceses galegas (varias delas teñen o seu Seminario particular) cun nivel teolóxico e pastoral a altura dos tempos.

(*) Victorino Pérez Prieto é rego en exercicio.

Ampliar horizontes

Para ter un futuro venturoso, a Igrexa, a galega e a universal, terá, en fin, que ampliar os seus estreitos horizontes morais, tendo en conta sobre todo o amor e a liberdade.

Terá que ampliar, tamén, as súas estreitas miras ecuménicas, máis aló de declaracións ampulosas, pero pouco eficaces na práctica. Deberá ter máis en conta a realidade, o pensamento e a acción das mulleres, permitíndolles o acceso ao ministerio ordenado e ás responsabilidades máis outas. E, en fin, terá que estar máis comprometida cos pobres deste mundo e coa mesma Natureza, que sofre o expolio destructor dun Primeiro Mundo depredador e insolidario.

Se quere, a Igrexa pode. Podemos, porque a Igrexa é realmente toda a comunidade dos seguidores de Xesús, non só catro xerarcas.

Pero terá, teremos, que aprender a orar mellor, a facer xustiza, a calar e escoitar, pois non ten tódalas respostas; cómprelle recoñecerse pecadora e necesitada de conversión, deixándose conducir realmente polo Deus da xustiza e o amor, que fala dentro e fóra da Igrexa.

O Recanto

Xa van rematadas as festas de Nadal, nas que, ademais do boum consumista que colleu á maioría da xente cos agasallos, os excesos gastronómicos e a ilusa Lotería, moitos achegáronse a ver algúns dos beléns que teñen máis sona na cidade, na bisbarra ou noutros puntos de Galiza; algúns menos buscaron, tamén, tempo para celebrar o Nadal nas súas parroquias. Dun belén quero falar hoxe. Un magnífico belén aínda descoñecido para gran parte dos lectores, salvo os da parroquia e o concello de Somozas. En toda Galiza é coñecido o magnífico belén de Begonte, en terras lucenses, con longa tradición. En Ferrol, a maioría ten visitado al-

gunha vez o de San Francisco; e este ano púxose algún máis no que o que menos brillaba era, precisamente, o tema central: o Misterio do Deus encarnado naquel fillo de María e Xosé; estaba perdido e case oculto entre as anécdotas intrascendentes. Cando a fe se converte en mero recurso estético ou desculpa para a anécdota... ocorren cousas así. Máis grave foi o caso de algúns spots de pésimo gusto, que son un insulto para os crentes, como algún que puidemos ver na TV: un estúpido "rei mago" des prezaba a mirra, considerando que un mó-

bil era máis "útil" para o Divino Recen; ou outro no que unhas pseudo-monxas preferían bendicir a chegada do "Plus" que bendicir ao Neno Deus, razón de ser da súa vida no convento.

O belén de Somozas, posto na igrexa parroquial, si ten o Misterio centrando toda a representación. Pero ten outra particularidade que me chamou a atención, é un belén especialmente "encarnado" na realidade galega e veciñal. Nel, ademais do clásico castelo de Herodes e unha aldea palestina, aparecen magníficas figuras móbiles que pertencen á

cultura rural galega tradicional: xente coidando o gando, unha muller gadañando a herba, o muiñeiro e o panadeiro, o pescador, etc. Ademais, hai tamén algo moi propio da historia viva deste pobo, un "machuco" para traballar o ferro (artiluxio movido pola auga dun regato), os ferreiros e un afiador. Non en van, é desas terras a familia Freire, fundadora de Megasa. Con movemento similar, hai tamén un precioso batán, utilizado para blanquear o liño. Tres animosos e creativos veciños da parroquia (Andrés, Ricardo e José Manuel) veñen sendo desde hai uns anos os seus artífices. Noraboa e ánimo para seguilo facendo.

O belén de Somozas

Victorino Pérez

O Recanto

Juan, un militante obreiro e cristián

Victorino Pérez

O remate de século non deixou moi ben parados aos "militantes", palabra que a moitos lles soa trasnoitada; pero que significa algo tan fundamental e actual coma un compromiso asumido libremente coa historia, desde unha causa concreta (política, social ou relixiosa). O militante quere vivir activamente "na" historia, non que esta só "pase por el". Se non quedou en moi bo lugar ser "militante obreiro", aínda peor ser "militante cristián". E o de xuntar ambos xa é... "¡demasiado!", que diría un chaval. As Igrexas cristiás comezaron por perder

os obreiros no século XIX, logo os mozos e os intelectuais no XX, e perderán ás mulleres –a súa "canteira"– no XXI, se non cambian moitas cousas nela. Pero o pasado sábado, o cemiterio de Catabois estaba cheo de homes e mulleres de diversa condición, que foramos despedir a un amigo, camarada ou veciño, Juan Silva. Inusualmente, non só había alí veciños de Caranza, compañeiros da Bazán (lugar de traballo de Juan, desde que entrara de aprendiz aos 14 anos, e onde fora do Comité de Empresa) e mesmo compañeiros dos sindicatos (so-

bre todo de CCOO, ó que pertencía desde anos), senón tamén amigos católicos (sobre todo compañeiros da HOAC, "Irmandade Obreira de Acción Católica", da que fora responsable diocesano) e mesmo un bo fado de curas; presidiu o funeral o bispo desta diocese, na que Juan –un crente activo– era Delegado de Pastoral Obreira. Para todos, Juan era un bo home, querido pola súa realidade humana e respectado polo seu traballo sindical, social e eclesial. Juan Silva era un home que vivira como un militante obreiro na Igrexa, e como un militante

cristián no mundo obreiro; dúas realidades a cotío divorciadas, pero que el soubo xuntar harmonicamente a pesar dos conflitos que lle supuxeron na súa vida. Conflitos que lle virían de compañeiros que non comprendían cómo podía ser un home de esquerdas, socialista, e pertencer a esa Igrexa tan lonxe das loitas obreiras. Pero conflitos tamén coa xerarquía da Igrexa, que a regañadentes toleraba que fora un católico practicante e, simultaneamente, un home de ideoloxía obreirista de esquerdas; un votante dos "ateos" socialistas do PSOE ou dos comunistas de EU, ou do BNG. Oxalá que o seu exemplo afogue prexuízos e tenda pontes entre obreiros e cristiáns.

O Recanto

Unha invitación a voar

Victorino Pérez

Non entro na discusión de se estamos xa ou non no novo milenio; paréceme unha discusión bizantina que, en calquera caso, ten pouco en conta o feito de que, p.e., para os musulmáns estamos só no 1380 do seu calendario, ou para os xudeus no 5670 do seu. Con todo a máxica cifra dos tres ceros é unha invitación a soñar nun futuro ¿posible?

Soñar cun cosmos en harmonía, onde o ar será máis respirable e a natureza estará menos afogada polos depredadores económicos. Soñar que a xente non será "programada pola com-

putadora, nin comprada polo supermercado, nin mirada polo televisor", como di Galeano. Soñar con que traballaremos para vivir, no canto de vivir para traballar. Soñar con que os insubmisos no irán á cadea, e mesmo que a industria da guerra decrararase en quebra por falla de clientes. Soñar que a xente solemne aprenderá da xente con humor, porque a perfección será só o privilexio aburrido dos deuses... E, sobre todo, soñar que a morte e o diñeiro "perderán os seus máxicos poderes", e que a xustiza, a liberdade e a paz daránse a man para sem-

pre. Na familia cristiá, soñar que a Madre Igrexa castigará menos e amará máis aos profetas, aos rebeldes e aos pringados; que se preocupará máis de que a xente sexa feliz, que de que cumpra unha lista de normas.

Soñar que aos curas non se lles negue o dereito a amar a unha muller -e viceversa- e que tamén as mulleres poidan ser curas. Soñar que se irá desmontando a estrutura piramidal da Igrexa para irse artellando unha estrutura comunitaria, unha rede de comunidades, na que o/a cura, o/a bispo e o/a mesmo papa sexan verdadeiramente servidores/as dos seus irmáns e non monseñores encargados de gardar a orto-

doxia e reivindicar a súa autoridade xerárquica; soñar cunha Igrexa en galiza verdadeiramente galega, e soñar con que o romanocentrismo dea paso a unha Igrexa descentralizada, plural e ecuménica.

Soñar, en fin, que o Espírito poida soplar libremente en cada crente, e todos nos sintamos cada día irmáns de Xesús Cristo e filliños benqueridos do Pai. Mentres tanto, cumprirá que "cada noite sexa vivida como se fora a derradeira, e cada día coma se fora o primeiro". Traballando arreo polo dereito a soñar nunha Igrexa, nunha sociedade e nun cosmos chamados a realizar o proxecto de amor de Deus.

O Recanto

Católicos e protestantes

Victorino Pérez

Hai unhas semanas celebrábase en moitas parroquias católicas a semana ecuménica, ou "semana de oración pola unión das igrexas". Tamén en Ferrol. Pero, seguramente, o mutuo descoñecemento entre a meirande parte dos cristiáns católicos e os seus irmáns protestantes -e viceversa- non deu avances significativos.

Nos tempos de tolerancia relixiosa que vivimos -afortunadamente- desde hai anos, católicos e protestantes xa non andan a tirarse habitualmente os trastos á cabeza, nin adoitan descalificarse

mutuamente coma noutroa. O Concilio Vaticano II promulgou hai xa máis de trinta anos un memorable "Decreto sobre a liberdade relixiosa", con gran escándalo de Franco e a España franquista. Este documento significou un avance fundamental para a tolerancia e a acollida entre católicos e protestantes, abrindo canles de encontro e colaboración.

Pero para o encontro entre católicos e protestantes nunha sóa Igrexa de Xesús Cristo, aínda queda moito que andar. Compártese parte da reflexión teolóxica e, sobre todo, da investigación bí-

blica, houbo nas altas esferas xerárquicas encontros significativos (os de Asís) e acordos importantes (o recente Acordo de Augsburgo, sobre a Xustificación). Pero a nivel popular a realidade é máis ben de desencanto, e a inda de mutuo descoñecemento; sobre todo neste país, no que inmensa maioría da xente que se recoñece como cristiá, maniféstase católica.

¿Que saben a maioría dos católicos ferroláns sobre os irmáns protestantes que conviven con eles na súa cidade, no seu barrio? Pouco ou nada, agás... que non

van á igrexa da parroquia.

En troques, a presenza de comunidades protestantes ou evanxélicas na cidade departamental ten máis de cento trinta anos, e é das máis antigas de Galiza. Nele, como recoñece o investigador Benito G. Raposo no seu recente libro "O protestantismo en Galicia", Ferrol é unha das primeiras cidades onde se inicia a obra evanxélica. Actualmente hai varias comunidades entre nós: varias da "Igrexa Evanxélica das Asembleas de Irmáns", a de "Buenas Noticias", a "Igrexa Cristiá da Renovación" e a "Igrexa Evanxélica de Filadelfia", ou misión xitana, coñecidos popularmente como "Aleluyas".

Seguiremos falando disto.

ADELOR

exposición
de pintura de

ALEJANDRO
CARRO

Tlf: 981 35 37 14

Fax: 981 35 37 16

R./Dolores. 35. baixo

15402 - FERROL

O Recanto

Falaba a semana pasada neste Recanto da realidade cristiá dispar que representan católicos e protestantes e o mutuo descoñecemento, particularmente na nosa cidade de Ferrol.

Nomeaba as comunidades evanxélicas que coexisten aquí coas parroquias e comunidades relixiosas católicas: varias comunidades da Igrexa Evanxélica das "Asambleas de Hermanos", unha da Igrexa Evanxélica "Buenas Noticias", outra da "Iglesia Cristiana de la Renovación" e outra da "Iglesia Evangélica de Filadelfia" (ou misión xitana, popularmente os "Aleluyas", ou "el culto"); xa me desculparán se deixo algunha comunidade por nomear (agradecerei a súa información

Católicos e protestantes (2)

Victorino Pérez

no tfno. 981-318654, ou no e-mail: vitope@planalfa.es <mailto:vitope@planalfa.es>).

Na miña Axenda, a carón do santo do día, viña o pasado 18 de Febreiro outro que non é habitual no calendario católico, Martiño Lutero, o máis sobranceiro dos reformadores relixiosos que iniciaron no século XVI un camiño cristián á marxe da Igrexa católica, á que lle fixeran unha dura crítica, na que non lles faltaba razón.

Era o nacemento das "igrejas luteranas" (polo nome do seu líder, Lutero), as "reformadas",

"presbiterianas" ou "calvinistas" (Calvino) e a "Igrexa de Inglaterra", logo denominada "anglicana" ou "episcopaliana" (pola súa maneira de artellarse). En relación con estas igrejas están tamén todo un mundo de comunidades "bautistas", e outras igrejas xurdidas no século XIX ("pentecostais", adventistas", "quáqueros", etc.)

Era esta a segunda gran ruptura ou división no seo da Igrexa. A primeira fora séculos antes, coa ruptura entre Roma e Constantinopla (1054), que deu orixe ás denominadas "igrejas ortodoxas"

(grega, rusa, etc.), máis semellantes á igrexa católica; á marxe das pequenas diferencias doutrinais, a barreira máis importante cos católicos é a relación co Papa de Roma.

Parellas a estas, pero á marxe delas están a igrexa dos "armenios", a dos "sirios", os "coptos" e os "etíopes", herdeiros de vellas divisións ocasionadas nos primeiros séculos da Igrexa.

¿Como facer un camiño unidos na mesma fe en Xesús Cristo, o Salvador-Liberador, respetando diferencias? Camiño de "unidade", non de "uniformidade"; camiño de "ecumenismo", non de "unionismo" que pretenda reducir aos outros. Velaí o reto. Seguiremos falando.

DELOS

exposición
de pintura de

ALEJANDRO
CARRO

Tlf: 981 35 37 14
Fax: 981 35 37 16
R./Dolores, 35, baixo
15402 · FERROL

O Recanto

Católicos e protestantes (3)

Victorino Pérez

O verdadeiro reto para un bo ecumenismo cristián (facer un camiño unidos na mesma fe en Xesús Cristo, respectando a riqueza da diversidade) é superar o atranco das tentacións de "uniformidade", que pretenda afogar as diferencias, e de "unionismo", que pretenda reducir aos diferentes. Estas actitudes foron as que ocasionaron as grandes feridas históricas e deron lugar aos enfrontamentos máis violentos.

Non houbo na historia unha realidade máis demencial que as purgas relixiosas e as guerras de

relixión; elas representan, o meirande escándalo para crentes e non crentes. Particularmente, no caso dos cristiáns, foi o caso da represión realizada pola Inquisición nos países católicos, e a realizada por parte de luteranos, calvinistas e anglicanos nos países nos que estes controlaban o poder. Esta realidade violenta naci da intolerancia é o máis oposto ao espírito de Xesús de Nazaré expresado nos Evanxeos, e non ten xustificación algunha.

Hoxe xa non se dan habitualmente as mutuas pauliñas de ou-

trora (a "santa intransixencia" contra os "herexes protestantes", ou o desprezo dos "corrompidos papistas"). Con todo, un pastor protestante (Pedro Zamora) escribía recentemente que o protestantismo español manifesta un "unánime espírito antiecuménico" verbo dos católicos. Vin recentemente unha mostra nunha publicidade proselitista das comunidades evanxélicas galegas. O panfleto manifestaba, unha vez máis, o feito de que neste país de maioría católica a relación entre as distintas confesións cristiás

ven marcada polo mutuo descoñecemento despectivo (dicía cousas dos católicos que xa non son certas, polo menos por parte de todos) e pola desconfianza das minorías respecto da maioría, por medo a ser asimiladas por ela.

A meirande consecuencia disto paréceme que é o mutuo empobrecemento. A minoría evanxélica vaise empobrecendo (en teoloxía, en cultura, en desenvolvemento ...) por falla de medios, e a maioría católica é menos "católica" (universal) ao privarse da riqueza de ideas e persoas que poderían aportar esas minorías diferentes; ademais, isto representa un obstáculo para o acceso dos non crentes á fe nunha sociedade secularizada.

ADELOR

exposición
de pintura de

ALEJANDRO
CARRO

Tlf: 981 35 37 14

Fax: 981 35 37 16

R./Dolores. 35. baixo

15402 - FERROL

O Recanto

San Xosé, ademais de ser o día dos "Pepes" e as "Pepitas", é tamén desde hai tempo o "Día do Seminario". Falar de Seminario é falar dos curas, ou os cregos; aínda que a algúns lles parece máis respectuosa a verba "sacerdote", a min gústame máis a de "cura" (curador, sanador), que penso cada máis co espírito do Evanxeo. Tamén se usan as palabras "padre" e "pastor"; pero a primeira cádrame pouco co que dixo Xesús ("Non chamedes a ninguén pai... porque un só é o voso Pai") e a segunda identifica máis aos que exercen ese ministerio entre as igrexas evanxélicas.

Nos últimos Recantos vin falando da cativa, pero necesaria, relación entre cristiáns católicos

Un cura e un pastor

Victorino Pérez Prieto

e protestantes, e esta semana tiveron o casión de subsanar un pouco esta carencia nun grato encontro cun dos seus pastores na nosa cidade, Segundo Navaza, pastor da Igrexa Evanxélica "Buenas Noticias", que está no barrio de Canido.

Como non era de extrañar, o encontro foi cordial e natural, como se foramos amigos de vello, aínda que só nos coñeciamos vagamente.

Unfannos moitas cousas: a fe no mesmo Xesús Cristo, a mesma aposta solidaria por un mundo máis fraterno, acorde co Reino

que Deus quere, facer esa aposta en Galiza en galego... O que podería separarnos, ser el un pastor evanxélico e eu un cura católico, esvaíase coma o fume. Nin levabamos "atributos" exteriores que manifestaran esa identidade, nin a nosa linguaxe denotaba gran diferenza. Eramos uns cidadáns máis parolando amigablemente nunha cafetería.

Falamos de que os pastores e os curas "novos" deste país (mesmo os xa corentóns...) non medramos naquel ambiente da posguerra e os anos cincuenta, viciado polo enfrontamento hostil en-

tre católicos e protestantes, senón no mutuo respecto e acollida cordial.

Desde os nosos anos de estudio xa respiramos o talante tolerante que abriu o Concilio Vaticano II coas súas manifestacións verbo da necesaria liberdade relixiosa e un aberto ecumenismo (docs. "Unitatis redintegratio" e "Lumen gentium").

Lamentamos que aínda queden algúns remorsos nos máis vellos, pero Segundo falou tamén de como algún dos curas de Ferrol con máis anos (Fernando Porta) acolleran cordialmente a súa comunidade evanxélica prestándolles os locais parroquias, cando estaban nos seus comezos nesta cidade. Así se fai ecumenismo.

ADELLOS

exposición
de pintura de

ALEJANDRO
CARRO

Tel: 981 35 37 14

Fax: 981 35 37 16

R./Dolores. 35. baixo

15402 · FERROL

O Recanto

Xa teño falado de poesía nun anterior Recanto (27-VI-99), para salientar que lonxe de ser algo inútil, puro sentimentalismo, linguaxe allea á realidade e ocupada en cousas etéreas... a poesía é a forma máis sublime da linguaxe; por iso os bos poetas (literalmente "creadores") sempre foron respeitados polos seus pobos. Mesmo non faltará quen desprece a linguaxe relixiosa por ser ... poesía. En troques, poesía e teoloxía son dúas linguaxes que representan a máis fonda esculca da realidade; cando non se converten en "el coro de los grillos que cantan a la luna", que dicía Machado, ou en palabras mentireiras sobre o Misterio.

Por iso poesía e fe estiveron vencelladas desde as orixes da cultura. Non é só o

caso dos fermosísimos versos cos que nos regalaron moitos libros da Biblia xudeocristiá ("Cantar dos Cantares", "Salmos", libros de profetas como Isafas e Oseas...), senón tamén escritos sagrados máis antigos coma o "Enuma Elis", textos do antigo Exipto ("Himno a Atón"...), do hinduísmo (os libros dos Vedas, os "Upanishads"...), etc.

Sempre foi pouco doado expresar a fondura da realidade, e moito máis expresar o Misterio, o "innomeable" que supera tódalas nosas expresións. Por iso, a linguaxe poética, a linguaxe da imaxe (alegoría,

Poesía e fe

Victorino Pérez

metáfora, narración...), sempre foi máis apta para dicir Deus que ningunha outra. Cando a linguaxe pretendeu encadrar a Deus en conceptos presuntamente claros e chatamente racionais, sempre o empequeneceu. Velaí a limitación dos dogmas de tódalas relixións, e a necesidade de reformulalos constantemente.

Por outra banda, a linguaxe relixiosa foi moitas veces unha palabra alienada e aínda encubridora e falseadora da Verdade, polo que deixou de ser significativa para os homes e mulleres de hoxe. En troques, os verdadeiros mensaxeiros

dunha fe relixiosa sana e liberadora, son os profetas; do mesmo xeito que os bos poetas adoitan ser xente libre, apaixonada pola verdade e a xustiza.

"No principio existía a Poesía/ e a Poesía estaba onda Deus/ e a Poesía era Deus", así escribe Xosé Antón Miguélez-cura, teólogo e poeta- en "Profecía dun Capitán Trono", un libro que vai presentar este luns día 10, ás 8 da tarde, na Galería Sargadelos da nosa cidade. Este "poeta que fai teoloxía", ou "teólogo que fai poesía", non é un autor novel, como testemuñan os centos de páxinas que leva publicado en revistas e libros, senón un escritor de madura pluma, e unha persoa consecuentemente comprometida co seu pobo.

O Recanto

Chegou outra vez a Semana Santa, coas súas procesións e a súas vacacións; no Caribe, nas Canarias ou na costa mediterránea. Pero chegou tamén coa insubornable memoria subversiva do Crucificado.

Neste comezo do terceiro milenio ou final do segundo, palabras coma "subversión" xa soan a trasnoitadas no noso Primeiro Mundo democrático e avanzado. Os postmodernos encargáronse de dicirmos que tras de tódalas subversións sempre viñeron cousas peores, e que mellor era non querer cambiar moito o mundo. E os teóricos do capitalismo dixéronnos que estabamos xa no "fin da historia", e que non se podía agardar por outro sistema mellor. "Subversión" veu ser unha palabra "heavy", nun mundo "ligh"; búscase limar as arestas

e presentar o aspecto mol e amable da realidade.

Pola mesma, un cristianismo e unha fe relixiosa esixente non interesa; mellor unha "relixión á carta". Pode valer mesmo a relixión cristiá, pero sempre que eu a poida adaptar como mellor me cadre. Para os máis exóticos, un budismo mol que busca só a relaxación, sen meirandes compromisos transcendentales.

Tamén pode valer a relixiosidade tradicional, por aquilo do folclore e se acaso o respecto dos valores ancestrais, pero sempre que non cuestione moito. Por iso val a traxedia lacrimóxena dos

pasos procesionais da Semana Santa, aínda que haxa tamén nela unha piedade popular moitas veces ben auténtica.

Sen embargo, a memoria do Crucificado segue a ser unha memoria crítica e subversiva dos valores dun orde inxusto. Segue a ser, hoxe coma onte, a memoria do Xusto axustizado; axustizado por ser xusto precisamente, por non tragar a mentira e berrar a súa insubornable verdade. A memoria do Nazareno segue a ser cada ano, no camiño dos Ramos á Pascua, a memoria dun amor que non é de cor rosa, senón de cor vermello coma o viño compartido e coma o sangue que se entrega ata a fin.

Un amor vinculado á palabra irmán e á palabra solidariedade (tan moderna coma desvirtuada), á palabra entrega e á palabra servicio gratuito.

Non é unha traxedia sen saída, senón un drama con final esperanzador. A memoria do Crucificado convértese para os crentes na celebración da victoria do Cristo Resucitado que manifesta radicalmente o convencemento de que, ao remate, "o asasino non vai trunfar sobre a vítima".

A palabra final non é de morte, senón de vida. A existencia humana non é unha burla trágica, senón un proxecto de esperanza.

A memoria subversiva da Semana Santa

Victorino Pérez

Diario de Ferrol, 23 Abril 2000

O Recanto

¿“Facerlle a un a pascua” ou “Ir coma unhas pascuas”?

Victorino Pérez

Lembro coma un dos máis traballosos esforzos nos meus anos de profesor de Relixión no Instituto, facerlles comprender e aprender aos alumnos o significado da Pascua. A verba soáballes tan so polo dos “hovos de pascua”, aínda que non sabían moi ben a que viñan. Descubríñ tamén cedo que outro tanto ocorría coa comprensión popular, como manifesta a variedade e contradicción de sentidos populares que ten a verba “pascua”. Tanto val para dicir “facerlle a un a pascua”, no sentido de amolar a un, ou levar “cara de pascua”, no sentido de ir moi serio; como no caso de ir ledo “coma unhas pascuas”, ou dicir “santas pascuas”, no sentido de que concluíu un asunto.

Esta “católica” España, que celebra aínda con solemnidade a Semana Santa nas rúas das súas cidades –e na nosa de Ferrol sobranceiramente– semella descoñecer maiormente o significado da Pascua, cando aquela non ten sentido algún sen esta. A Pascua quedou desvirtuada por unha ideoloxía da Cruz, vencellada ao sufrimento e a morte. En troques, é absurda a Cruz sen a Resurrección, quedase en masoquismo ou pura sensiblería lacrimóxena. ¿Cantos saben realmente o sentido e significado da Pascua e poderían explicar que é o “Triduo Pascual”? ¿Será que iso das procesións é xa para a maioría da xente máis cousa de folclore, ou turismo, ou, se acaso, a expresión dun

confuso sentimento relixioso, que a vivencia dunha fe cristiá madura?

O fundamento da fe cristiá é precisamente o que chamamos “misterio pascual”. Ou sexa, a fe en Xesús Cristo coma o Enviado do Pai Deus, que chegou ata a morte nun proceso de amor consecuente coa xente do seu tempo, símbolo do compromiso liberador con tódolos oprimidos da historia, en loita contra a forza do pecado (o mal), e resucitado para a nosa salvación pola forza do Espírito. Así o proclamou Pedro na primeira predication cristiá da historia, na mañá de Pentecoste.

A verba “Pascua” (do arameo “pascha”) significa pasar perdoando. Na fe bíblica,

lavé “pasou” unha noite polas casas dos xudeus en Exipto liberando aos israelitas da escravitude dos exipcios. E a fe cristiá centra o misterio pascual no “paso” da morte a vida de Xesús Cristo, o Mestre de Nazaret, o Mesías liberador; o Crucificado, o maldito, convértese no Resucitado que abre para tódolos homes e muller un camiño da Vida, aquí e alén da morte.

Isto é o que tentamos vivir e celebrar os católicos –cargados coas nosas contradicións– nas nosas respectivas parroquias, cando facemos a festa máis importante do ano: a Pascua. Facémolo na leda Vixilia Pascual e na Misa do Domingo de Pascua. Oxalá tiveramos cada día máis cara de “pascua florida”.

O Recanto

Liam Neeson, os católicos e os protestantes

Victorino Pérez

Liam Neeson é un actor irlandés ben coñecido dos amantes do cinema polos seus traballos en numerosas películas que pretenden algo máis que entreter ao espectador. Foi un ousado xesuíta defensor dos indíxenas en "A Misión", de R. Joffé; o protagonista de "A lista de Schindler", de S. Spielberg; o líder independentista en "Michel Collins", etc.

Quizais non sexa tan coñecido que este magnífico actor se declara católico practicante, cousa bastante habitual sendo irlandés. Falo del nesta ocasión porque o actor rexeitou o nomeamento de cidadán de honor da súa vila natal irlandesa, porque algúns políticos da comunidade protestante cren que non merece tal honor

polos comentarios que fixo a unha revista norteamericana, segundo informou o diario británico "The Independent". As críticas viñan do Partido Unionista Democrático, liderado polo coñecido protestante integrista Ian Paisley. Lian Neeson dixo na revista: "Mentres medraba, tiña o sentimento de que nós, os católicos, eramos cidadáns de segunda categoría. Só o racionalicei cando cheguei á idade dos 19 anos, e empecei a analízalo lendo a historia do noso país". A actitude do Partido Unionista demostra precisamente que as declaracións de Neeson están fundamentadas. Nun fax enviado ao concello da súa cidade, o actor asegurou que apreciaba o ofrecemento que lle fan, pero que non

pode aceptalo pola oposición dun sector.

A noticia manifesta unha vez máis a realidade da sociedade nordirlandesa, cos irreconciliables enfrontamentos político-relixiosos entre os católicos, que se senten irlandeses, e os protestantes que prefiren máis ser ingleses.

O máis curioso é que eu recibín a noticia precisamente a través do e-mail dunha axencia evanxélica española, que manifestaba o apoio dos protestantes españois ao actor, en desacordo cos seus correligionarios integristas irlandeses.

Un pastor evanxélico da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España —que integra á meirande parte das Igrexas protestantes— cualificou de ab-

surda a postura do Partido Unionista, acusándoo de falta de tolerancia: "É triste que a relixión sexa fonte de intolerancia, no canto de cumprir os seus fins de comprensión e achegamento a todos, especialmente aos que son diferentes"; logo expresou o apoio dos evanxélicos españois aos protestantes irlandeses que se distanciaron dos políticos unionistas que criticaron ao actor. Seguramente non influíu pouco nestas manifestacións o feito de que tamén os protestantes españois teñen o sentimento de que son "cidadáns de segunda categoría".

Neste país declararse protestante está aínda peor visto que declararse agnóstico ou ateo.

O Recanto

Unhas pedriñas para botar abaixo un sistema inxusto

Victorino Pérez

A historia dun mociño xudeu chamado David, que venceu cunha pedriña a un xigante chamado Goliath, quedou na Biblia como a imaxe dun Deus que está de parte dos febles, e fai que o imposible poida ser realidade. O Goliath moderno é o capitalismo liberal, que domina o mundo con ese invento da globalización. Este sistema produciu e produce máis pobres que ningún outro da historia, afondando o abismo entre ricos e pobres.

Xa dixeran hai ben anos Keynes, un dos seus meirandes teóricos, que "o capitalismo é inmoral e debe selo para poder manterse". E anos despois outro dos seus mentores, Hayek, xustificaba o espírito desapiadado do sistema dicindo que "non

hai progreso sen vítimas". No colmo do cinismo, o razoamento capitalista argúe, que "a solidariedade é una pexa para a economía" (as pexas pónenselles ás bestas para que non anden de máis). Pero outros rebelámonos contra este razoamento cínico, e preferimos poñernos cos que o sistema marxina por insignificantes e "irrecuperables"; eses que, na globalización capitalista dos ricos, non semella podan ter outro futuro que desaparecer. Pensamos que, como dixo Emmanuel Mounier, "a verdade vive no mundo dos pobres". Coas súas palabras, isto era o que nos lembraban recentemente o teólogo peruano Gustavo Gutiérrez e o cura periodista Julián del Olmo. Este último

fixoo na nosa cidade de Ferrol, con ocasión da presentación da renovada revista "Caritas", que leva xa de máis de 400 números sendo o portavoz dese movemento da Igrexa, que sen dúbida é dos máis respectados dela, pola súa aposta polos máis febles, segundo o lema "Caritas traballa pola xustiza". Gustavo Gutiérrez facíao en Vigo, no "IX Congreso Xustiza e Paz", que este ano quería axudarnos aos cristiáns a situarnos ante a globalización. "A globalización é fascinante para uns poucos e cruel para a maioría", recordounos o teólogo peruano, pai da Teoloxía da Liberación. Cómprenos volver á utopía bíblica de David, sabendo que podemos vencer ao xigante da economía neoliberal coas

nosas pequenas pedriñas, utilizadas sabiamente.

No Evanxeo atopamos "pedriñas que poden botar abaixo o mundo complexo da economía liberal inxusta", dixo. Algunhas desas pedriñas sabias son historias como a do "6bólo da viúva", que nos aprende a "ver", sabendo situarnos no lugar adecuado; o cego Bartimeo, que nos aprende a "escoitar" aos pobres, como Xesús; a dos discípulos de Emaús, que nos aprende a "acompañar"; ou a da multiplicación dos pans e os peixes, o milagre do "compartir". "Se neste mundo inmoral de maltrato dos pobres viviríamos a sinxela evanxélica, seríamos todos Bartimeo que recuperaríamos a vista".

O Recanto

Traía a semana pasada ao "Recanto" estas expresivas verbas de Keynes —teórico do capitalismo liberal— "o capitalismo é inmoral e debe selo para poder manterse"; e estas de Hayek, outro dos seus mentores, que xustificaba cínicamente o espírito despiadado do sistema dicindo que "non hai progreso sen vítimas".

Por se a alguén lle soan a demagogia, ou referidas só a aqueles que quedan completamente á marxe da sociedade, quería completalas con algo que nos toca moi de preto: a precariedade do traballo nas nosas sociedades avanzadas, manifestada sobre todo no crecemento dos accidentes laborais. "Por un traballo sen vítimas" é o lema dunha campaña da HOAC, que convoca para este venres 19

Traballar para vivir

Victorino Pérez

unha mesa redonda no Centro Cívico de Caranza ás 8 da tarde, coa participación dunha avogada, un líder sindical e este que escribe.

Resulta paradoxal o contraste existente entre a gran capacidade técnica do momento presente e a situación de falla de seguridade e saúde no traballo, pero é ben expresivo da dinámica que move o sistema productivo capitalista. Con razón a OIT (Organización Internacional do Traballo) cualifica a situación dos accidentes e as enfermidades laborais como unha "hecatombe": cada ano prodúcese máis dun millón de mortes nos 250 mi-

llóns de accidentes laborais; destas, máis de mil son en España nos 753.000 accidentes (datos de 1998, que van en aumento). Pero máis da metade poderíanse salvar só con usar medidas de seguridade.

Sen dúbida, é unha situación que "clama ao ceo", sobre todo, cando se sabe que ven causada polo espírito productivista, marcado pola máxima rendibilidade económica. Isto maniféstase nos contratos temporais (os de máis risco laboral), a precariedade das condicións de traballo e o incumprimento por parte dos empresarios da Lei de Prevención de Riscos Labo-

rais. Organizar o traballo só ou fundamentalmente dende a rendibilidade económica, é para un cristián un camiño de morte.

Por iso, oponse ao valor sagrado da vida humana, tanto coma o asasinato a sangue fría dos terroristas ou dos narcotraficantes. Este valor da vida, que defendemos os cristiáns xunto con outras moitas persoas, manifesta que a dignidade do ser humano é infinitamente maior que o valor das cousas. O traballo é un ben da persoa, que está en función dunha vida digna, persoal e comunitaria.

O traballo é para vivir, non para morrer. E "a gloria de Deus é que o ser humano teña vida", non que morra, como dixo San Ireneo —un dos primeiros teólogos cristiáns— hai xa dezasete séculos.

O Recanto

José Antonio "o alemán" é un mozo drogodependente, algo que non é desgraciadamente moi estraño entre nós. Naceu nunha familia desestructurada, como adoita ocorrer en tantos casos semellantes. Pais emigrantes en Alemaña moitos anos, polo que tivo que criarse só cos avós, nun barrio da capital ourensá; estivo tamén uns anos cos pais na emigración, de onde lle ven o alcume de "o alemán"; logo os pais separáronse... Ademais, o pai e un tío son alcohólicos... "O alemán" empezou co alcohol, seguiu cos porros e outras drogas, rematando en ganchado ao cabalo (heroína). Nada de particular, bastante habitual.

José Antonio tivo interese en desintoxicarse e desengancharse dese mundo e probou, sen éxito, con varios proxectos de

recuperación de drogodependentes. Chegou a facer "Proxecto Home", o programa que ten no seu haber máis porcentaxe de éxitos, pero... volveu consumir. Agora está moi deteriorado, pero insiste en que quere curarse e "saír" definitivamente diso, "buscar alternativas". Mesmo, non esqueceu de todo os hábitos de orde e limpeza que lle inculcaron en "Proxecto Home" e anda limpo, tamén colabora solidaria e activamente nun comité cidadán anti-SIDA.

Eu podería contar ducias de casos semellantes, do meu barrio e doutros da ci-

Eles tamén son eu

Victorino Pérez

dade; podería falar dos seus esforzos por saír e dos meus esforzos por axudarlles, da súa impotencia e da miña impotencia nese camiño. Pero tamén podería falar da hipocrisía dos que se cren mellores; pensan que eles son só un "problema" e desprezan aos "drojadictos" como a escoura da sociedade.

Estes esquecen que, en realidade, a verdade é sempre global, como as enfermidades; pois cando aparece un quiste infeccioso, é sempre expresión da realidade dun organismo enfermo. Esquecen que "eles tamén son eu", como adoita di-

cir un meu amigo cura.

É o que os biblistas chaman "efecto David". O profeta Natán foi contarlle ao rei David a historia tremenda dun home rico que tiñan grandes rebaños e que un día lle roubou a un home pobre a única ovella que tiña; logo díxolle Natán a David: "Ti es ese home" (2 Sam 12). O que aparece nos meus amigos drogodependentes cunha vida estragada é só un espello do que eu son e do que é a miña sociedade; un espello do meu pecado, do pecado da miña Igrexa e da miña sociedade. Esta "chútase" co fútbol ou co "Gran Hermano", e a miña Igrexa "chútase" coas súas devocións e sacramentos trivializados.

¿Quen ten a forza moral de Xesús para dicirlle ao cego Bartimeo: "¡Érguete!... salvoute a túa fe" (Mc 10,46-52)?

O Recanto

"Eu aínda seguía luchando por el"

Victorino Pérez Prieto

Hai tres meses enterramos ao Monchito. Era un veciño do meu barrio, que vivía só nun piso dun portal da miña mesma rúa. Trinta e un anos, drogodependente desde había xa bastantes. Ato- párono morto no cuarto de baño do seu piso.

Monchito xa o levaba moi mal nas últimas semanas, nas que non saía nada da casa polo deterioro físico e por non atoparse coa policía. A poucos nos estrañou o desenlace, pero sentímolos.

Monchito era un home moi particular, tanto no seu xeito de vestir como no de actuar. Saudábame moi cortesmente sempre que me vía; aínda que non podía

falar moito porque lle fixeran unha traqueotomía hai anos a causa -segundo me contaron- dunha malleira que lle deron nun axuste de contas, deixándoo coma morto detrás dunha igrexa.

Os seus colegas foron ao enterro, como gran parte do barrio; pero os mozos non foron ao funeral, agás uns poucos.

Habitual. A min impresionoume particularmente "O Carrancha", un colega seu que vive no mesmo portal; apertaba o caddaleito, chorando, antes de metelo no nicho, coma se fora un seu irmán. Pero impresionoume aínda máis a nai de Monchito, Maruja. Os pais do meu veciño tiveran que aturar máis do que era normal

a mala vida do fillo; mesmo, nalgúns ocasións, malos tratos por parte de Monchito, a pesar da axuda que lle prestaban. Pero, a pesar de todo, eles seguían querendo ao seu fillo.

"El non lle era malo, pero tivo moi mala sorte", dicíame Maruja no tanatorio. "Unha nai nunca deixa de quererlle ao seu fillo, faga o que faga". "Eu aínda seguía luchando por el, para que se curase", dicíame entre saloucos.

E eu lembraba as bagoas e o amor de Candelaria polo seu neto, Yaco. A nai de Yaco morreu cando era pequeno, quedando el e máis a súa irmá, Paula, ao coidado da avoa, pois o pai, salientable pintor de

cabalete, volveu casar e instalouse nunha cidade de Levante. Candelaria era unha muller loitadora e crente; noutra ocasión haberá que traer aquí, con delicadeza e amor, a impresionante historia desta muller que un mariño trouxo de Canarias e que ficou enterrada no cemiterio de Catabois.

Candelaria, Paula e máis eu loitamos denodadamente porque Yaco, un mozo espabilado coma un chispa, saíra da súa drogodependencia e se integrara nunha sociedade da que se puxera á marxe. Consequimos que fixera os dous anos de "Proxecto Home". Yaco ten sempre moi presente o amor, a entrega e as bagoas da súa avoa.

Eu lembraba tamén as verbas de Xesús de Nazaré: "Mulleres de Xerusalén, non choredes por min: chorade máis ben por vós e polos vosos fillos..." (Lc 23,28).

O Recanto

A historia de Rut e Noemí é das máis fermosas da Biblia. O libro de Rut é un deses tesouros literarios e espirituais desgraciadamente descoñecidos para moitos, que foi chamado con moita razón "evanxeo da muller". Ademais de ser un "libro de mulleres", pois as súas protagonistas son Noemí e Rut (en hebreo "amiga, chea"), Rut é o símbolo do ser humano espiritual: liga a súa vida a unha amizade e a unha fe e non a unha terra.

Rut ven ser modelo de amor gratuíto e de fidelidade, manifestada sobranceiramente nunhas fermosísimas palabras súas: "Non me pidas que te deixe, que me arrede de onda ti, pois, a onde vaías ti, irei tamén eu, e onde te acollas, acollerei-me eu contigo; o teu pobo será o meu pobo, e o teu Deus será o meu Deus" (Rut 1,16-17). Estas verbas de Rut, unha es-

tranxeira moabita, ían dirixidas á súa sogra Noemí, israelita, cando esta lle di que volva para a súa terra, pois xa non ten nada que ofrecerlle, morto o seu home e os seus fillos. A fermosa frase púxo a de actualidade a magnífica película "Tomates verdes fritos".

A historia de Noemí e Rut víñame á mente no recordo de Mari e Mariví. Mari era unha muller nova de San Xoán que enterramos hai uns meses; finou despois dun longo e dooroso cancro un ano escaso despois de enterrar por razóns semellantes a súa nai, Maruja.

Nai e filla eran unhas mulleres excelentes, boas, sensibles e moi crentes.

Rut e Noemí

Victorino Pérez Prieto

Ademais, Mari era unha muller culta, licenciada en Clásicas, que tivera que pedir a excedencia no traballo de profesora a causa da enfermidade da nai e a propia.

Eu tiven a sorte de compartir a amizade de ambas nos últimos tempos, visitándolas repetidamente; sempre me sentín na súa casa moi acollido e agradecido.

O home de Maruja morrera había anos, Mari non tiña irmáns nin marido, polo que estaban soas de familia, agás algúns tíos e primos.

Desde había tempo, pero sobre todo desde a morte de Maruja, a persoa máis permanente na casa era Mariví, unha

grande amiga de Mari e da súa nai. Ela foi a que coidou día e noite a Mari ata o seu derradeiro alento.

As verbas de Rut acaíanlle magnificamente a Mariví: "Non me pidas que te deixe, que me arrede de onda ti...". Na súa amizade, Mariví deixou por un tempo a súa casa, a súa terra lucense e os seus estudos (que concluíu brillantemente); compartiu completamente a vida de Mari, mesmo a súa fe ("... o teu Deus será o meu Deus"), ela que estivera bastantes anos afastada da práctica relixiosa, como é habitual en gran parte da xente da emigración, e vivira moitos anos en Francia, cos seus pais.

Mari e Mariví acabaron participando xuntas no grupo de Biblia da parroquia, enriquecéndonos a todos coa súa vida e a súa fe.

O Recanto

“Tomar la comunión”

Victorino Pérez Prieto

Lúa hai uns días en "El País"(2-VI-00) nun artigo con forma de presunto "Diario": "Mi hijo vino del colegio diciendo que quería tomar la primera comunión y a mi marido le pareció bien... Le recordé que éramos ateos... y que el niño estaba sin bautizar, pero él ya lo tenía todo arreglado con un sacerdote que ha montado una especie de industria especializada en bautizar a hijos de ateos reconvertidos en agnósticos. Por lo visto hay una demanda enorme.

Durante la cena sacaron el tema del uniforme...El niño dijo que lo lógico es que fuera de almirante... Y yo le dije que me explicara las conexiones lógicas entre el almirantazgo y el sacramento de la eucaristía...Para no hacerle daño cedí y ahora soy una madre agnóstica con un hijo

almirante de diez años". ¡Xenial! Había tempo que non lía unha análise tan lúcida da farsa na que veu converterse algo tan valioso para os cristiáns como é o sacramento da eucaristía.

Para empezar, paréceme que non é casual a re conversión da tradicional expresión "comulgar", en "tomar la comunión". Non falta quen diga "tomar la galleta"... porque non coñece a palabra anterior, e o de "tomar a hostia" sóalle a que lle dean unha h... das outras.

O verdadeiro sentido de "comulgar" ten menos que ver con "tomar" nada, que con "entrar en comunión" ou relación profunda con alguén. Cando un cristián consciente de cal é a súa fe, e non un que é "cristián" como podía ser... animista, se achega ao sacramento da eucaristía, que-

re entrar en comunión fonda con Xesús Cristo resucitado, que dixo: "Eu son... o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo" (Xn 6,49-51). Palabras baleiras para quen non ten a fe cristiá; pura mitoloxía para un agnóstico/ateo moderno. Pero palabras de vida para un crente cristián. De aí a tremenda contradicción de manter unha práctica que perdeu o seu sentido para a xente que non ten esta fe, tan só porque "aínda se leva" e queda mal non facelo, ou "o neno pode traumatizarse". Logo está o ridículo dos "uniformes" cos que compre achegarse ese día ante o altar, os gastos desmesurados dos banquetes, etc.

Ben distinto é o caso dos pais -crentes

ou non crentes- que levan o seu fillo á catequese da parroquia, porque están convencidos de que é unha boa cousa para el ser iniciado na fe e nos valores cristiáns; e, despois de dous ou tres anos, este participa cos seus compañeiros por vez primeira ~~na~~ no sacramento, para continuar facéndoo con máis ou menos asiduidade cada domingo.

As distintas formas son secundarias; mesmo o feito de ter bautizado ao fillo cando era un bebé, ou agardar a que recibira primeiro esa mínima iniciación na fe para ser algo consciente dese bautismo. O fundamental é a actitude honrada, que vai máis aló do folclore relixioso banal que tantas veces rodea as comunións, e que pon a proba a paciencia de tantos bos párrocos.

O Recanto

¿Porque “me apetece” ou porque “debo”?

Victorino Pérez Prieto

Hai unhas semanas lía a Rosa Montero reivindicando algo tan importante como “pasado de moda”: o sentido do deber. A xornalista e escritora empezaba pedindo desculpas por se o que ía dicir soaba a “perorata antiga”.

Con todo, afirmaba rotunda algo que semella xa non poden dicir nin os curas: “Hoxe ninguén fala do sentido do deber, e, o que é peor, ninguén educa aos nenos no sentido do deber” (E.P. 6-VI-00).

Seguía a escritora facendo un retrato da actual realidade educativa e social, que poño tal como o escribía, por non perder os matices: “Nuestra imagen de la realidad, el modelo que transmitimos y en el que nos miramos, es una algarabía bobalicona y blanda, un sucedáneo de felicidad en sesión continua.... No sabemos

acceptar los sinsabores, la inevitable escocadura del vivir. Se nos ha atrofiado el músculo de la entereza; habitamos en la pereza moral y en la futilidad”.

Toda unha declaración de principios éticos, tan fundamentais como pouco doados de transmitir neste mundo no que a felicidade é acadar un “corpo danone” e beber “a chispa da vida”.

A escritora falaba da necesaria “ximnasia ética” para vivir nun mundo “con sentido”; ao que eu engado que non é o mesmo que “consentido”...

Un está cheo da “xeración do yogurte” e dos nenos/as e mozos/as light, consentidos... –“¡pobriños!”– aos que non se lles pode esixir nada, porque “poden traumatizarse”.

Entre os meus esforzos máis ímprobos

no traballo educador e evanxelizador, está axudarlle a comprender á xente que as cousas importantes –se realmente un chega a comprender que o son– compre facelas porque “se deben facer” e non “porque me apetece”.

Igual que un traballa –cando ten acceso a ese dereito inalienable– para gañarse o pan de cada día e para construír un mundo máis digno, porque “debe facelo”, porque é a súa responsabilidade de adulto –coa súa familia, cos amigos e veciños, coa sociedade– e non só porque “lle apetece”.

Un cristián, se é consciente da súa identidade cristiá, e non ten unha “relixión á carta” indefinida e amorfa, asume responsabilidade con Deus e coa súa comunidade eclesial, responsabilidade que tenta cumprir, porque non é un neno ca-

prichoso. Si, digo ben “responsabilidades”, “obrigacións”, que nacen da fe e a liberdade responsables, como nacen do amor e a amizade responsable; os irresponsables non son capaces nin de tentar cumprir os compromisos que asumen. E digo ben “tentar” facelos...que todos somos inconsecuentes moitas veces en a maior ou menor medida.

“Eu vou a Misa cando me apetece”, escoita un en reunións coma un disco raído.

E eu digo rotundo: Eu “cando me apetece” tómomeme un xelado, pero as cousas importantes da miña vida –e a Misa éo para min, xunto con outras cousas, como cristián adulto que pretendo ser– fágoas porque “debo facelas”, tanto se me apetece ou non, aínda que procure ser feliz facéndolas.

Como procura un ser responsable e feliz no traballo, vivir honradamente, rebelarse contra a inxustiza e atender á xente... cando lle apetece e tamén cando non.

O Recanto

A Igrexa católica, entre o ridículo e a caridade

Victorino Pérez Prieto

Anoticia dos bispos brasileiros "permitindo" o uso do preservativo nas relacións sexuais, sobre todo nos casos de perigo de transmisión da SIDA, e logo a contranoticia retractándose do dito, tras da chamada de atención do Vaticano porque seica esa "permisión" contradí a moral católica, que prohibiría tódolos métodos artificiais de control da natalidade-pon unha vez máis á Igrexa no ridículo público.

Seica os bispos brasileiros rectificaron as súas declaracións iniciais dicindo que se referían exclusivamente aos "non católicos". Non é de estrañar que un periódico comentara que a lectura desa declaración episcopal espertou "hilaridade nos periodistas presentes".

Con bastante máis sensatez e liberda-

de o bispo Pedro Casaldáliga -poeta e profeta, varias veces candidato ao Premio Nobel de la Paz- dixo a ese periódico: "Pero, home, que necesidade van ter os non católicos de que os bispos lles autorizemos a usar ou non o condón. Claro que se referían aos católicos...". Logo engadiu, con mellor perspectiva moral: "A vida é o primeiro, e non se pode poñer en perigo por non poder usar un preservativo". Outro tanto dixo o arcebispo emérito Paulo Evaristo Arns: "Xesús Cristo non quere que haxa persoas contaminadas da SIDA, e nunca tería prohibido o condón existindo perigo para a vida".

Por unha banda, está o tema da sexualidade, unha das eternas materias pendentes da Igrexa católica, na que o seu desfase a respecto da marcha da socieda-

de é abismal. Empecínase en manter posturas arcaicas e intolerantes que chegan ata o ridículo, como é este caso. Unhas posturas que están levando a que á meirande parte dos seus fieis lles importe un bleo o que diga ou deixe de dicir a xerarquía eclesiástica respecto da sexualidade. Esta xerarquía semella esquecer que o que realmente ten que ver cunha moral sexual evanxélica é encadrala no marco do amor e da procreación responsable, non tal ou cal método...

Pero está tamén o tema da caridade, que é aínda máis grave, pois atinxe ao miolo do camiño cristián. A isto se referían as declaracións dos bispos aludidos; Casaldáliga engadía valentemente: "Estamos volvendo ao tema dos leprosos na vida de Cristo. Esquece o Vaticano que

Xesús estivo sempre a favor dos contaminados, e que a única contaminación que perseguiu e condenou foi a da hipocrisía, o orgullo e o fundamentalismo relixioso".

No "Día da Caridade", que se celebra este domingo, non está de máis ter en conta, tamén, esta realidade. Porque o verdadeiro amor de caridade non é só dar unha esmola, ou axudar en certos aspectos á promoción dos máis pobres. Caridade ten que ver co amor político que busca a xustiza social para os máis empobrecidos, e ten que ver co amor compasivo na loita pola vida, sobre a lei morta. Caridade ten que ver con poñerse a carón dos excluídos contra todo o que os exclúe. A xerarquía eclesiástica, tan defensora da vida nalgúns aspectos, non debería esquecer estes outros.

O Recanto

Un virus no programa eclesiástico

Victorino Pérez Prieto

Non vou falar hoxe de ordenadores, aínda que hai unhas semanas ata a miña nai me chamou angustiosamente por teléfono para dicirme que tivera coitado, non fora ser que me entrara no meu algún deses virus tremendos dos que falaba a tele, que seica se comen todo...

Non, o titular venme suxerido por unha frase que veño de coller da páxina de Internet de "Partenia", unha "diocese virtual" rexida por un bispo francés expedientado polo Vaticano, Jacques Gaillot, por non ser abondo obediente ás directrices romanas e non seguir a pauta marcada polos seus colegas no episcopado. Para os que saben menos destas cousas da informática, aclárolles que isto de "virtual" non ten que ver con "virtude", senón coa realidade creada desde o mundo da tec-

noloxía informática, unha realidade que existe na interconexión entre os ordenadores, máis que no mundo que pisamos cada día.

Con todo, aínda que Partenia é unha realidade "virtual" (unha diocese sen catedral nen territorio), é tamén ben "real", chea de miles de persoas ben reais espalladas polo mundo enteiro, que teñen a Monseñor Gaillot coma o seu bispo. Un bispo para eles exemplar, xenuína expresión dun cristianismo que bebe na entraña do Evanxeo, aínda que cante "extra chorum", como lle recriminou o papa Xoán Paulo II hai uns anos, cando lle sacou a súa diocese real de Evreux, preto de París. Díxose que Jacques Gaillot cantaba nos medios de comunicación fora do coro dos seus colegas episcopais. Pouco importaba que o coro cantara desafinado,

ou que os cantores desertaran das igrexas", ven de comentar o presidente da asociación "Partenia 2000". Máis aínda, para os fieis virtuais e reais de Partenia, o problema é saber que "falsa nota puido emitir Jacques Gaillot, con relación á partitura inicial, o Evanxeo".

En realidade, non hai tal incógnita, pois saben moi ben, que o conflito deste bispo francés que se define como "bispo dos excluídos", está precisamente en poñerse de lado dos que a Igrexa e a sociedade exclúen, máis que do lado dos que exercen esa exclusión. Tanto se son os inmigrantes "sen papeis", os "ocupas", ou calquera tirado da rúa... coma os divorciados que a Igrexa non admite á comunión, ou os homosexuais, ou calquera persoa "en situación irregular".

Os fieis de Partenia saben ben que Xe-

sús de Nazaré rompe as ligaduras servís ás autoridades que oprimen; queren unha relixión "diferente da dos Grandes Sacerdotes, protectores do Templo", da autoridade "que pon muros contra toda evolución".

Saben que a historia da Igrexa non a escriben só os bispos submisos e os teólogos oficiais, senón tódolos cristiáns.

Por iso, "con Gaillot, escorregouse un virus no formateado", no programa unificador da Igrexa, arriscándose a ser un bispo diferente, e adoptando un comportamento orixinal que interpela á sociedade sobre a inxustiza, a exclusión, a sexualidade, o racismo, convertendo unha diocese sen catedral nin fieis de castigo en espazo de liberdade, que nos días pasados acabou sendo recoñecida pola mesma Igrexa institucional.

O Recanto

“¿E ti quen es?”

Victorino Pérez Prieto

Non hai moito tempo fun ao tanatorio para acompañar a unha familia da miña parroquia e facer un momento de oración ante o cadaleito da defunta. Tres fillos mozos viñan de perder a súa nai, unha muller aínda nova. Eu non coñecía a esta familia, pero souben algo dela polos veciños, e fun ata alí, como adoito facer nestes casos.

—Cheguei ao tanatorio e, para a miña sorpresa, non atopei a ninguén no obitorio correspondente. Vin unhas mozas no pasillo e pregunteille se eran as fillas da defunta, pois non as coñecía. “Si, somos. ¿Y tú quien eres?”, dinme. Preséntome, dígolles que son o cura da parroquia e doulles o meu pésame; falo algo con elas e suxírolles que, se queren, entremos na

sala e fágamos unha oración ante o cadaleito da súa nai. “Yo no entro ahí”, dime rotundamente unha delas; a outra non di nada. Entro só e fago a oración; acompáñame outra muller que estaba alí.

Eu sinto unha vez máis a tremenda impotencia do meu traballo de cura, e preséntolle esta miña pobreza ao Pai Deus. O caso non é aínda moi habitual, pero tampouco é excepcional. Anque a meirande parte da xente segue a facer o enterro con oficio relixioso —tamén quixeron neste caso— o descoñecemento da parroquia e de quen está á fronte é moi grande en moitas ocasións, a pesar da vontade comunicativa do seu responsable.

Algo semellante ocorre cos outros casos

nos que gran parte da xente aínda segue a acudir á igrexa: vodas e bautizos. A pesar da secularización da nosa sociedade, a xente quere “casar pola Igrexa” e achégase ata ela “reivindicando os seus dereitos”, aínda que non pisaran a parroquia desde a primeira comunión. Se o cura lles pide un tempo de comunicación para falar da fe, da Igrexa, do sacramento e das motivacións para este... pois non é un funcionario nunha oficina para cubrir papeis, ás veces xurde un certo desconcerto e molestia por parte dos interlocutores, e intúe —mesmo en máis dunha ocasión chega a escoitalo— algo así como: “¿E a ti que che importa o por que fago isto?”

En ocasións, a cousa aínda se torna máis grave, se o pastor ousa pedir unha

certa coherencia entre querer casarse pola Igrexa, ou querer bautizar a un fillo na Igrexa, e manter unha mínima relación con esa Igrexa, participando —polo menos de cando en vez— nas celebracións da comunidade parroquial: “¿E por que teño que facelo?”. “¡Iso é unha chantaxe!”. É inútil que un diga que non se trata de “cumprir” á perfección; que todos somos máis ou menos inconsecuentes no seguimento de Xesús, eu tamén, e o bispo, e o papa... e que por iso comezamos sempre a Misa recoñecéndonos pecadores e pedindo perdón. O ideal parece que é para eles atoparse cun “cura ligh”, que non esixa nada e os trate... coma nenos, cunha pal-madiña no ombreiro.

¡Ai padres que tedes fillos!

O Recanto

“¿Por qué as persoas se afastan de mim?”

Victorino Pérez Prieto

O drama dos inmigrantes está cada día máis de actualidade. Esas pateras convertidas en verdadeiros cadaleitos de homes, mulleres e mesmo nenos; os conflitos cos “mouros” en Andalucía, Catalunya ou entre nós... Eu lía o outro día un cartel no que dicía unhas cousas máis ou menos así: “O teu Cristo é xudeu. O teu coche, xaponés. A túa democracia, grega. O teu café colombiano. As túas cifras son árabes... E o teu veciño... ¿un despreziable estranxeiro?”.

E eu lembraba o caso de Rose Mary e a súa filla Mary Ellen que pasaron un tempo acudindo á nosa parroquia de San Xoán. Rose Mary era unha fermosa muller negra brasileira, que veu do seu país e casou cun español, indo parar ao noso barrio. Viña frecuentemente pola parroquia, pois era moi relixiosa. Pediu a pri-

meira comunión para a súa filla, e preparámola durante un tempo; como ela tampouco a fixera, asistiu a unhas sesións especiais de catequese, e tamén fixo a nai a primeira comunión.

Como tantas outras mulleres, tiña problemas no seu matrimonio, e non contaba coa axuda do seu home para a legalización da residencia no noso país; sen paíes éralle ben difícil atopar un traballo honrado. Pensaba que o seu home xa non a quería, anque non facía moito que casaran. Cría mesmo que se avergoñaba dela pola rúa, porque era negra; estaba convencida de que alguén llo metera na cabeza, pois antes non pensaba así.

Rose Mary padecía moito por esta discriminación, que, dicía, experimentara

mesmo na igrexa da parroquia, na misa dominical, á que acudía con frecuencia: “Por qué as persoas se afastan de mim, como se cheirara mal, ou fora contaxiosa? Por que non queren nin sentar no meu banco; cando voçé fala tan ben de que hai que acoller a todos, sobre todo aos máis febles e diferentes, aos de fora...?”. A Rose Mary escorregábanlle unhas grosas bágoas pola cara cando me contaba isto, ante a atenta ollada chea de tenrura da súa filla Mary Ellen.

Rose Mary é unha boa muller. Guapa, limpa, intelixente... mesmo ten unha comprensión do feito relixioso e da fe cristiá superior á da maioría da xente; aínda que non chegara ata daquela a “facer a comunión”, por circunstancias alleas

a ela. Lía asiduamente a Biblia nunha vella pero fermosa tradución brasileira; particularmente –como me confesara para sorpresa mía– os textos de cada domingo.

“Voçé é Xesús Cristo para mim”, chegou a dicirme con agradecemento, nun evidente exceso.

Algo se me revolve por dentro lembrando a Rose Mary e Mary Ellen, que xa non están connosco. Rezo por elas e por tantos outros que están na súa situación na miña cidade e noutras moitas deste “católico” país, que di non ser racista. Na celebración dominical da miña parroquia, non puiden deixar de facer unha reflexión sobre a discriminación de tantos fillos de Deus, só porque son “diferentes”.

e-mail: vitope@planalfa.es

O Recanto

O día que fun ver a Alex á prisión

Victorino Pérez Prieto

Alex é un vello amigo do meu barrio de Catabois. Andou dando tombos, meuseuse nese noxento mundo das drogas e chegou a estar implicado nalgún pequeno roubo... Vínrame visitar á casa con frecuencia, cando ía peor. Estivo uns meses facendo "Proxecto Home" en Santiago, onde o acompañaba cada día a súa nai, pero abandonou. Despois de volver ás andadas, un día pedíume que lle mercara un billete de tren para Valladolid e foise da cidade. De alí a un tempo chamoume por teléfono para dicirme que o pillara a policía nesa capital, acusado dun pequeno roubo nun estanco, que seica non cometera e fora inxustamente acusado pola estanqueira (eran só 30.000 ptas.). Pero... o caso é que, como xa tiña causas pendentes, fora parar cos seus osos no frío cárcere de Villanubla, nesa provincia castelá, particularmente xeadá naquel

inverno do 97.

Alex ingresara en prisión a primeiros de novembro; un mes despois estaba moi deprimido e chamoume porque non quería chegar ao Nadal sen axuda e sen ver unha cara amiga. Os seus pais non estaban daquela polo labor, fartos das andaiñas do seu fillo. E eu díxenlle que iría facerlle unha visita, a pesar da distancia, e levarlle algo. En principio ía acompañarme un irmán seu que lle tiña moito cariño, pero logo no puido por enfermidade.

E aló me fun eu, un frísimo día de decembro. Por non ir só, acompañoume o meu pai, cos seus ben levados setenta e tantos anos; fixemos noite na nosa casa en Hospital de Órbigo (León), e ao día seguinte, tras sacar o xeo do parabrisas, fímonos para Valladolid. Chegamos, como estaba acordado, a media mañá ás portas nevadas do cárcere de Villanubla. Con-

trol na entrada, portas automáticas que se van abrindo e pechando ao longo das diversas estancias... e, por fin, Alex recibíume nunha solitaria sala cunha emocionada aperta; faloume da dureza da prisión, sobre todo por ser o inverno, das circunstancias do arresto, do seu estado de ánimo... Estivemos case dúas horas de conversa. Logo despediuse agradecido, cunha raiola de esperanza nos seus ollos.

Nos meses seguintes estivemos moi en contacto por teléfono e por carta. As cartas dun preso sempre posúen un aquel de filosofía e moralismo, e non teñen desperdicio; no caso de Alex tamén levaban unha impronta crente. Un dos seus mellores amigos na prisión foi precisamente o capelán, con quen estiven tamén en contacto telefónico; manifestábame o seu convencemento de que Alex non cometera aquel atraco, e fixo todo o que puido

para solucionar o seu caso.

Alex estaría logo na prisión de A Coruña e estrearía con outros presos o novo cárcere de Paradela-Teixeiro. Estando máis preto, fun velo a ambas varias veces coa súa nai e algún parente máis. Pero, aínda que á de Teixeira levámoslle ata unha pequena televisión que me regalara un amigo, de ningunha destas garda Alex un recordo tan grato como da prisión de Villanubla.

Nos últimos meses xa ven cada fin de semana á casa. Deixou hai tempo a droga e ten un excelente aspecto, todo pincho, con traxe e garabata. Hai uns días díxome exultante de gozo que sairía definitivamente o mes que ven, e que xa tiña un traballo honrado. Eu alegreime por el, pero cavilei que foron dous anos e medio na cadea, e pensei con rabia nos persoeros de roubos multimillonarios que, ou non van a prisión, ou os seus avogados sácanos de contado.

Victorino Pérez Prieto
<mailto:vito@planalfa.es>

O Recanto

Candelaria, unha muller boa

Victorino Pérez Prieto

Candelaria non é un nome moi usual entre nós, ten máis tradición nas Canarias, onde a Virxe da Candelaria ten un gran santuario e unha fermosa cantiga popular. Hoxe quería falar dunha muller que veu hai moitos anos desas illas para o meu barrio, e descansa xa no cemiterio de Catabois. Paula, unha neta, pediume que a tivera presente na Misa da parroquia este domingo, pois facían os tres anos do seu pasamento.

Xa teño falado de Candelaria neste "Recanto" (o 28 de maio), lembrando as moitas bagoas que vertera na súa vida, particularmente polo seu neto Yaco, un drogodependente que quedara orfo de neno, xunto coa súa irmá Paula. Alí comentara como Candelaria era unha muller loitadora e crente, e prometera falar máis dela.

A historia de Candelaria é de novela, aínda que eu sei pouquiño dela; o que me ten contado nas conversas que tivemos cando vivía nunha rúa preto da miña, e sobre todo nalgunha viaxe que fixemos xuntos, indo ver a Santiago ao seu benquerido neto Yaco, que andaba en "Proxecto Home".

Nacera nun pequeno pobo da illa da Gomera, San Juan, pero fora xa de pequena para Tenerife, onde casara moi nova cun mariño ferrolán que recalou alí e a sacara da súa fermosa illa para traela a un país bastante diferente do seu. Unha Galiza bretemosa, na que a xente era diferente e falaba unha lingua cunha retranca incomprensible para ela.

Xa aquí, tal como me contou, en vez do

agarimo con que fora engaiolada, experimentou de contado os desprezos e mesmo os malos tratos do seu home, que non tardou e abandonala, deixándoa con tres fillos cativos (Ángel, José e Rosa). Foise para o Brasil, asentándose no Espírito Santo, cunha nova vida esquecendo a que aquí deixara.

A Candelaria xa lle morrera un fillo a pouco de nacer, e tivo que sacar adiante os outros tres a base de traballar coma unha escrava limpando casas alleas, como tantas veciñas súas. Era unha muller sensible, delicada e boa, e sempre se fixo querer... por todos menos pola súa familia. Ángel casou na cidade e separouse, José casou e foise... A filla, Rosa, tamén casou e quedou na casa, pero morreu ce-

do, e Candelaria quedou a cargo dos seus fillos. Loitou polos netos como fixera polos seus fillos. Paula e Yaco sempre lle tiveron moito cariño. Paula foi saíndo adiante, pois era estudiosa, e en canto puido foise do barrio para asentar nun lugar máis propicio. Pero Yaco, non menos listo, non foi capaz de utilizar a súa intelixencia para organizar ben a súa vida; aínda que tamén quería moito á súa aboa, fíxoa sufrir o indíxible a causa dos seus desvaríos no mundo da droga.

Enterramos Candelaria, entre o agarimo dos veciños, na foxa común do cemiterio, pois tódolos cartos que gañara na súa vida foron... para os outros. O que deixou entre nós foi o máis valioso que se pode deixar ao remate dunha vida: un regueiro de bondade.

e-mail: vitope@planalfa.es

O Recanto

¡Non matarás!

Victorino Pérez Prieto

O título do "Recanto" desta semana non é moi orixinal. En realidade, é tan vello coma o máis antigo código moral xudeo-cristián, os Dez Mandamentos. Un código reiteradamente incumplido, pero sempre vixente. Non o cumpriron o quinto mandamento os xudeus de antes (as historias bíblicas de mortes e matanzas), nin os de agora (a represión que exercen sobre os seus veciños palestinos...), e non o cumpriron os cristiáns de onte (cunha historia inzada de guerras e asasinatos "no nome de Deus"...), nin de hoxe (desde os

"católicos dictadores" hispanos e hispanoamericanos ata o "cristián" Bush, egrexio firmador de penas de morte e candidato avantaxado a presidente da "democrática" USA...). O quinto mandamento segue vixente trinta séculos despois, pois o respecto á vida do irmán, do semellante, é unha esixencia fundamental de calquera orde social e do mesmo futuro do colectivo humano.

Hai tres días este Diario enmarcaba no centro da portada unha foto cun grupo de xente e un cartel ó fondo: "No matarás...

Que Dios os perdone". Gustoume e impresionoume.

Non é a primeira vez que escribo condenando os asasinatos de ETA (entre outros un artigo en "A Nosa Terra" o 13-III-1997: "Eta ¿até a victoria de Euskadi?", no que o título increpaba á organización coa traducción galega das súas siglas). Pero fixéronse xa e seguen a facerse tantos artigos e declaracións, que un séntese escusado de volver de novo sobre o tema.

Semella que está todo tan dito, tan condenado... mesmo tan "consensuado" nos medios de comunicación españois; e semella ser todo tan inútil -as palabras e as mobilizacións- para o cambio da dinámica de morte e violencia...

Non quero entrar en análises políticas, que xa... fedem; desde o do nacionalismo vasco que non atopa máis solución que buscando un difícil e frustrado diálogo, ata o ataque españolista que demoniza cada día ese diálogo e os partidos que o defenden.

Pero si quero repetir unha vez máis a vella afirmación bíblica: "¡Non matarás!". Unha sociedade non pode asentarse xa sobre a violencia e a morte. Moito menos si se pretende construír unha sociedade nova; salvo se os seus artífices queren repetir os esquemas fascistas e nazis, que cun proxecto pseudonacionalista asolaron o vello continente e a súa febre racista-imperialista causou ducias de millóns de mortes inútiles.

Non, a violencia e a morte non teñen xa futuro. Xa houbo demasiadas guerras e guerrillas, demasiados Exércitos grandes e exércitos cativos, que quixeron cambiar o mundo e só sementaron máis desgracia e inxustiza. Despois de tanta historia de violencia, o único verdadeiramente revolucionario é xa a paz.

"Ditosos os non violentos", di-xo Xesús de Nazaré (Mt 5,5). O seu pacifismo clama hoxe non só contra os da bomba e o tiro na caluga, senón tamén contra os prepotentes, neste mundo que se caracteriza precisamente polo seu espírito violento e depredador ... Só os non violentos "herdarán a terra", porque a terra só ten futuro na paz.

e-mail: vitope@planalfa.es

O Recanto**“Hoxe empeza todo”**

Victorino Pérez Prieto

Cando entrei na sala de cine non vin a ninguén, aínda que só faltaban dez minutos para o comezo da película; logo vin que había un par de persoas nunha esquinilla e aínda viñeron catro ou cinco máis. Outras salas do multicine estaban cheas. De seguida lembrei a última película que me deixara realmente satisfeito: “Unha historia verdadeira”, na que o título acafallé moi ben ó filme; tamén daquela a sala estaba case baleira... ¿E por que será?

“Hoxe empeza todo”, a última película do xenial director francés Bertrand Tavernier, deixou-me de novo satisfeito, iso que son unha persoa bastante esi-

xente co cinema.

Para min un filme de Bertrand Tavernier, ese quixote do cine francés que pode cabalgar parello a ese outro cineasta comprometido que é o británico Ken Loach, é sempre unha garantía de bo cine. A película é unha obra mestra e suxerente, ademais de entretida. Non en van seduciú aos críticos nos festivais de Cannes (Premio ao mellor director) e Berlín (Premio especial do xurado) o pasado ano.

En “Hoxe empeza todo” Tavernier saca a cámara á rúa para facer un marabilloso documento-denuncia contra visións demasiado inxenuas da realidade e, particularmente, contra o sistema educativo francés (como podía ser o noso...) e a burocracia administrativa que deixa a tanta xente na estacada. É un filme subversivo, pero non é un panfleto, é cine-cine, creativo, auténtico e cheo tamén de tenrura, feito co oficio de quen sabe utilizar unha linguaxe. Un cine que, ao contrario do consumista, invita a facer preguntas a esta sociedade que se droga cada día, poñéndose vendas nos ollos ou embotándose con violencia, sexo e información mal dixerida.

Daniel Lefebvre (o actor Philippe Torreton) é o director dunha gardería no pequeno pobo mineiro francés de Harnaig, nun tempo rico e na actualidade asolado polo paro a causa do peche das minas. Daniel é un mestre excelente e creativo e un poeta que estimula a creatividade dos nenos...; ten fama de rebelde e conflictivo, porque non cala as cousas.

Ademais dos problemas da escola, que vai levando adiante dignamente cun excelente equipo de mestras, vai descubriendo as miserias familiares que esconden os nenos.

Se na clase fálalles de todo, por máis que reclamen á administración (“Non hai presuposto”, é a resposta que escoita repetidamente), nas casas dos nenos non é para menos: apuros económicos angustiosos, familias desunidas, alcoholismo que nace da impotencia dunha nai para manter aos seus fillos e simplemente ter luz na casa, outra nai que mantén aos seus fillos unha semana a base de leite e galletas baratas, falla de hixiene, malos tratos... Algo que non nos queda tan lonxe, e nos ba-

rios sabemos abondo diso.

Daniel e as mestras da súa escola representen a loita activa contra un sistema que abandona á súa sorte ás familias e ás xeracións do mañá.

A película é unha emotiva homenaxe á loita creativa e solidaria dos que non ceden á indiferencia, o abandono e o derrotismo, dos que se deixan levar pola verdadeira compaixón (=abrazar coas propias entrañas as dores e os sufrimentos do outro) para saír dos estreitos límites legais e chegar con amor á xente; dos que a pesar do cansazo e as gañas de “tirar a toalla” no combate de cada día, apostan por un mundo cun pouco máis de xustiza, fraternidade... “O Reino de Deus está entre vós”, dixo Xesús de Nazaré.

vitope@planalfa.es

O Recanto

Outra contradictoria beatificación papal

Victorino Pérez Prieto

49

Xoán Paulo II beatifica (o paso canónico previo á canonización) hoxe 3 de Setembro en Roma a dous dos seus predecesores: os papas Xoán XXIII e Pío IX. Dous pontífices ben diferentes: tolerancia e apertura, fronte a autoritarismo e cerrazón.

Poucos católicos que teñan máis de 30 ou 40 anos descoñecerán a figura do papa Xoán XXIII (papa entre 1958-1963), o "bo papa Xoán" que quixo que a Igrexa "abrirá as súas fiestras ao mundo" e convocou o máis innovador dos concilios da historia moderna da Igrexa, o primeiro ecuménico desde o Concilio de Trento (1545-1563) e seguramente o primeiro Concilio verdadeiramente ecuménico da historia da Igrexa, pola súa representación. Xoán XXIII é o símbolo da vontade renovadora da Igrexa, o desexo de afrontar honrada-

mente os retos do século XX e "poñerse ao día" ("aggiornamento") no tren da historia, que a Igrexa perdiera décadas atrás coa chegada da modernidade.

Ademais, o Papa Xoán XXIII, co seu talante de home bo, aberto aos "gozos e as esperanzas, as ledicias e as tristuras" do noso tempo, como pediría o Vaticano II, escribiu memorables encíclicas como a "Pacem in terris".

Ben diferente é o caso de Pío IX, cen anos antes (foi papa entre 1846-1878). Eran os tempos nos que os papas aínda exercían o poder temporal como xefes dos estados pontificios, a maior rexión de Italia, e Pío IX foi precisamente o último "rei pontificio", chegando a mandar executar a dous patriotas italianos, que caeran baixo a súa xurisdicción "pontificia". Un vello teólogo lembraba recentemente a

aclamación "¡Viva o Papa rei!", que aínda lles facían berrar nos seus anos mozos (Jose M^a González Ruíz; "El País", 10-VIII-2000). Pero non é o único aspecto negativo deste papa reaccionario e autoritario; a xuízo de historiadores e mesmo de eclesiásticos de valía recoñecida, Pío IX foi un personaxe intolerante e controvertido. E por iso moitos preguntámonos con González Ruíz: "¿Pode Wojtyła lamentarse dos métodos de intolerancia do pasado, y propor hoxe como exemplo un modelo emblemático dos trasnoitados métodos de intolerancia?"

En fin, abondaría como expresión do carácter e o pensamento deste Papa do século pasado unha lectura da súa coñecida encíclica "Syllabus", ben diferente da anterior encíclica citada de Xoán XXIII. No texto de Pío IX, entre os "gra-

ves errores" condenados está: "Que os fillos da Igrexa discutan entre si sobre a compatibilidade do reino temporal [o xa extinto poder papal nos estados pontificios] co espiritual"; e repite o que xa dixerá Gregorio XVI: "A liberdade relixiosa é un delirio da mente"(!).

Sospéitase con razón que a beatificación de Pío IX sexa o prezo que Xoán Paulo II ten que pagar para contrarrestar a de Xoán XXIII, o profeta dun Concilio aínda sen dixerir por una parte importante dos poderes eclesiásticos da Igrexa, empeñados a que as cousas volvan ao rego, e a Igrexa se governe como se ten que gobernar: con férrea e monárquica autoridade.

vitope@planalfa.es

O Recanto*Subindo o Nilo**Victorino Pérez Prieto*

Un grupo de ferroláns, e algúns amigos máis, estivemos nas dúas primeiras semanas de setembro mergullándonos na milenaria cultura do vello Exipto e na súa cultura islámica e moderna de hoxe.

Tras da primeira noite exipcia baixo a atenta ollada das pirámides e un par de días máis na inmensa cidade do Cairo, subimos o Nilo para ir descubrindo nas súas beiras a vida do vello Exipto (Luxor e Karnak, Filae, o Val dos Reis e o das Reinas, Abu Simbel...) e o novo Exipto (as súas aldeas e cidades como Asuan). Saladino, o culto gufa musulmán, non tiño reparos e dicírnos que o Nilo era o río sagrado por excelencia, o "río da vida", adorado polos seus antepasados como pais deuses.

Esquecía o Ganges, o río sagrado hindú, con máis forza reverenciado aínda hoxe por millóns de hinduístas, e tamén

chamado "río da vida", aínda que polas súas augas baixan a vida e a morte cada día.

O Nilo é a orixe de Exipto, fonte dunha das máis vellas, imponentes e misteriosas civilizacións humanas, que segue a ser hoxe a fonte da vida para os exipcios. Sen o Nilo, Exipto sería tan só un duro e ardente deserto.

Como ben dixo o vello historiador Herodoto "Exipto é un regalo do Nilo", e segue a marcar actualmente o ritmo da súa vida; nas marxes do río a vida da flora e a fauna péchanlle o paso ao deserto. O río dividiu o país entre o Alto e o Baixo Exipto, ata que o faraón Narmer (3000 a.C.) o unificou, iniciando a sucesión monárquica das dinastías faraónicas, cos seus imperios Antigo, Medio e Novo.

De contado, os faraóns convertéronse en deuses, para mellor garantir a estabi-

lidade dunha estrutura social autoritaria; porque se é posible combater e derrubar a un rei ou unha dinastía, pero non é tan doado oporse as forzas sobrenaturais e subverter as leis divinas. Unha historia que tamén coñecemos en Occidente...

Experimentamos ata que punto a vida do vello Exipto estaba marcada polo alén, pola vida máis aló da morte; sobre todo no caso dos faraóns. Este fondo sentimento relixioso de todo un pobo durante trinta séculos, foi a fonte das súas colosais construcións e da meirande parte da súa elaboración relixioso-cultural.

Pero no Exipto actual, aínda que pervive omnipresente o legado faraónico, a vida social e relixiosa está marcada totalmente polo Islam. A cultura árabe-musulmana relegou a do vello Exipto –e mesmo a cultura copta cristiá, que dominou ~~nun~~ nun curto período– a unha

herdanza cultural da que o pobo está orgulloso e que é unha fonte de ingresos fundamental.

O radical monoteísmo islámico venceu completamente ao complexo mundo politeísta da relixión do vello Exipto. O minarete, co seu ritmo de oración a Alá, marca o ritmo da vida en cada pobo ou cidade.

A modernidade e a democracia non deron paso a unha secularización, que rexeitan mesma os colectivos máis cultos e ilustrados do país.

O novo Exipto, desde hai varios séculos, admira os templos e as pirámides faraónicas, pero comprendeu que aquela era unha relixión opresora do pobo; ou polo menos bastante máis opresora que o cristianismo e o islamismo, aínda que estas crenzas tiveran tamén a súa historia contradictoria.

O Recanto

O camiño ecuménico cuestionado

Victorino Pérez Prieto

Hai uns meses publique neste Recanto uns artigos sobre a relación entre católicos e protestantes, apostando por facer un camiño xuntos no seguimento do mesmo Xesús Cristo, sentíndonos Igrexa máis aló das diferencias que separan ás distintas confesións.

Un sentimento ben acollido por algún pastor evanxélico desta cidade co que manteño boas relacións.

Pero ao remate do verán, un documento vaticano veu cuestionar o que compartiamos, nós e a meirande parte dos católicos, neste país e en todo o mundo. Un documento que caeu coma un mazo no diálogo ecuménico polo que quixo apostar a Igrexa desde hai trinta anos, tras do benemérito Concilio Vaticano II.

Estamos a falar de "Dominus Iesus. Declaración sobre a unicidade e a universalidade salvífica de Xesús Cristo e da Igrexa", un documento que deu a coñecer a primeiros de setembro Joseph Ratzinger, Cardeal Prefecto da Congregación

para a Doutrina da Fe.

O texto semellaba ir na dirección contraria das memorables declaracións do Concilio Vaticano II ("Unitatis Redintegratio", sobre a relación da Igrexa católica coas outras confesións cristiás, ou "Nostra Aetate", sobre as relacións coas relixións non cristiás) que abrían un camiño claro e ilusionante para o diálogo ecuménico e interreligioso.

A nova declaración do cardeal Ratzinger, ratificada por Xoán Paulo II, semella dar un paso atrás nese camiño do ecumenismo -sobre todo nalgúns puntos conflictivos- querendo pechar o diálogo iniciado hai anos, para volver aos tempos dunha catolicidade hexemónica.

No canto de seguir as consignas de Xoán XXIII de "abrir as fiestras ao mundo", Ratzinger utiliza un ton agresivo a respeito das demais confesións cristiás e as outras relixións, avogando por apuntalar e fixar a pureza do dogma, segundo el abafado polas "teoloxías relativistas" que

miran con indulxencia a tódalas relixións, convencidas de que "tanto val unha coma outra".

Afortunadamente, outro prestixioso cardeal, Carlo María Martini, saíu de seguida ao paso, asegurando que a posibilidade de lograr a plena salvación "non é prerrogativa exclusiva de quen está dentro dunha Igrexa".

Logo saíu ao quite a Conferencia Episcopal Brasileira (CNBB), a meirande do mundo católico, dicindo que recoñece que tódolos cristiáns de calquera confesión como igrexa, pois están "justificados pola fé e incorporados a Cristo", e "os abraça com fraterna reverência e amor como irmãos no Senhor"; logo exhorta "ao clero e os fiéis católicos a fazerem do ecumenismo uma prioridade e a promoverem tudo o que for necessário a fim de que o testemunho da comunidade católica possa ser compreendido em toda a sua pureza e coerência, superando as incompreensões herdadas do passado".

Unha das frases máis polémicas do documento de Ratzinger é: "A Igrexa de Cristo subsiste unicamente na Igrexa Católica" (n.16) e só ela pode ofrecer a vía de salvación "única, completa e universal"; polo tanto, as distintas confesións protestantes, "que non conservaron o Episcopado válido e a xenuína e íntegra sustancia do misterio eucarístico, non son Igrexa en sentido propio" (n.17).

A frase foi loxicamente contestada polos líderes das grandes igrexas protestantes.

Pero, ademais, a meirande parte dos teólogos e crentes católicos pensamos que Ratzinger non interpreta de xeito verdadeiramente "católico" a idea da Igrexa nin a vella afirmación de San Cibrán "extra Ecclesia nulla salus" ("Fora da Igrexa non hai salvación"), pois a Igrexa católica e as demais igrexas non son "a salvación", senón só "sacramento" (medio ou instrumento) da salvación que Deus leva a cabo no mundo.

O Recanto

Dous talantes ben diferentes na Igrexa Católica

Victorino Pérez Prieto

A Igrexa Católica é unha organización que ten moitos anos ás costas (a máis vella de Occidente) e xunta hoxe, con distinta adhesión, a moita xente (máis de mil millóns de persoas).

Os medios de comunicación, os intelectuais, os científicos ou os políticos falan a cotío de "a Igrexa" de xeito reduccionista; coma se fora un conxunto uniforme e todos pensaran e actuaran nela de xeito semellante fronte a todo o que pasa, ou como se o pensar e o actuar "da Igrexa" fora só o de tal ou cal xerarquía, por moi representativa que pretenda ser, e non da pluralidade do "pobo de Deus" (que iso significa realmente a verba "igrexia"; "ecclesia kiriou"= "assemblea do Señor", ou comunidade dos seguidores de Xesús). Desta pluralidade queda unha amplísima manifestación na súa historia e hoxe esta realidade poliédrica é aínda moito

máis ampla. Tanto no que se refire ao pensar sobre case todo, como no que se refire ao actuar.

Recentemente comentaba neste xornal a beatificación de dous papas ben diferentes: Pío IX e Xoán XXIII. E tamén recentemente recibía na miña caixa de correo electrónica dúas noticias de dous xeitos de encarar unha realidade semellante; dous feitos contrapostos representativos doutros moitos parecidos.

A mediados de setembro, varios grupos da Igrexa Católica do estado de Chihuahua, en México, xunto con integrantes de outras partes do país realizaron unha multitudinaria marcha e unha celebración eucarística para conmemorar o Xubileo do Emigrante. Iniciaron a marcha cortando unha malla que simbolizaba a eliminación das barreiras entre os emigrantes de todo o mundo, para logo

camiñar polo centro de Ciudad Juárez e rematar cunha misa na catedral, celebrada por seis bispos e o arcebispo de Chihuahua. Un estilo de Igrexa, con bispos incluídos.

Unha semana despois chegaba a noticia de que o Cardeal de Bolonia (Giacomo Biffi, un home de forte talante conservador) propuña ao goberno italiano frear a inmigración musulmana e favorecer a dos inmigrantes católicos. No seu documento chegaba a dicir que se Europa non segue sendo cristiá "o Islam vencerá", por iso "no só deben considerarse criterios de tipo económico e asistencial" para xulgar a inmigración. Outro estilo ben diferente.

O goberno italiano e a maioría dos partidos e entidades sociais, rexeitaron por racista a proposta. Pero tamén o fixeron colectivos católicos e o mesmo Vaticano; o arcebispo Francesco Gioia, secretario do

Consello Pontificio para os emigrantes, recordou que a doutrina católica predica o respecto absoluto á persoa, máis aló das súas crenzas. A comunidade cristiá de base de S. Paolo, en Roma, publicou un texto máis contundente titulado "Il cardinale Biffi, nemico della pace" e facíano, segundo propias palabras, "por razóns éticas e por razóns evanxélicas". Ademais do grave das afirmacións desde o punto de vista evanxélico, subliñaban a súa inoportunidade, no contexto das noticias que nos chegan estes días da represión que o exército xudeu fai sobre os musulmáns palestinos. Na súa lúcida análise, afirmaban que Biffi debeu facer esas afirmacións -como lle ocorre a outros moitos bispos- "preso do seu narcisismo e incapaz de deixarse interpelar polos de fora" e esquecendo cousas como que os inmigrantes noutros países (EE UU...) son maiormente católicos.

Opinión

¿Quen dixo que Ferrol nunca pesou tan pouco?

Victorino Pérez Prieto

Dicir dixo hai uns días Carlos Príncipe: "Nunca pesou tan pouco Ferrol no mapa político galego" (DF 2-X-00). Este político "socialista" foi troskista na súa mocidade e rematou pasándose ao PSOE, para poder chegar a ser, por un tempo, alcalde de Vigo.

Príncipe entrou no PSOE precisamente cando este partido foi perdendo a súa identidade socialista-marxista, que supoño defendería cando era troskista e seguía o marxismo idealista da IV Internacional. Meteuse nun partido que foi evoluindo desde o socialismo marxista do ferrolán Pablo Iglesias ata esa ideoloxía que deu en chamarse "felipismo", e que, na súa nova etapa "zapaterista" (non trabucarse con "zapatista", que é outra cousa moito máis fermosa), quere evolucionar aínda máis cara a un nido liberalismo.

"Queremos ser máis liberais que ningún", seica dixo o Zapatero, pois no seu sentido pragmático da política, el e os seus colegas semellan pensar que no liberalismo están tódolos bens desexables para a sociedade. Ou sexa, os socialistas españois queren sumarse ao pelotón dese neoliberalismo xerador e multiplicador de inxustizas que é, polo menos, "pecado mortal", como ben dixo Pedro Casaldáliga, un xenial bispo atípico, defensor das vítimas que sofren a opresión do neoliberalismo.

Ben, pois o tal político vigués semella pensar que Ferrol nunca estivo tan mal como agora, cando a cidade é gobernada por un alcalde nacionalista. ¿E será que tales afirmacións teñan algo que ver coa deplorable postura que o se grupo ten no concello vigués, traizoando inicua-

o pacto municipal co BNG? ¿Acaso preferiría, coma o seu colega de A Coruña, Paco Vázquez, que os pactos foran co PP, pois os que se fixeron co BNG son "contra natura"? De calquera xeito, o político vigués ten moi claro que esta cidade "só volverá a ter peso político cando os socialistas dirixan o buque". Xa... e os ferrolán somos todos parvos por ter botado do goberno a un inútil PP que andaba a paos cos seus aliados e consigo mesmo; ou, fomos parvos tamén cando diminuímos o apoio dun PSOE que fixo ben pouco por esta cidade, mesmo cando tivo a ocasión de "dirixir o buque".

Pode que esqueza o tal Príncipe que, cando estivo no Goberno central o seu partido, cedendo ás presións do gran capital, afundiú a industria naval e a clase obreira desta cidade.

Eu, que non son natural de Ferrol, e só levo aquí un lustro, pero que lle quero ben como a miña cidade que é hoxe, dígo-lle a este socialista neoliberal que non diga parvadas.

Tan só nestes cinco anos que levo entre os ferroláns puiden ver unha evolución na cidadanía desde unha actitude tremendamente derrotista e vencida, ata unha incipiente ilusión cunha visión esperanzada do futuro; una ilusión apoiada en feitos concretos que manifestan un avance na vida desta cidade.

Na actual corporación —que debía ser un exemplo para Príncipe, e vir aquí coma discípulo e non coma mestre— traballan conxuntamente BNG e PSOE por devolverlle a Ferrol a vida que lle foi roubada, para que esta chegue a ser a cidade vizosa que foi outrora.

O Recanto

A cidade dos mortos

Victorino Pérez Prieto

O Cairo é unha cidade inmensa, a maior capital de África e do mundo árabe, que ten na actualidade entre 16 e 18 millóns de habitantes. Ao leste do centro da cidade, tras dos muros que aínda encerran os barrios antigos, hai unha ampla chaira areosa salpicada de minaretes e cúpulas que, a primeira vista, teñen unha aparencia semellante a outros barrios da cidade. É a "Cidade dos Mortos", onde se perpetúa a influencia cultural do vello Exipto faraónico coa existencia de auténticas vivendas para os defuntos das familias ricas, ao pé doutras máis pobres.

Nas festividades relixiosas, o Exipto musulmán -maioritario no país- acode en masa a esta necrópole (= "cidade dos mortos"). Familias enteiras aséntanse nesta cidade para "convivir" cos seus

amigos e parentes defuntos, durante unhas horas ou varios días. Ademais dalgunhas fermosas mesquitas, sobre todo a carón das chamadas "tumbas dos califas", están outras construcións funerarias, que xa teñen dispostos espazos non só para o descanso dos mortos, senón tamén para a convivencia dos vivos, no piso superior.

A "Cidade dos Mortos", durante moitos tempo ocupada só con ocasión desas festas relixiosas, presenta hoxe un aspecto habitual moi distinto, que podemos ollar desde o autobús que circula pola estrada de circunvalación, tralos muros. Pode verse diariamente movemento de xente; está habitada por unha multitude de xente sen casa, sobre todo os refuxiados que durante a guerra de 1967 entre Exipto e Israel abandonaron a zona do

canal de Suez. Desta maneira converteuse nun arrabalde no que o chabolismo e a miseria mestúranse con construcións funerarias de riqueza e luxo. Un lugar no que conviven, posiblemente como en ningún outro do mundo, a morte e a vida.

Cando tiveren ocasión de ver isto este verán, cavilei en que o pobo galego non era moi diferente do antigo Exipto faraónico nin do novo Exipto musulmán. Os galegos tamén coidan con agarimo o descanso dos seus mortos, tanto no enterro como nas súas "cidades dos mortos", os seus cemiterios. "Compre ter ben amañada a derradeira casa que imos ocupar", teño escoitado a algún veciño na aldea. Un nicho ben amañado, sen goteiras, se pode ser que estea ben orientado ao sol...

Esta semana, semana de defuntos, o de Catabois e tódolos cemiterios galegos

veranse primorosamente limpos e adornados con miles de flores. As familias irán visitar os seus defuntos, "convivirán" horas con eles e rezarán polo seu descanso eterno. Nos templos multiplicarase as misas polos defuntos... Mesmo xente que non adoita acudir o resto do ano a igrexa, irá nos días de Santos e Defuntos. Óñlle dicir a un compañeiro que, si se quitaran as misas polos defuntos, quedarían as igrexas medio baleiras. Pareceume unha triste afirmación, pero seguramente é bastante certa. Esta sobrea-bundancia de misas polos defuntos pode que manifeste un gran cariño polos seres queridos nunha fe inquebrantable no alén, pero tamén pode agachar unha desconfianza no Deus de vida, ao que compre "engraxar" para acadar o seu favor, como con tódolos señores deste mundo.

O Recanto

O presidente USA e a relixión

Victorino Pérez Prieto

Os norteamericanos, que están de eleccións presidenciais o próximo "supermartes", teñen fama de ser homes e mulleres moi relixiosos; máis aínda, hiper-relixiosos. E, como todo o excesivo, isto é malo. Como son hiper-relixiosos, calquera predicador farfullán de seguida atopa adeptos; desde os borrachuzas que estamos afeitos a ver nas películas do oeste, ata os traxeados e reaccionarios telepredicadores, aos que tódalas barbaridades que poidan dicir se dan por boas, mentres non cuestionen o "american way of life", ou se lfen cunha muller que non sexa a súa honorable señora, nai dos seus honorabilísimos fillos.

Seica na aduana, unha das cousas máis importantes que che preguntan ao entrar no país é cal é a túa relixión; pois se non tes ningunha, ou non es de calquera das mil e unha confesións "cris-

tiás" existentes, non es ben visto.

Dito o dito, é evidente que o futuro presidente, se quere acadar os votos da maioría, ten que ser tamén unha persoa "moi relixiosa". E así parece cos candidatos; Deus e a relixión están tan presentes na campaña electoral norteamericana coma no Irán dos aiatolás. Xa o presidente saínte, o miñaxoia do Clinton, debeu facer confesión pública do seu "horrendo pecado" ("no war for Monica" berraban os negros masacrados en África...!) ante unha nutrida congregación relixiosa, para non ser defenestrado prematuramente da Casa Branca.

O republicano-conservador Georges W. Bush, que firma sentencias de morte cada mañá mentres molla os donuts no café, proclama cinicamente en cada mitin o seu "amor compasivo", mentres pregona que é unha persoa fondamente reli-

xiosa, e que defende a pena de morte baseado na Biblia. "O meu filósofo favorito é Xesús Cristo e a Biblia é o meu libro de cabeceira", seica di este home que se declara cristián metodista practicante, ardentemente defendido polo telepredicador Pat Robertson e o reverendo Jerry Falwell, líderes da ultradereitista "Coalición Cristiá". Bush mesmo chegou a pedir perdón (electoral...) por ter asistido a un acto nunha racista e anticatólica universidade de Carolina do Sur, que prohibe as parellas interracials e predica que o catolicismo é un culto satánico.

Pola súa banda, o demócrata-progresista Al Gore declárase tamén fervente cristián baptista, e vai aos actos relixiosos acompañado... de fotografías e cámaras de televisión. Seica di a cotío nos seus mitins: "Pregúntome que é o que faría Xesús ante determinada situación". El

sabe que nos EE UU os ataques por temas "relixiosos" son máis protagonistas na carreira electoral que a mellora da educación, a xeralización da asistencia sanitaria, os dereitos dos indixentes, o negocio da guerra, ou a política exterior imperialista que afoga aos países máis pobres do planeta.

E un, que se declara humilde aprendiz de discípulo de Xesús de Nazaré, non pode menos que dicir: Perdóaos, Señor, porque non saben o que din nin o que fan, e utilizan blasfemamente o teu nome. Xa falaba hai moitos anos Castelao dun crego chamado Solla, "que era moi bo e moi crente", que lle dicía: "Ti pon moito coidado en que ninguén queira facer xustiza contra ti en nome de Deus. ¡Non hai home máis ruín que aquel que pretende facer xustiza en nome de Deus!" ("Cadernos").

O Recanto

Unha economía sen alma que multiplica os pobres

Victorino Pérez Prieto

O pasado sábado, uns cantos centos de persoas xuntámonos no auditorio da Universidade de Santiago, para reflexionar e debater sobre o suxerinte tema "Novos horizontes da ética". Era o XV Foro Relixión e Cultura en Galicia, que ven organizando desde hai outros tantos anos a revista cristiá "Encrucillada". Tiveron os relatorios bos especialistas como Luís de Sebastián, profesor de Economía moi coñecido polos seus magníficos e valentes artigos, moi lonxe do abafante "pensamento único"; Pilar-Núñez Cubero, profesora de Bioética, e Marciano Vidal, o máis egrexio dos moralistas católicos deste país nos últimos anos.

Como sempre, a pesar de ser coñecido, o que máis golpeou a conciencia dos parr-

ticipantes foi o absurdo dun mundo rico cheo de pobres. Un mundo no que a riqueza medra cada día a moita máis velocidade que en ningún outro momento da historia. Pero no que medran os empobrecidos cunha proporción aínda meirande, ¡precisamente como consecuencia desta dinámica de acumulación da riqueza nunhas poucas mans!

Como ben dixo Luís de Sebastián, a "nova economía" non aumentou a pobreza, posto que hai máis riqueza no mundo, pero si aumentou a desigualdade, mesmo nos países ricos.

Na poderosa e "democrática" USA, as 400 persoas máis ricas teñen tanto como outros 30 millóns de concidadáns. Se o pasamos a nivel mundial, tan só cos car-

tos dun dos homes que está máis arriba no escalafón, daríase de comer ben durante unha semana do ano ¡a 2.800 millóns de persoas que morren coa fame!. "Imos cara un apartheid universal", dixo.

Non menos grave é o feito de que tanto en USA como aquí, sexan precisamente os máis pobres, os que menos se poden aproveitar dos dereitos legais que lles outorga o ordenamento xurídico do seu país, precisamente por non dispor de avogados que coñezan os seus recursos. Velai a falacia, a mentira e o engano do sistema, tanto no económico, coma no político, no social e mesmo no xurídico.

Sobra diñeiro e recursos para solucionar o problema da pobreza no mundo; o que lle falta á economía é alma, unha éti-

ca que encarrile os seus pasos por vieiros de xustiza.

Non é a primeira vez que falo neste Recanto da inxustiza e o escándalo do actual modo de organización da economía e da distribución da riqueza no mundo ("A bomba M" 20-II-00, "Unhas pedriñas para botar abaixo un sistema inxusto" 7-V-00, "Traballar para vivir" 14-V-00), pero tampouco ha ser a última. É unha cuestión de dignidade, como argumentaba atónito e cabreado aquel traballador da magnífica película de Sergio Cabrera "La estrategia del caracol", ante o periodista que lle preguntaba por que fixeran tal cousa aparentemente inútil.

vitope@planalfa.es

O recanto

Unha poeta das Sindicais

Victorino Pérez Prieto

"Queda o meu niño baleiro/ que tortura para os meus males/ vaime matando esta anguria/ vou morrer de soedade./ Apágase a miña vida/ das bágoas que vou botando/ por este martirio lento / teño o corazón rachado".

Estes versos de sabor existencialista e resonancias rosalianas non saíron da pluma dunha egrexia escritora, ou unha profesora estudiada... Son versos populares escritos por unha muller do meu barrio das Sindicais de Catabois, que, como ela di humildemente pero orgullosa da súa historia persoal, non pasou do graduado escolar. Teresa insiste en que son versos sinxelos, sen pretensión, pero un non pode deixar de recoñecer neles o valor literario e humano.


Fun ver a Teresa (M^a Teresa Pérez Lu-

dín) xunto con outra veciña do barrio, Carme Sandá, uns días despois de enterarmos á súa filla Belén. Belén era unha muller nova á que Teresa estaba unida como amiga ademais de filla, e coa que compartía a diario vida e inquantas, ademais do agarimo fidelísimo da súa neta e filla desta, Alba; ambas, mulleres sensíbles e críticas ante a realidade cotiá, tiñan moito que compartir. A raíz do bautizo e a primeira comunión de Alba, tivera ocasión de dialogar con Belén sobre cousas da vida e da relixión, as súas preguntas, os seus puntos de vista alternativos...

Teresa estaba desolada. Falamos, e leume este poema de expresivo título: "Angurias", no que outros versos seguen abundando no fondo sentimento de deso-

lación que vive a poeta: "Soía estou nos meus quebrantos... Teño o meu corazón lañado... Son un despoxo ignorado... Que a morte se chegue a min" Pregunteille se escribira o poema a raíz da morte da filla, pero díxome, que, aínda que agora se sentía tamén así, era un poema anterior que expresaba unha situación de desacougo na que vivira anteriormente.

Xa sabía do espírito inqueda e crítico de Teresa e da súa vena poética, pero non coñecía os seus versos. A sorpresa foi gratísima. Pedinlle os seus poemas, e hai uns días veu verme a casa, coa súa tamén inqueda netiña, poñendo nas miñas mans un bo feixe deles, que Belén lle fora pasando ao ordenador con moita elegancia e unha inusual corrección no galego: "Galiza ameigada", "O xitaniño", "A cale-



xa", "Muller loitadora"... e outro expresivo: "A un ser querido", na que a poeta sente tamén o "cravo" de Rosalía cravado no seu peito. Vese que Ferrol é cidade de poetas, e estes xorden en calquera recanto.

vitope@planafa.es

O Recanto

O título deste Recanto é o nome dunha magnífica exposición que está aberta desde hai unhas semanas no compostelán Mosteiro de San Martiño Pinario, e que se pechará co remate de Novembro. Esta exposición ofrece un percorrido da imaxe de Deus desde a arte, a cultura e a historia, ao longo de miles de anos; un valioso conxunto de pezas significativas das relixións do pasado e do presente, procedentes moitas delas dos máis importantes museos do mundo.

Como dixo o arcebispo compostelán, Julián Barrio, na súa inauguración, a exposición é "unha fiestra aberta ao acontecer relixioso da humanidade, no tempo e no espazo no que o ser humano mostrou o seu desexo de buscar e ver a face de

Deus". O percorrido comeza cun conxunto de salas baixo o título "As relixións do pasado". Atopámonos nelas unha significativa representación das relixións célticas e outras relixións ibéricas; pero tamén das antigas relixións xermanas, babilónicas, e sobre todo das divindades do Egipto faraónico, Grecia e Roma, co seu rico e coñecido panteón, ou conxunto de deuses; sen esquecer as relixións da América precolombina. Figuras xeométricas, deusas da fertilidade, da beleza, da guerra... (Cibeles, Venus, Istar, Cihuacoatl...); deuses supremos e afastados (Amón,

As faces de Deus

Victorino Pérez Prieto

Zeus-Iupiter...) e deuses máis preto da xente (Osiris, Saturno...).

A continuación veñen as salas de "As relixións do presente", con apartados das relixións dos catro continentes: hinduísmo, budismo, relixións africanas... e as tres grandes relixións monoteístas (xudaísmo, cristianismo, islamismo). A máis ampla é, loxicamente, a zona dedicada ao cristianismo, con obras de iconografía e orfebrería e cadros de Zurbarán, El Greco, Ribera... Cando un olla toda esta beleza é esta riqueza de imaxe e simboloxía que xerou a relixión, e coñece toda a rica

reflexión teolóxica e espiritual que ten detrás, un non pode menos que entristecerse por quen despreza todo isto como expresión da "ignorancia das culturas antigas" ou do "pensamento precientífico", aínda que a relixión tivera tamén "o seu lado escuro" e opresor, como toda actividade humana. A busca do Deus, que está sempre máis aló e máis acó das nosas imaxes e representacións, sempre limitadas, maniféstanos unha eterna verdade do ser humano de tódolos tempos, de onte e tamén de hoxe. Esa verdade fonda que Santo Agostiño deixou plasmada na coñecida frase do seu libro "Confesións": "Fixéchesnos para ti, Señor, e o noso corazón anda inqueda ata que acouga en ti".

O Recanto


Sen teito, pero con dereitos

Victorino Pérez

Para moita xente seguen a ser os mendigos, pedichóns, moinantes ou indixentes. Agora os técnicos sociais chámanlles en francés SDF, ou en español PSH, que nós diríamos "persoas sen fogar", sen casiña de seu. E ben lle dicía aquel homiño de aldeia encamado ao cura que xa o quería despachar "para la casa del Padre": "Mire, señor cura, como na casa dun....". O peor que lle pode ocorrer a unha persoa é non ter nin familia, nin casa onde vivir e morrer en paz, aínda con dificultades económicas ou convivenciais.

Os "sen teito" son os excluídos dos excluídos. O seu aspecto sucio, desleixado e cheirento; a súa cara e as súas mans embotadas

da friaxe da noite... falan dunha vida moi dura. Cando un os escoita, ve tamén os vellos conflitos familiares e laborais que deron orixe á situación, a súa falla de relacións sociais e a ruptura fonda do senso da vida, de razóns para vivir... Son os pobres-pobres, dos que se adoita dicir que son "malos, desagradecidos e cheiran mal". Antisociais e presuntamente perigosos... pero cos mesmos dereitos que calquera cidadán "normal". Para un cristián, son tamén fillos benqueridos de Deus Pai, que non están así por "castigo de Deus", nin por "causas naturais", senón froito dunha sociedade inxusta, desigual, e marxinatoria dos



máis febles, cando non atopan unha man amiga.

A realidade das persoas sen fogar, porque non o teñen ou porque este é absolutamente inadecuado (casas en pésimo es-

tado, chabolas...), é de 300.000 no Estado, segundo un estudio serio de Cáritas Española no ano 99. Entre 20.000 e 30.000 son as persoas que teñen por toda propiedade unha bolsiña, dormen diariamente na rúa ou nos albergues públicos e comen "a sopa boba" nos comedores que fornece a caridade cívica.

Nun tempo, estas persoas eran tradicionalmente varóns de idade mediana ou elevada, solteiros, con problemas de alcoholismo, de orixe social desfavorecido e un baixo nivel educativo.

Agora foi xurdindo un tipo novo de PSH: varóns de idade mediana separados, ou mozos con

problemas familiares ou de droga, pero tamén mulleres novas e de mediana idade con problemas de malos tratos ou separacións, inmigrantes...

Hoxe hai nas cidades máis medios para acollelos e, polo menos, para que poidan comer quente unha vez ao día.

Así quedou reflectido na xornada de reflexión sobre os sen teito organizada por Cáritas diocesana este venres pasado no campus da nosa cidade, onde se falou dos esforzos desa organización e outras por acollelos e integralos. Pero na meirande parte dos casos, despois de ser acollidos, poden dicir como aquel mozo: "Xefe, todo moi ben, pero ¿agora que?".

O Recanto

Speedway at Nazareth

Victorino Pérez

"Despois do 2000 ven o 2001/ fomos outra volta para ser os novos campións/... E as carreiras eran campos de batalla... Estiven en Phoenix pola mañá e tiveron unha chamada que me espertou/ Ela veu sen avisar e púxome contra a parede/ Eu conducín por Long Beach con tres vértebras rotas..."

Non sen dificultade –e ao remate coa axuda do amigo Cote– fun traducindo os versos dunha cantiga de Mark Knopfler que me serviu como inusual título a este artigo: "Vía rápida a Nazaré". Corresponde ao seu recente álbum "Sailing to Philadelphia". M. Knopfler é un coñecido músico que,

co seu grupo Dire Straits, vendeu en pouco máis de dez anos 20 millóns de copias dos 8 únicos discos da banda, e algunhas máis doutras gravacións en solitario. Poeta, pintor, mestre de escola... M. Knopfler é un trobador do século XX, que agardamos o siga sendo no XXI; seguramente, como di en "Communique" –un dos primeiros discos de Dire Straits– "Pensa o que di e di o que pensa" (*Think what he say, say what he means*), cousa que non é habitual neste mundo mentireiro.

Chamoume particularmente a atención esta cantiga do último disco, que me trouxo ama-

blemente un amigo moi novo do meu barrio, outro Marcos. Por formación, ou deformación... profesional, reparei de seguida no seu título: "Vía rápida a Nazaré", unha fermosa e movida balada.

Non é doado comprender de contado versos modernos cantados en inglés, co seu particular son, vocabulario de argot e xiros de dobre sentido... Na cantiga captábanse de seguida unha chea de nomes de cidades norteamericanas e o último verso falaba da "vía rápida a Nazaré". Achegueime con interese á letra, pois non era a primeira vez que M. Knopfler –un católico irlandés– falaba de Xesús Cristo, da fe cristiá e dos valores humanos nos seus discos. E atopeino de novo cantando os paos da vida, a visita da morte, os camiños tolos



que ten recorrido cos seus contemporáneos... pero nos que el non perdeu o seu norte: Nazaré.

"...E fomos a Indianápolis en Maio/ onda o lugar no que se crucifica aos que non aprenderon/ Subín a montaña para sacar a cualificación/ e recorrín tódolos camiños e tódalas vol-

tas/ Pero no medio do camiño quedeime no que puidera ter sido/ un vello compañeiro bo como a morte./ ... En New England morremos na merda (*we died in the dirt*). Pero eu non me trabuquei na vía rápida a Nazaré".

O noso mundo impulsa a subir cada día a montaña na busca da "cualificación", para trepar "sobre los pobres y mezquinos que no han sabido descollar" (Paco Ibáñez) e deixa aos seus mortos ao pé do camiño. Ao remate da tola carreira "morremos na m...", con perdón. Pero este trobador da gracias porque el, que se trabucou en tantos camiños e mesmo "rompeu o motor..." non se trabucou no camiño dereito a Nazaré, aínda que moitos lle dixeran coma o do Evanxeo: "E de Nazaré pode saír algo bo?".

O Recanto

Aínda agardando o indulto

Victorino Pérez

Hai uns meses, unha ducia de persoeiros galegos, fundamentalmente do mundo da cultura escrita, presentaron ante o Ministerio de Xustiza unha petición de indulto pola integridade da condena que resta por cumprir para varios presos do afortunadamente extinto "Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive", que aínda seguen en prisión no Centro P. de Teixeira: Xabier Filgueira, Carlos Deive, Josefa Rodríguez, Alexandra de Queiros Vaz Pinheiro, Duarte Abad, Basilio Fernández e Manuel Souto; os dous últimos xa están actualmente en liberdade.

Entre os asinantes estaban algúns tan coñecidos coma o artista e empresario Isaac Díaz Pardo, escritores como Manuel María, Vidal Bolaño, Ferrín ou Xosé M^a Álvarez Cáccamo, e teólogos coma os clérigos Torres Queiruga e Francisco Carballo.

No texto afirmaban que a medida de gracia solicitada facíase "considerando as súas circunstancias persoais e penitenciarias, a modificación dos factores que determinaron no seu día a imposición das condenas" e o grao de cumprimento destas (once anos en case todos os casos).

Pero tamén porque desde hai anos xa se deixaron de producir en Galiza feitos de violencia política coma os que determinaron a imposición das súas condenas. Os solicitantes cren "transmitir o amplo sentir existente na sociedade galega, que non pode comprender se manteña aínda en prisión a estas persoas".

Tal como están as cousas neste momento, cando un ousa tocar o vidroso e noxento tema do terrorismo, cómprelle deixar claro unha vez máis que non o defende, que un tamén está contra a violencia que asasinou ou intimida á xente, sexa

pola causa que sexa; que un está convencido de que só se pode construír un mundo mellor -máis xusto e máis pacífico- desde a non violencia, etc. Máis aínda, no caso do terrorismo independentista galego, somos lexión os galeguistas que consideramos moi afortunado o feito de que fracasara nos seus mesmos comezos, e xa temos escrito disto hai anos.

Pero tampouco non podemos admitir afirmacións como que "o nacionalismo é unha doutrina reaccionaria...", "hai unha conexión manifesta entre o crime, os seus presupostos teóricos e os seus obxectivos políticos" e "o rostro do inimigo é -mate ou non mate- o nacionalismo étnico" ("¿De pie o de rodillas?", A. Arteta, El País, 15-XII-00). O nacionalismo po-

de ser, e éo para a maioría, algo tan lexítimo como a pacífica defensa dos dereitos dun pobo. E si se ousa dicir que todo nacionalismo é violento, que non se reduza ao vasco, catalán ou galego, senón tamén ao español... e ao yanki, etc. que mata a máis xente.

De todos xeitos, si me sumo á solicitude de indulto manifestada máis arriba, é precisamente polo convencemento de que estes galegos xa "pagaron" polo grave erro que cometeron hai once anos, no que morreu un garda civil. Afortunadamente non chegaron a meterse na espiral de violencia etarra ou do GRAPO, nin creo estén hoxe polo labor, segundo a información que teño.

... e paz na Terra para homes e mulleres de boa vontade.

O Recanto

A Veneranda

Victorino Pérez Prieto

"Quero ser coma un neno/ Coma un neno e coma Veneranda/ É dicir, eterno inmaduro (nesta vida), regalo e carga/ É dicir, constante aprendiz ós seus noventa anos/ É dicir, xamais saciado, sempre famento de festa e todo iso/ (...) Coma un neno para recuperar a maxia do desexo/ e non perder devezos..."

Son versos dun poeta galego, que ademais é cura e un bo amigo meu, Xosé Antón Miguélez ("Profecía dun capitán trono"). Os últimos ("recuperar a maxia do desexo e non perder devezos") cadran ben co día de onte (Reis) e con este primeiro domingo do ano. ¡Que triste comezar un ano novo sen desexo e sen devezos!; é como quedar ancorado nunha vía morta, sen po-

der agardar nada novo, sen arelar vida nova.

Pero non quería falar do ano novo nin dos desexos, senón da Veneranda, unha vellíña de máis de noventa anos que enteraron nun cemiterio de Abadín nas últimas semanas do pasado ano 2000. Aínda que Veneranda naceu tamén nunha noite de reis, como unha desconcertante epifanía do amor tolo de Deus.

A Veneranda era unha muller cunha grave deficiencia psíquica, que a levou a andar moitos anos pedindo polas portas, dependendo da caridade dos veciños; pero que acabou vivindo coma unha raíña, graciás aos coitados dunha filla, Pili. Intelixente e "botada para adiante", Pili, que naceu nunha Noiteboa,



tamén sufriu moito a dureza da vida; particularmente, padece unha grave minusvalía física

que lle impide andar erguida e teno que facer encrequenada. A pesar desta limitación, Pili conseguiu traballo nunha empresa durante anos e hoxe goza dunha pensión que lle permite vivir moi dignamente, e mesmo poder desprazarse cun coche adaptado para ela.

Pili, unha activa militante cristiá, sindical e política, daba continuamente graciás a Deus pola súa nai Veneranda, polo moito que recibía cada día dela, pola súa compañía e o seu amor, pois Veneranda era moi cariñosa. Á morte desta, Pili caeu nunha fonda depresión, da que vai saíndo graciás ao agarimo dos amigos.

Nunha reunión de compañeiros, Xosé Antón comentaba hai

uns días que, a pesar da aparente inutilidade, polo súa subnormalidade, Veneranda foi unha muller que deu moita vida e foi capaz de xerar moita alegría arredor seu. Podo dar fe disto, pois tiveron ocasión de compartila numerosas veces. Alegría que nace da sinxeleza, da autenticidade dunha persoa sen dobrez.

A vida de Veneranda, como a de tantos casos semellantes, manifesta, particularmente aos crentes, que non existen situacións sen saída, que non hai "buratos mouros" na vida, como non os hai totalmente "brancos". Que tódalas vidas son poliédricas, e entre todos, coa riqueza dos pobres e a pobreza dos ricos, imos tecendo a harmonía dos cosmos.

O Recanto

"Adiante"

Victorino Pérez Prieto

José Ramón é un ex alcohólico que, despois de dar moitos tombos por Galiza e a península ibérica adiante, de moinante ou exercendo eventualmente os traballos máis dispaes na terra e no mar, foi parar un día á casa de Xosé Antón, un cura amigo meu.

José Ramón recalou na rectoral do Xosé Antón como quen chega a un bo porto:


Alí foi acollido como "o meu señor e mestre", tal como ensinaba san Vicente de Paúl, ese santo ao que o mesmo Voltaire chamaba "o meu santo", pola radicalidade da súa entrega.

Nese fogar para o corpo e o espírito, foi estabilizando José Ramón pouco a pouco a súa vida. Xa leva alí case un par de anos,

e pensa quedarse pola comarca en canto atope casaña de seu.

José Ramón é un home intelixente, que o mesmo rotula con mestría profesional ou restaura primorosamente unha imaxe, que pinta un cadro de cabaleta ou traballa coa brocha gorda nunha casa, fedella intelixentemente no ordenador ou repara un vello automóbil, e logo vai preparar a horta para ter na casa unhas boas leitugas, tomates...

Do mesmo xeito, José Ramón participa tamén animosa e críticamente nunha conversa sobre política, relixión ou poesía, ou se toma moi en serio unha longa partida de canasta. O noso amigo Xosé Antón podería falar moito máis disto.



Hai uns días, faloume José Ramón de "Adiante", unha asociación de ex alcohólicos de As

Pontes, na que ven participando con moito entusiasmo hai un tempo, convencido de que este colectivo leva "adiante" un gran labor.

Alí sentiuse particularmente acollido; el adoita destacar o san e sincero clima comunitario, familiar, que alí se respira.

Non debe andar moi descamiñado no seu xuízo, pois participan na asociación uns 160 ex alcohólicos de xeito máis ou menos estable, convencidos coma el que merece a pena tentar refacer as vidas destragadas polo alcohol, a pesares das dificultades.

Pero o caso é que esta meritória asociación ven tendo ultimamente graves problemas, que poñen en perigo a súa continui-

dade, porque a administración deixou de fornecerlle as axudas que lle viña dando.

Non dubidamos que tería as súas razóns; pero, seguramente, no era esa partida orzamentaria a máis inútil, a xulgar polo labor que "Adiante" está a realizar nos límites municipais e nos concellos veciños, ata da mesma bisbarra de Ferrol.

Os membros desta asociación, como os de tantas outras semellantes, deixando atrás os enganosos "Días de viño e rosas" da película de Blake Edwards, queren renacer nunha "Esperanza", como a película do noso malogrado Chano Piñeiro.

Merecen todo o apoio nese esforzo.

vitope@palalfa.es

O Recanto

O último drama en El Salvador, o terrible terremoto que deixou unha vez máis morte e destrucción nese castigado país centroamericano, golpeou estes días os nosos sentimentos e as nosas conciencias. As xenerosas colectas feitas desde distintas instancias, tamén nas parroquias, son expresiva mostra disto. Por iso, este domingo quero deixarlle o espacio do "Recanto" á carta que recibín dun amigo que está traballado alí, Patxi Loidi. É unha longa carta da que só podo estraxar algúns significativos párrafos, respectando a súa lingua. "Realmente pasé medo; mejor dicho, pánico. Sí, es la primera vez que he sentido pánico..."

Salí sin respirar por la puerta delantera de la oficina y me fui hasta el portón de hierro de la entrada, pero no lo podía abrir, porque el movimiento era tal, que el pasador había sido doblado. La calle estaba llena de gen-

te... Mis dos compañeros se habían agarrado a un árbol del jardín y se balanceaban con él, que se mecía violentamente hacia uno y otro lado. El pánico nos comía las entrañas... El Salvador está triste. La desgracia ha sido inconmensurable. El domingo avisaron que las 10 de la mañana del lunes sería la hora tope para enterrar a los cadáveres no identificados de los días anteriores. Hay miedo a epidemias. No han desenterrado todavía ni la mitad de los cuerpos sepultados y desaparecidos, y sin embargo muchos de los desenterrados no han sido identificados... han quedado sepultadas familias enteras, los padres y todos los hijos... otras veces, los cadáveres que sacan son irreconocibles... La tragedia es inmensa.


Desde El Salvador con dolor

Victorino Pérez Prieto

¿Habrà juicio para los responsables de las construcciones hechas en lugares carentes de seguridad? La gente dice que no: siempre ha sido así, repiten. La propaganda exculpadora ya ha comenzado...

Hemos de reconocer que aquí hay desastres de la naturaleza y también desastres de una injusticia ancestral que agranda los desastres naturales. Basta ver de cerca y por dentro las chozas de las zonas marginales —como nos toca hacer a nosotros todas las semanas— y ser invitado también a alguno de los grandes palacios que se alzan en cualquier parte de la ciudad, para percibir algo de la inmensa desigualdad social de este País... Y ¿Dios? ¿Dónde está Dios en estas terribles circunstancias? Dios calla. Creó el mundo y lo

sostiene constantemente en su ser, pero respeta la libertad del ser humano y la autonomía de las leyes de la naturaleza. Los milagros son raros, incluso más raros de lo que ordinariamente se piensa. Tampoco hay castigos de Dios. El cáncer mata; y dos bloques tectónicos que chocan dentro de la subcorteza terrestre producen terremotos. Eso es todo. A los humanos nos toca dominar la naturaleza lo más posible y dominarla solidariamente para todos, que somos hermanos —eso es el amor—. Y yo me pregunto: los actos de solidaridad que estamos viviendo estos días, incluso por parte de gentes que ordinariamente no se preocupan de los demás, ¿no pesan más que los desastres y las injusticias? Yo creo que sí, y en ellos está Dios.



Por eso, es posible que pocas veces se le vea tanto a Dios, aquí y en otras partes, como en esta terrible desgracia, entre gentes que nos ayudan con sacrificio, como en muchas partes de España. Yo me digo a mí mismo algo parecido a lo que dijo el centurión romano tras la muerte de Jesús: Verdaderamente Dios anda por aquí, anda vestido de gente solidaria".

O Recanto

"The Body"

Victorino Pérez Prieto

O título ("O Corpo") e a mirada suxerinte de Antonio Banderas desde o cartel anunciador da película, sitúa ao posible cliente da sala de cine ante nunha intencionada ambigüidade. Pero non vai esta película da erótica de tal ou cal "body" masculino ou feminino, senón de algo aparentemente tan pouco interesante para os habituais consumidores de cine como é a cuestión da resurrección de Xesús Cristo. Sen dúbida, a presenza dun galán de moda ten non pouco que ver co gancho comercial. "Que bo está Banderas vestido de sotana", dixo unha moza na sala.

"The body" está protagonizado polo actor español no papel dun xesuíta salvadoreño, antigo guerrilleiro (Matt Gutiérrez), e por Olivia Williams, unha ar-

queóloga xudía (Sharon), ademais da desacougante participación de Derek Jacobi, como un angustiado arqueólogo dominico, e outros coñecidos actores. O argumento arrinca do descubrimento que fai a arqueóloga dunha tumba en Xerusalén, cun esqueleto que podería ser o de Cristo (época, idade dos restos, lugar, feridas e forma de morte encaixan).

Un alto funcionario israelí pon o feito en coñecemento do Vaticano coa fin dunha chantaxe política, na que logo entrarán tamén os palestinos. Roma envía ao xesuíta a investigar; e este atópase en Xerusalén co dominico que, cando intúe que o corpo atopado é o de Cristo, perde a fe e suicídase.


A película semella cuestionar o fundamento da fe cristiá: a re-

surrección de Cristo. ¿Qué pasaría se Cristo non tivera resucitado? O apóstolo Paulo díto tallantemente: "vana sería a nosa fe". Gutiérrez e o Vaticano, saben que ese é o miolo da fe cristiá; e pensan que se son os ósos de Xesús non hai resurrección: toda a fe cristiá caería por terra. Os católicos conservadores e os protestantes fundamentalistas saíron ao quite sobre o presunto ataque á fe cristiá que representa o filme, aínda que este deixe ver ao final que a tal tumba non era de Cristo, senón dun seguidor seu.

A película é coherente con este delineamento tradicional. Por outra banda, o xesuíta semella concluír que o importante non é se houbo resurrección ou non, senón a mensaxe moral do cristianismo, para colaborar na

construción dun mundo con máis xustiza e amor.

Pero a teoloxía vai xa hoxe por outro camiño. A resurrección de Xesús Cristo -base, certamente, da experiencia cristiá, desde as primeiras comunidades ata hoxe- non depende de que poidan aparecer os restos do crucificado (que non tiveron por que volatilizarse, nin subir a un ceo poboado por estrelas e astronautas...). A resurrección de Cristo é fundamentalmente unha experiencia persoal de fe. O "sepulcro baleiro" non proba nada, como ben dixeran xa os xudeus que non creron na resurrección de Cristo no seu tempo histórico. Por iso Paulo, que non coñeceu fisicamente a Xesús de Nazaret, di terse "atopado con Cristo", e reivindica ese encontro coa mesma autenticidade



que o dos doce Apóstolos e as demais testemuñas oculares.

Por iso, os crentes en Xesús coma o Cristo Salvador, seguimos podendo afirmar esa experiencia.

O Recanto

“Non estamos tolas, sabemos o que queremos”

Victorino Pérez Prieto

Son a Teixeira, unha rubia galega de toda a vida, que últimamente chaman “tenreira galega” por obra e gracia do selo de calidade da Xunta; atópome de súpeto, sen comelo nin bebelo, sen ulilo nin lambelo, con que teño os días contados, como aqueles mozos da película de Imanol Uribe. Claro que eles vivían unhas vidas arriscadas, ao límite, como din agora, desprezando a vida e facéndolle as beirras á morte cada día. Pero eu, pacífica vaquiña, só quero vivir e morrer en paz na terra que me veu nacer.

Agora din que eu e as miñas pacíficas irmás de raza estamos tolas, porque temos una enfermidade que lle chaman “Encefá-

lopatía Esponxiforme Bovina”. E din que compre acabar con nós, porque seica somos un perigo para os homes e mullerés desta terra. ¡Un perigo nós! ¡Pero se como dixo Castelao as vacas somos “o símbolo da paz”!

Por culpa duns desalmados ingleses, aos que non lles importa máis que o carto, envelenáronnos con fariña porcallenta. Eses malnacidos da pérfida Alvién, ávidos de gañar diñeiro inmolando vidas ao cruento Mamon, non só envelenaron ás nosas probiñas irmás británicas, senón que mandaron a súa merda polo mundo adiante. Tamén aquí algúns labregos, que queren máis aos cartos que ás súas vacas e aos seus irmáns, déron-

nos a comer aquela fariña emponzoñada. Pero non puideron comprar a alma dos bos galegos.

Con todo, o medo desa EEB estendeuse por todo o país coma regueiro de pólvora, creou tal situación de pánico que agora din que a única solución e irmos matando a todas, coma cascudas. Falan dos dereitos da xente. Pero ¿onde quedan os nosos dereitos? ¿Que dereito teñen de exterminarnos por uns pecados que eles cometeron? Claro, que neste mundo dominado polos humanos, seica son eles os que teñen tódolos dereitos; máis aínda, cren que son os únicos que teñen dereitos, que para iso o home é o señor da creación. ¡Miñaxoias!

Pero eu lémbrolles aos galegos e galegas o que Castelao dixo de nós, pacíficas e sufridas rubias galegas: “A vaca esqueceuse dos cornos e dános o seu traballo, o seu leite, a súa carne... non nos pode dar máis”. Fronte ao can que é o amparo dos ricos, a vaca é “o amparo dos pobres libres”; máis aínda é “a ama de cría da humanidade”.

O irmán Daniel dixo tamén de nós unhas verbas sabias nas que debían cavilar unha miguiña os homes e as mulleres de Galiza, e os nenos que non coñecen de nós máis que o leite de cartón e a carne picada das hamburgüesas (que non adoitan estar feitas precisamente coa dignísima e fiabilísima carne da



rubia galega...): “O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida”. Por iso dixo tamén: “o día que nós emitamos papel-moeda non estaremos nel o retrato dos políticos nin dos sabios, estaremos sementes a figura dunha vaca”.

O Recanto

"Náufrago". O baleiro dun yanki

Victorino Pérez Prieto

Estaba por volver ao tema das vacas tolas, do que falaba o Recanto do domingo pasado, escrito en primeira persoa dun rubia galega, a Teixeira. E pensaba volver, entre outras cousas, porque os trasnos do xornal trocárono no mesmo título "tolas" por "solas"; debe ser que non están moi ao tanto do tema... Pero, ademais, porque este da moito máis de si, a pesar de que se teña escrito tanto; os erros do goberno central, da Xunta, dos gandeiros...

Pero esta semana fun ao cine cun amigo, e vimos "Náufrago", esa película coa que Tom Hanks pode recibir un novo óscar, o terceiro, da man do mesmo director co que recibiu o de "Forrest Gump", Robert Zemeckis. Non

hai dúbida da calidade dese actor con cara de neno bo, tipicamente norteamericano; demóstrao unha vez máis nesta película, de moi correcta realización e a impecable destreza técnica das películas made in USA. Opinións particulares aparte, a película está ben. Pero non é do seu aspecto técnico do que quero falar.

Tanto a figura do protagonista como todo o filme, son a antítese de "Robinson Crusoe", que temos visto varias veces na pantalla. Chuck Noland é un enxeñeiro de sistemas de monótona vida persoal e profesional, que vive na teima polo traballo, e cada momento está controlado ata o máis mínimo detalle; mesmo a

penas lle deixa tempo para a súa eterna moza, Kelly. É certo que entre o protagonista da célebre novela de Daniel Defoe e Chuck hai 250 anos de diferenza, pero, vendo esta película sobre un náufrago do século XXI, un sente saudade por aquel home de hai case tres séculos que soubo humanizar a súa soidade nunha afastada illa.

Chuck, típico produto do mundo capitalista yanki deshumanizado, nen sabe defenderse fora do seu ambiente de máquinas e cousas prefabricadas, nen, o que semella máis grave, é capaz de humanizar a súa soidade. Tan só a tímida creación dun amigo con quen falar, Wilson, un balón no que pinta unha ca-

ra de toscos trazos. Nos catro anos daquela illa non aparece nin un só animal (fora dos peixes que come), nin o seu solitario habitante é capaz de crear nada semellante a un fogar, fora duns trazos nas paredes dunha cova e un detallado cómputo dos días.

A soidade é absoluta, só ten a Wilson e unha foto da súa moza. Tan absoluta, que nin aparece Deus por ningún horizonte. Nen positiva nen elípticamente.

A realidade transcendente mesmo semella ser negada claramente cando enterra a un compañeiro de viaxe (cando a morte foi a primeira pregunta polo Alén...). "Xa está todo", di tras botar a terra, como indicán-



do que a clásica cruz con dous paos tenzados, ou unha sinxela pregaría é algo inútil.

O náufrago pode saír por fin da illa e, cando chega onde os seus en Memphis, xa non ten moza, pero... quédalle o seu magnífico coche todo terreo.

O Recanto

¿Ambigüidade da Igrexa
contra a violencia de Eta?

Victorino Pérez Prieto

Xa teño manifestado neste Recanto o meu convencemento de que o sentido do humor é algo fundamental, tamén no que se refire ás cousas da Igrexa e da relixión. Pero cando o humor deixa de ser a ironía intelixente e se converte no insulto doado, inxusto e falso, aínda que se ampare no tópico político e xornalístico, non pode menos que merecer a condena.

É o caso de dous chistes que saíron neste xornal os días 20 e 21 deste mes, obra de dous debuxantes habituais, Salas e Pareja. O primeiro, co texto "Conferencia Episcopal condenando la violencia", poñía aos bispos volvendo á cara contra Xesús de Nazaré na escena en que expul-

sa aos mercadores do templo de Xerusalén, mentres facían caso omiso do que acontecía á súa beira: un asasino estaba a disparar contra un indefenso homiño. O segundo, de Pareja, presentaba ao día seguinte as táboas da Lei cos Dez Mandamentos; un asterisco ao pé do quinto remitía a unha nota: "Excepto en Euskadi".

Nos dous debuxos non había ironía, senón insulto doado, amparados na polémica entre PP-PSOE e a Igrexa, por non ter firmado esta o pacto antiterrorista asinado polas dúas formacións políticas. Unha polémica amplamente encirrada polos medios de comunicación; por unha parte en base ao morbo que sempre

teñen coas cousas que se refiren á relixión católica, e pola outra polo seguidismo dese "pensamento único" proclamado cada día coma un disco raiado polos dous grandes partidos, contra os nacionalistas de Euzkadi ou Galiza, e mesmo —con máis sordina, por aquilo de que teñen máis votos— contra os de Cataluña, metendo a todos no saco dos terroristas, afirmando a desvergoña de que todos son iguais, digan o que digan, porque o único realmente válido é o que din os dous grandes.

Dicir que a Igrexa española, incluída a vasca, non ten agora e non tivo sempre unha postura clara de rexeitamento e condena da violencia asasina de ETA, é

ou ser xordo e cego, ou ser un cínico que quere enganar á xente cunha groseira manipulación política. A Igrexa ten manifestado a súa condena da violencia terrorista centos de veces; desde algúns magníficos textos dos bispos vascos ata outras boas declaracións da Conferencia Episcopal, ademais das declaracións puntuais. Pero a Igrexa non entrou no xogo dese pensamento político "correcto" (partidista, que non ten que ver co rexeitamento moral da violencia), e tamén foi satanizada por non ser "clara" na súa condena, como fixeran antes satanizando aos nacionalistas.

Ao remate, a pesar da presunta vontade de utilización política da Igrexa, pronto tiveron que recuar os xerifaltes do PP, porque... "con Rouco temos topado". Xa non se trataba dun pobre bispo donostiarra con simpatías peneuvistas, senón do egrégio cardeal de moda, arcebispo da



capital estatal, con quen sempre semellou levarse moi ben este goberno, porque, ao fin e ao cabo, pensarán, "é dos nosos..."

vitopa@planalfa.es

O Recanto

¿Aínda existe iso da "Coresma"? ¿Aínda queda iso dos "Mércores de Cinsa", no que, segundo dicía a Igrexa, non se podía comer carne nin seguir cos excesos do Martes de Entroido? ¡Pero se cadra no medio do Entroido (non se enterrou aínda a Sardiña...)! Non son elucubracións vanas deste que escribe, senón preguntas e expresións ben reais; en Galiza e no resto da Hispania do terceiro milenio, que segue a declararse "católica", pero que vive o presunto catolicismo de xeito tan "sui generis" que calquera parecido coa realidade é mera coincidencia. Non en balde, as últimas análises sociolóxicas do CIS (decembro pasado) apuntan a que a sociedade española vese a si mesma cada vez como menos relixiosa... Algún ferrolán dirá que na Semana Santa cada vez están

máis cheas as procesións... de capuchóns, pero ¿de católicos?

Respondendo a pregunta do comezo, si, aínda existe a Coresma, desde o Mércores de Cinsa ata o Domingo de Ramos. Máis aínda, dificilmente pode haber un Domingo de Ramos, unha verdadeira Semana Santa e unha auténtica Pascua de Resurrección sen unha boa Coresma. Do mesmo xeito que non se pode facer unha boa carreira no estadio sen prepararse a conciencia durante semanas e meses. Sen dúbida, a Coresma segue sendo un tempo simbólico importante, unha boa proposta que a Igrexa segue a facer, fiel ao texto de Paulo que liamos o Mércores de Cinsa: "Agora é o tempo oportu-

no, agora é o día de salvación" (2Cór 6,2).

A proposta da Coresma como tempo de busca e de conversión, resulta neste comezo de milenio máis necesaria que nunca, porque o século pasado deixounos máis desencantos e dúbidas que esperanzas e conviccións; pero aínda no se apagou a sede de Vida no ser humano.

Aínda que as festas e feiras gastronómicas semellen querer convencernos do contrario, "Non só de pan vive o home...", escoitarase este domingo nas igrexas, de labios de Xesús. Paréceme unha desas frases xeniais do Evanxeo, profundamente expresiva dunha visión non banal e superficial, ó mesmo tempo que

realista. A frase, collida do libro do Deuteronomio (Dt 8,3) e posta en boca de Xesús de Nazaret, complétaa o evanxelista Mateo dicindo: "... senón, tamén, de toda Palabra que sae da boca de Deus" (Mt 4,4). Para o seguidor de Xesús, Deus non asoballa nin aliena, senón que enriquece á persoa; e a persoa humanízase na medida en que busca algo máis que pan... e sexo e diversión, aínda que isto tamén sexa moi bo.

A Coresma é unha invitación a unha corentena ético-moral e espiritual, persoal e tamén social. A invitación ven marcada por unha triple proposta: O xaxún, para minguar un a fin de que medren Deus e os demais en



min. A esmola, para que mingtie o inxusto reparto da riqueza. E a oración, resposta persoal e comunitaria á Palabra de Deus. Esta corentena, como todas, quere ser curadora, cara a máis autenticidade e honradez consigo mesmo, cos demais e con Deus.

Aínda a Coresma

Victorino Pérez Prieto

O Recanto

Cáritas, o buque insignia da Igrexa

Victorino Pérez Prieto

Sen dúbida, o buque insignia da Igrexa católica, en Galiza, en España e no mundo, é Caritas; esa vella organización con máis de medio século de vida que quere realizar o máis importante mandato de Xesús de Nazaré, practicado desde hai dous mil anos: a caridade, o amor gratuito feito servizo xeneroso aos máis febles. Nesta organización ten a Igrexa o meirande capital de credibilidade que aínda lle queda neste mundo. "Onde hai amor -verdadeiro- alí está Deus", S. Xoán dixit; pero non só Deus (que ou é amor ou non é nada), aí está tamén o mellor do ser humano, home e muller. Por iso, no servizo entregado ao que menos pode, atopámonos todos os homes e mulleres de boa

vontade, crentes e non crentes, cristiáns e musulmáns (... menos os bestas dos talibáns, asesinos de mulleres e pacíficos budas).

E aí está Caritas, facendo verdade a sabedoría do vello refrán castelán: "Obras son amores y no buenas razones". Como están tamén algunhas ONGs; non todas, que tamén nisto hai moita trampa. Pero Caritas pretende ser máis que unha ONG, non por poñerse de pluscuamperfecta, senón porque quere ser máis que unha "axencia de servizos sociais da Igrexa". Caritas é consciente de que, máis aló de ser unha opción entre outras na Igrexa, é canle privilexiada -non a única- do compromiso de amor solidario de toda a Igre-

xa cos máis pobres. Por iso, hai moito tempo que tenta ir máis aló das "limosnitas", o roupeiro e a "sopa boba", para colaborar activamente na recuperación dos dereitos e a dignidade dos oprimidos.

Caritas é unha organización internacional da Igrexa católica, pero está artellada nas Caritas supranacionais e nacionais, nas diócesanas e nas Caritas parroquiais, que son as bases máis preto da realidade. Estas últimas son as que dan realmente entidade á gran organización; sen elas, Caritas sería un organismo puramente administrativo. Por iso, o gran organismo sabe que está ao servizo do traballo das parroquias, ás que, ademais de evanxelizarse e celebrar a



fe, cómprelles o papel irrenunciable de exercer o amor feito xenerosa caridade.

Nas Caritas parroquiais é onde o plan xeral de superar a mera acción de beneficencia (a bolsa cos alimentos, a axuda no

pago de alugamentos, luz, etc.) a prol dun papel de promoción e integración social das persoas que atende, faise máis difícil; pero téntase facer...

Este sábado, Caritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol tivo a súa Asemblea anual, para presentar balance, proxectos e propostas de futuro, en continuidade co que ven facendo nos últimos anos, gracias ó equipo de xente xenerosa e preparada que promove e coordina o labor de base das parroquias. Faino nos seus programas de muller, familia, maiores, "sen teito", acción comunitaria, escola de formación, caritas xuvenís...

Sen este labor, a Igrexa faise pouco crible nun mundo secular.

O Recanto

Un nomeamento vaticano esperanza para o ecumenismo

Victorino Pérez Prieto

O coñecido bispo-teólogo alemán Walter Kasper, recentemente "elevado á dignidade cardinalicia", ven de ser nomeado polo Vaticano presidente do Consello Pontificio para a Unidade dos Cristiáns, sucedendo ao cardeal australiano Edward Cassidy. Este nomeamento fixo brillar unha raiola de esperanza en moitos católicos que en todo o mundo apostamos por un encontro ecuménico real de tódolos cristiáns.

Máis aberto que Monseñor Ratzinger, Walter Kasper é un home moderadamente progresista. Foi adxunto de cátedra do polémico e expedientado teólogo suízo-alemán Hans Küng, e un escritor prolífico que estudiamos con devoción; logo foi bispo de Stuttgart e secretario do cita-

do Consello. Actualmente está preto das teses aperturistas do novo cardeal Karl Lehman e ten polemizado con Ratzinger. Mesmo, nalgún titular de prensa líasese estes días: "O Papa nomea á fronte do ecumenismo a un cardeal anti-Ratzinger". Non é tanto, pero agárdase que impulse o diálogo ecuménico despois da desfeita da *Dominus Iesus*; de feito, Kaspers solidarizouse coas críticas que se fixeron a este desafortunado documento.

Este nomeamento parece manifestar algo que é un segredo a voces: nin sequera tódolos cardéis e altos cargos da curia vaticana pensan o mesmo en cuestións fundamentais da Igrexa. Os problemas dalgúns bispos alemáns e centroeuropeos co Vaticano son boa mostra diso.



Fai tempo que la Igrexa católica deixou de ser unha institución caracterizada pola harmonía monolítica e a submisión ás autoridades constituídas, se é que o foi realmente algunha vez... Sempre o Espírito soprou onde quixo e como quixo.

O vello teólogo andaluz José

M^a González Ruiz falaba nun artigo recente de W. Kasper con estas palabras: "Foi e é un teólogo excelente, moi consecuente coas esixencias do Concilio Vaticano II". Tamén dicía que, ao ser nomeado cardeal poderíase acabado co excelente teólogo e convertelo en mero funcionario eclesiástico, pero afortunadamente non foi así, tal como manifestou nunha entrevista ao día seguinte do evento no coñecido diario alemán *Frankfurter Allgemeine Zeitung*. O novo cardeal recoñecía alí abertamente que a afirmación de Ratzinger de que as Igrexas nacidas da Reforma non son Igrexas en sentido propio, produciu un profundo malestar: "Isto feriu aos outros e fireme tamén a mín, en canto que os meus amigos sên-

tense feridos. Esta afirmación é deplorable porque é unha saída desgraciada e equívoca".

Nesa entrevista, o cardeal e agora presidente do Consello para a Unidade dos Cristiáns, fai tamén unhas precisións verdadeiramente importantes: hoxe entendemos a "*ecumene*" ou "*catolicidade*"— non xa no senso da "*ecumene de regreso*" (que os outros deban "*converterse*" e "*facerse católicos*"), senón máis ben vese o ecumenismo coma un *camiño común*: todos deben converterse ao seguimento de Cristo, e en Cristo todos se atopan finalmente. O catolicismo deberá ser enriquecido polas moitísimas cousas que aprendemos os uns dos outros.

Oxalá poida levar adiante este proxecto para ben de todos.

O Recanto

De curas, frades e monxas

Victorino Pérez Prieto

Que os curas van a menos non é xa noticia, resulta ben sabido. Tampouco é novidoso que o recoñecemento social dos curas, e do papel que poden cumprir na sociedade veu moito a menos nos últimos tempos. Seguramente isto último non ten pouco que ver no anteriormente sinalado, aínda que non é a única causa. Tampouco é nova a noticia dos "desmanes" clericais. Quen coñeza a Historia da Igrexa, pode atopalos a oito, e non é este o momento máis decadente e inmoral da súa historia. Non só polo chamado "séculum ferreum obscurum" (s. X), no que immoralidades de toda índole (estupro, roubo, asasinato...) se multiplicaron nas máis altas esferas eclesiásticas, papas incluí-

dos. A literatura popular galega ten un amplo cancionero sobre o clero, que manifesta a súa opinión verbó da relación deste coa comida, as mulleres, as cerimoniais e os diñeiros.

Con todo, a pesar do comprensible morbo popular cos curas-frades-monxas, bichos un pouco raros no contexto social, o certo é que nin a inmoralidade é toda a verdade deste colectivo, nin estes son, maioritariamente, elementos prexudiciais no corpo social; mesmo pode que moita xente pense aínda que son boa cousa...

Hai uns días, unha cadea de TV lanzaba a noticia sobre un



novo escándalo na Igrexa, dado a coñecer por un diario católico estadounidense. Tratábase da denuncia dunha relixiosa norteamericana sobre curas que violaron monxas, na súa maioría en países de África,

cousa non desmentida polo mesmo Vaticano. Unha noticia repugnante, que a calquera persoa de ben nos pon os pelos de punta, coma acontece cos casos de abuso de menores por parte de clérigos.

A confianza que poida merecer a Igrexa, e dentro dela curas e monxas, non vai depender da miña defensa, pois ou defenden-

se sós no diario trato coa xente nas parroquias e comunidades relixiosas, que coñecen ben as súas bondades e miserias, ou condénanse. Por outra banda, aínda que esta relación só pode manterse nunha confianza mutua, a confianza cega non se debe poñer en ninguén, pois crea sectarios... En ninguén fora de Deus, como nos avisa a Biblia (Xeremías 17). É moi sano desmitificar a todos, desde o cura ata o bispo e o papa. A Igrexa, se é fiel ao Evanxeo, non se predica a si mesma, senón ao Deus de Xesucristo.

Penso que é bastante claro que a maioría dos curas non son abusadores de monxas; nin de mozas, nin de nenos/as, nin son explotadores ávidos de cartos (aínda que moitos o fagan)... Curas-frades-relixiosas son xente que, coas súas contradicións e pecados –propios e da súa Igre-

xa– e con incompreensións, quen servir á comunidade cristiá e á sociedade na medida das súas capacidades, sempre limitadas.

Con todo, a Igrexa ten moito que rascar –por iso debería ser máis humilde– e moito que cambiar (Ecclesia sempre reformanda). Particularmente cómprelle un cambio profundo en relación coa participación dos leigos/as nas súas decisións e coa norma do celibato obrigatorio, imposto ao clero católico-romano.

Seguramente, a revisión desta norma anacrónica podería axudar a que os curas viviran de xeito máis sano e creíble o servizo á comunidade, con máis equilibrio afectivo e máis integrados socialmente; isto podería tamén axudar que aumentara algo o seu número, e a Igrexa aforraríase algúns escándalos.

O Recanto

Os curas de Ferrolterra

Victorino Pérez Prieto


Os curas de Ferrolterra, coma os de calquera zona do país, ou calquera parte da Igrexa polo mundo adiante, son un colectivo plural, sobre todo no que respecta a súa análise social e as súas opinións políticas. Se non fora así, serían aínda máis "extraterrestres" do que semellan ser á vista da xente.

Todos, pobres e ricos, empresarios e traballadores, xente da periferia ou do centro... vemos a realidade segundo o punto de vista onde nos situemos. Os curas tamén. Na bisbarra ferrolana, a Igrexa tivo hai máis de vinte anos un protagonismo activo sabendo estar ao lado das reivindicacións sociopolíticas e laborais do seu pobo; algúns curas pagárono ben caro, incluído o que era daquela o seu bispo, Don Miguel-Anxo Araújo; pero nesta situación conflictiva, o po-

bo sabía e recoñecía quen estaba con eles.

Xesús de Nazaré foi unha persoa que viña da periferia -unha rexión de mala fama chamada Galilea, cunha lingua minoritaria e desprezada que era o arameo- e toda a súa vida foi un conflito constante co centro, Xerusalén, tal como manifesta, sobre todo, o evanxeo de Marcos. A capital era a sede dos poderes relixiosos (a xerarquía eclesiástica xudía), civís (autoridades relixiosas e administradores romanos) e militares (representantes do imperio romano). Os tres intensos anos de vida pública de Xesús foron un constante conflito co centro, que acabou coa súa morte relixioso-política na cruz, coma un perigoso malfeitor.

Xesús non fuxiu do conflito e soubo ser fiel ao seu compromiso



coa causa do Reino de Deus.

Salvando as distancias... tamén un grupo de curas de Fe-

rolterra, coas súas comunidades cristiás, manifestaban onte sentir "a impotencia de Xesús de Nazaré fronte aos poderes establecidos, xordos aos seus berros de xustiza polos dereitos dos pobres", e dicían experimentar "o seu pranto ante Xerusalén", onde os representantes do poder non quixeron escoitar o seu anuncio.

Ese pranto era a rebelión ante unha realidade inxusta, que afoga, sobre todo, os dereitos dos máis pobres. Así o expresaban eses curas, que non querían quedar insensibles ante as inxustizas seculares cometidas con esta bisbarra, e manifestaron apoiar coas súas comunidades e co pobo de Ferrolterra as reivindicacións da mellora das infraestructuras, desenvolvemento do tecido industrial e xeración de emprego; convencidos

de que, sobre todo, a deficiencia das infraestructuras afoga a vida laboral e social de Ferrolterra desde hai décadas.

Non tódolos curas da bisbarra foron capaces de apoiar un manifesto conxunto, pero si un importante grupo deles, dos tres arciprestados de Ferrolterra (San Xiao, Chamorro e Xuvia). Sempre o medo da "politización"; pero -en realidade- toda postura ante un conflito sociopolítico é política: Ou me posiciono dun xeito ou doutro, o centro non existe, aínda que agora sexa reivindicado polos grandes partidos. Normalmente os "apolíticos" son de dereitas, porque a súa postura abstencionista favorece ao sistema establecido. Xesús non foi apolítico, e por iso o mataron. Esperemos que, nesta ocasión, non chegue o sangue ao rego por tan pouca cousa.

O Recanto

Outra volta a Semana Santa, semana grande dos cristiáns; intenso camiño dos Ramos á Pascua celebrado nas comunidades, ou uns días nos que se mesturan festa e folclore cunha devoción lacrimóxena raiana na superstición. No medio e medio da semana, o Xoves Santo sobresaí como a tardiña máis emotiva: o amor fraterno que se fai servizo e entrega na eucaristía. Na Misa da Cea do Señor xúntanse a Caridade e a Eucaristía, realidades intimamente vencelladas no testamento do Mestre; pero esquecidas ou contrapostas para moitos cristiáns.

Este ano lembrarei nese día especialmente a Florencio Simón, o transeúnte que unha amiga miña atopou tirado nunha rúa de Ferrol, con graves problemas de respiración a causa deste inverno que non remata, máis duro para el que para

os que temos casa quente onde durmir cada noite.


Foi hai unhas semanas, Cayetana chamaba ao teléfono da parroquia, pouco antes da Misa vespertina do sábado; necesitaba axuda de alguén de Caritas para o indixente que atopara tirado. Xa chamara ao 061, e unha UVI móbil fa levalo á Residencia, pero facía falla que alí mirara alguén por el. Beti, que colabora en Caritas de San Xoán, déralle ese teléfono a Cayetana, e esta lembrou que era eu o cura que estaba nesa parroquia. A Cayetana déralle o teléfono de Beti unha amiga que estaba con ela e, no momento de máis apuro polo bo do Florencio, lembrou que Beti colaboraba en Caritas e podería buscar axuda,

nunha hora tan pouco oportuna.

Tamén para min, o momento non podía ser máis inoportuno, un sábado á tardiña, cheo de traballos na parroquia... Os pobres sempre son inoportunos. Pero Cayetana fíxome prometer ir mirar á Residencia polo Florencio; e así o fixen, trala Misa e unha reunión que tiña convocada despois. Entrei no Marcide por Urxencias, pero non sabía moi ben por quen preguntar, só tiña un nome, sen apelidos. Pero, de seguida din con el. Mandáronme a unha sala onde Florencio estaba agardando polo médico, que xa lle dera unha inxección de urxencia, e empezamos a parolar. “¿Florencio?”. “Sí, soy Florencio Simón, de Burgos”. “Yo Victorino, de Hos-

Florencio e o Xoves Santo

Victorino Pérez Prieto



pital de Orbigo, León, cura de San Xoán”. “Ah, Padre, pués en ese pueblo estuve yo de ambulante...”

Contoume que lle morrera a nai había un ano e medio, e non puidera volver entrar na casa

onde a atopou morta. Desde entón andaba de moinante. Só tiña uns irmáns que traballaban de “tiramonos” nas festas e feiras. Despois de explicarme o que era ese traballo descoñecido para min, díxome que os deixara, despois de estar un tempo con eles. Florencio non quedou aquela noite na Residencia, pois non estaba para ingresar, e buscámoslle lugar para pasar a noite no Albergue, onde o ía levar unha ambulancia, tal como amañara Carlos, o presidente de Caritas Diocesana, que me localizou no meu móbil.

E eu lembrei como os pobres lle incordaban a Xesús de Nazaré, ata o punto de que “nin para comer atopaban tempo” (Mc 6,31). Tamén cavilei na importancia da axuda coordinada, como aconteceu con aquel paralítico que Xesús curara nunha ocasión (Mc 2,1ss).

O Recanto

Resurrección

Victorino Pérez Prieto

"Y dijo el Señor: vuelva la vida,
y que amor redima la condena,
la gracia está en el fondo de la pena
y la salud naciendo de la herida".

Hai uns meses falaba neste Recanto da resurrección, aínda que só tanxencialmente, con ocasión dunha película en carteleira ("The Body", 4 Febr.). Un colega comentoume, non sen certa razón, que naquel curto espacio non deixaba suficientemente claro o tema da resurrección, que eu salientaba como algo totalmente nuclear na fe cristiá.


"¿Por que buscades entre os mortos ao que está vivo?" (Lc 24,

1-12), era o anuncio que recibían unhas mulleres na simbólica mañá de Pascua, no primeiro domingo da historia ("Día do Señor"). A súa testemuña abría unha porta definitiva á esperanza máis aló da morte.

A interpretación que a esexese e a teoloxía fan hoxe dos textos evanxélicos sobre a resurrección, que recollen en relatos contradictorios a *experiencia pas-cual* das primeiras comunidades, invita a superar a idea inxenua das "aparicións milagreas" do Resucitado e o presunto peso histórico do "sepulcro baleiro". "A base do testemuño dos discípulos non é o acontecemento da resurrección ... senón os encontros co Resucitado" ("Diccionario Teológico del Nuevo

Testamento", Salamanca). Estes encontros non son nin cunha pantasma nin cun organismo material, senón coa identidade vital máis fonda do Mestre, o que el era realmente, máis aló do cadáver. O biblista Léon-Dufour recoñecía nun libro numerosas veces reeditado ("*Resurrección de Jesús y mensaje pas-cual*") que tamén el confundira moito tempo "unhas representacións lendarias cos relatos evanxélicos das aparicións do resucitado". Máis aló das interpretacións, penso que o máis importante é precisamente a experiencia de fe: Cristo vence á morte. ¡A morte xa non terá máis a palabra derradeira! A nova pascua (Xesús "pasa" da morte á vida) nacida do encon-

tro dos discípulos co Resucitado, era unha experiencia ben real, aínda que escapara ao control histórico empírico, pois o coñecemento da resurrección de Xesús e, necesariamente, algo acollido na fe. A resurrección de Cristo, como entendeu de seguida a comunidade cristiá, representaba o cumprimento das promesas amorosas de Deus (Act 13,32-33). Todo cambiaba se aquel Xusto axustizado resucitara, trunfara realmente sobre a morte. Abríase un camiño de vida na historia. Definitivamente *o amor resultaba máis forte que a morte* (Cant 8), "volvía a vida" e a saúde-salvación estaba "nacendo da ferida", como canta o himno litúrxico citado máis arriba. Xa non se podía acusar a



Xesús de ser un *bluf*, unha realidade falsa, unha salvación enganosa. O amor trunfara a fin. O "derradeiro inimigo"—que diría san Paulo— fora vencido. Por iso, os apóstolos pasaron do medo á alegría, cando experimentan a presenza de Cristo vivo entre eles. ¿Ocorre realmente outro tanto cos cristiáns de hoxe en día?

O Recanto

¿Coñecementos ocultos sobre Xesús?

Victorino Pérez Prieto

Moitas veces escóitase dicir que a Igrexa escondeu a "verdadeira" historia de Xesús, contida en moitos evanxeos que existen aparte dos catro canónicos da Biblia cristiá. Estes escritos, presuntamente ocultados pola xerarquía eclesiástica, van chegando á xente por obra de sisudos estudiosos que semellan merecer máis crédito ante a ignorancia popular que outros estudos bíblicos moito máis serios. Estes evanxeos teñen subtítulos tan pretensiosos coma o dunha edición que lin dun "Evanxeo dos Esenios": "Traducción directa do arameo das palabras de Xesús, tal como foron anotadas polo seu discípulo Xoán"; ao lelo descubrín que tiña textos literais de cartas de San Paulo, un home que non coñeceu fisicamente a Xesús.

En relación con isto, tiven recentemente a ocasión de ver en vídeo unha película que pasou hai pouco polas salas de cinema: "Stigmata". O filme vai dunha moza atea á que lle van aparecendo, con sorpresa e ignorancia para ela, as estigmas, marcas da crucifixión de Cristo... De seguida aparece pola peluquería na que traballa a moza un experto vaticano no tema -aposto cura, ex químico...- que chega á conclusión de que a moza é a médium dun biblista que atopara un evanxeo escondido polo Vaticano; este, excomulgado por dalo a coñecer, morrera "en olor de santidad" nun pequeno pobo brasileiro.


Nada de particular, semellante a tantas películas pseudorrelixiosas. Pero o director, para dar máis veracidade a esta, pon

unha nota ao remate, na que afirma que o tal evanxeo é o "Evanxeo de Tomás", as xenuñas "palabras secretas que pronunciou Xesús", tal como empezá este escrito. O tal evanxeo sería presuntamente "ocultado polo Vaticano", porque "poñería en crise" a existencia da mesma Igrexa. No filme, un cardeal vaticano mesmo tenta matar á médium para que esta non "poña en perigo a Igrexa".

Eu lembrei que o tal "descoñecido" evanxeo estaba na miña biblioteca, e fun botarlle unha ollada. Descubrí que mesmo o tiña por duplicado en dúas edicións de "Los Evangelios apócrifos"; unha seria e científica publicada pola editorial católica BAC (con varias reedicións), e outra máis popular editada por EDAF, laica. Ambas coinciden.

Este evanxeo forma parte dos apócrifos gnósticos do Novo Testamento. Apócrifo quere dicir oculto, escondido; son textos destinados ao uso privado dos iniciados ou adeptos a un grupo minoritario. Na terminoloxía relixiosa cristiá refírese a textos de orixe dubidosa que non forman parte do canon das Escrituras. O gnosticismo cristián foi una corrente de coñecemento dos primeiros séculos do cristianismo, que derivou en sectas consideradas heréticas.

Con todo, o "Evanxeo de Tomás" é un texto que foi moi estudado desde a súa aparición no ano 1945, na biblioteca de Nag Hammadi (Exipto). Non está en arameo, como di a película, senón en copto. Máis que un evanxeo é un conxunto de 114 ditos e parábolas de Xesús, que xa co-



ñecemos na súa maioría polos Evanxeos. Os expertos dátano a mediados do s. II, e o seu valor filolóxico e bíblico está na súa relación cos evanxeos sinópticos (Mateo, Marcos e Lucas).

A presunta novidade "escandalosa" de frases coma "O Reino de Deus está dentro de vós", xa a coñeciamos os que adoitamos ler o evanxeos canónicos. Despois de velo detidamente non atopo nada que poida cambiar ou enriquecer a miña fe cristiá.

O Recanto

Un "rezador" chamado Cunqueiro

Victorino Pérez Prieto

Este ano cúmplense os 90 do nacemento de Alvaro Cunqueiro. A vida deste egrexio escritor galego foi como un camiño de purificación ata chegar a unha catarse de comunión co seu pobo e a súa terra, máis aló de vaidades e mentiras. Consecuente con este camiño, o mellor da súa obra nace dun fondo compromiso con Galiza: "Se a miña obra ten un sentido, tenno no desexo profundo de que a nosa lingua continúe, que Galicia siga".


Pero Cunqueiro é máis que iso. Con ocasión do seu pasamento, Torres Queiruga dixo del que se "movía espontaneamente polas altas mesetas do espírito", e atopou como chave principal da súa identidade a *gratuidade*, que nace da bondade e a xenerosidade, e que ven ser "reflexo transparente da verdade". Esta

gratuidade de Cunqueiro ten unha raíz transcendente: tódolos dons son, en definitiva, dons de Deus, e compre por iso, vivir nunha acción de gracias a Deus. Así o expresou no discurso con ocasión dunha homenaxe que se lle fixo en Vigo, no ano 1980: "Loubado seña Deus, porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecen neste grande reino que chamamos Galicia... Loubado sexa Deus por terme dado o don da fala nosa... Tamén teño que dar gracias a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vós... Se de min algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, podería dicir a miña lápida: Aquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis".

Cunqueiro foi un home cren-

te, expresamente cristián, aínda que cunha ampla e ecuménica concepción do sagrado. "Eu son un gran creador -dixo nunha ocasión-... Creo en Deus e na Igrexa ... e creo sobre todo no enorme poder da oración. Creo que cando un home reza, convoca forzas das que non temos nin idea. Non hai home máis feliz, nin máis dono do mundo e de si mesmo que o home que humildemente se axeonlla e reza. Eu son un rezador" (Entrevista en Vida Nueva n.º 1258, 1980). E noutra ocasión anterior: "Cando rezo, chego a ter a convicción de que o mundo enteiro pode ser recreado ou destruído polo home que ora. O home que reza, sempre será un home libre" (No libro de J.M.ª Gironella "100 españoles y Dios", Barcelona 1969).

Cunqueiro rezaba escoitando



o melro, o vento, o río, a fonte ... como expresa en versos coma estes: "Os Al Aínim poñen o ouvi-

do á auga que corre/ e así aprenden a rezar" ("Smara", en "Herba aquí ou acolá"). Ou nestes outros:

"Non saberás endexamais o Nome verdadeiro/ Pro axeonllate sen medo/ Non sabes quen foi o primeiro dos teus/ bautizado no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo/ Pro os seus avós xa sabían axeonllarse e pregar" ("Non saberás..." Ibidem).

Cunqueiro aprendeu ben que a receita da oración ao estilo de Xesús é "axeonllarse sen medo" ante o Pai-Nai Deus, coa humildade dos nenos, que saben que non son grandes e botan fóra a soberbia pero tamén o medo. Cando lle pediron unha definición de Deus dixo: "Máis que no terreo do poder e a gloria, encontraría no terreo da amizade, a axuda, a confianza".

O Recanto


Falaba a semana pasada neste Recanto dun "rezador" que a meirande parte dos lectores habían coñecer máis como escritor e xornalista, Álvaro Cunqueiro; mesmo pode que a non poucos lles sorprendera esta faceta do egrexio escritor galego.

Nesta ocasión quero falar doutro egrexio persoeiro da cultura galega, que tiña tamén un proído pola oración: Eladio Rodríguez, a quen a Real Academia Galega dedica este ano o Día das Letras Galegas. É un home posiblemente descoñecido hoxe para moitos galegos, pero non así para os que amamos esta lingua; Eladio Rodríguez éranos ben coñecido pola súa obra magna: o "Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano", publicada pola Editorial Galaxia dez anos despois da súa morte, tras superar numerosos atrancos para a súa edición. Unha

magnífica publicación que teño a sorte de que estea nos andeis da miña biblioteca dende hai máis de vinte anos, grazas á xenerosidade dun antigo profesor meu. A esta obra vou beber aínda hoxe cando busco palabras ou expresións que xa non aparecen nos dicionarios máis recentes. Pero Eladio Rodríguez foi máis que un gran filólogo da lingua galega, foi un dos "bos e xenerosos" que merece sobranceiramente este título polo seu compromiso solidario con Galiza e os galegos. Prolixo xornalista, foi socio e mesmo fundador de moitos foros galeguistas. For-

As oracións de Eladio Rodríguez

Victorino Pérez Prieto



mou parte da Liga Gallega, participou nas Irmandades da Fala, no Seminario de Estudios Galegos, na Asociación de Escritores galegos, etc. Participou tamén na fundación da Academia Galega, da que che-

gou a ser presidente.

Aínda hai máis, Eladio Rodríguez foi tamén un salientable poeta, un crente galego e un home que, coma Cunqueiro tiña un gran aprecio pola oración. Ata o punto de poñerlle ao máis importante dos seus libros de poemas un expresivo título: "Oracións campesiñas". Como Cunqueiro, Eladio Rodríguez re-

zaba escoitando o merlo, o vento, o río, a fonte, os piñeiros e os carballos. A súa poesía posúe un "misticismo da terra", como escribiu hai máis de catro décadas o seu fillo Julio Rodríguez, no *Boletín da Real Academia Galega* (1956). Eladio vía a Deus na realidade da súa terra, e amaba fondamente o agro galego, cun certo sentimento panteísta que semella divinizar a natureza. Pero a súa poesía reflexa tamén unha persoa asentada firmemente na fe cristiá, no Deus Pai, en Xesús Cristo e na tradición da Igrexa; un home que rexeita enerxicamente a superstición ("Meigallos").

Esta crenza cristiá é o que reflicten, sobre todo, moitos poemas de "Oracións campesiñas".

Desde o que abre o poemario, que leva o mesmo título do libro, ata outros como "Rezos", "A hora mística", "O pan noso", "Ben de Dios", "O santo tempo", "Oración sen nome", "Sant-Iago", etc. ou o último co que remata a obra, "A oración santa".

Así reza o poema "Oracións campesiñas": *"Quixera que os meus versos / entrasen nas casupas humildes das aldeas / a esa hora sagra das reunións nouturnas / en que a cociña é un templo / ... i alí, ó pé da lareira, ó amor do lume / ... visen cómo a familia, toda xunta / reza o santo rosario / e roga polas almas xa difuntas / e polos nenos orfos / e polos desherdados da fortuna / e pide a Dios o pan de cada día / en patriarcales súpricas... / ... Quixera que os meus versos / chegasen ás conciencias máis escuras / e despertasen nelas / as voluntades murchas / ..."*

O Recanto

Alfonso, Toño e outros curas

Victorino Pérez Prieto

O pasado día dez, a capela do Seminario de Mondoñedo estaba ateigada de curas, uns 130. Xuntáronse para celebrar o día do seu padroeiro, San Xoán de Avila, e homenaxear aos compañeiros que, como cada ano, celebran as súas *vodas de ouro* ou *de prata* sacerdotais. Nesta ocasión, cinco curas xa entrados en anos celebraban os cincuenta anos da súa ordenación sacerdotal; alí deron o seu testemuño do que representou para eles ese medio século xa ido.


Acompañábanos tres curas que celebraban as súas *vodas de prata*. Por proximidade na idade, eu coñecía máis a estes: dous Alfonsos e un Toño. Alfonso Morado é o rector do Seminario de Mondoñedo, Toño Basanta é cura de Santa Mª de Neda e Vicario territorial, e Alfonso Blanco

Torrado é cura nunhas pequenas parroquias de Guitiriz, profesor e animador cultural moi coñecido no mundo da cultura galega. A este último, o escritor Franco Grande aplicou unha frase de Ramón Piñeiro: "Isto é o que a Igrexa podería facer polo país: cambialo por enteiro"; foi na homenaxe que lle fixemos os amigos e escritores galegos hai uns anos.

A verdade é que a celebración, aínda que feita nun san clima de fraternidade, tivo un ton un pouco rancio, coma duns tempos que xa non son de agora e que a historia vai deixando atrás. Non é de estrañar, pois, agás uns poucos curas novos, a maioría do clero ferrolán xa vai moi entrado en anos. Segundo a información diocesana dada recentemente, dos 220 curas da diocese,

138 están entre os 61-75 anos (23 con máis de 75), 40 entre 41-60 a. e só 19 teñen menos de 40.

Os testemuños persoais, cuxa sinceridade ninguén ten dereito a por en dúbida, falaban de agradecemento polos anos pasados e de ilusión polos vindeiros. Pero, sobre todo nos das *de ouro* (un feito en galego e catro en castelán) este testemuño viña expresado cunha linguaxe e unha teoloxía que xa non podía responder a unha evangelización no terceiro milenio. Nos das *de prata* (os tres en galego) había máis sintonía co seu tempo; era unha linguaxe na que tiña máis importancia a fe persoal e comunitaria —o camiño de seguimento de Xesús feito co propio pobo— que o presunto *privilegio* de ser cura. Con todo, flotaban no ambiente resaibos cleri-



cais e menos referencia da deseñable á realidade dunha Igrexa na que o preponderante é a rea-

lidade do pobo de Deus no servizo ao Reino, como expresión do proxecto dun mundo máis xusto e fraterno, e non a chamada a unha vocación especial.

Seguramente, sobre todo os últimos, eran conscientes da necesidade dunha transformación profunda da concepción do cura e o seu papel na Igrexa, se non quere converterse nun fósil, e quedar tan só coma o remorso dun pasado.

Contrariamente ao que pensan algúns, eu creo que o ministerio sacerdotal ten un papel importante que cumprir na Igrexa e no servizo que esta debe cumprir neste mundo, pero cómprelle cambiar moito para recuperar o respecto real nun mundo que camiña cada vez máis á marxe desta. Seguiremos falando do tema.

39

O Recanto

Os curas, ¿funcionarios ou servidores?

Victorino Pérez Prieto


No pasado Recanto falaba de curas e prometía seguir reflexionando sobre o tema. Nomeaba entre outros a Alfonso Blanco Torrado, de quen Franco Grande dixo nunha homenaxe: "Isto é o que a Igrexa podería facer polo país: cambialo por enteiro". Para este coñecido escritor galego, como para outros que estaban alí, parece que ese cura de Guiriz non é unha cousa prexudicial ou inútil na sociedade galega. Naquela ocasión dixera algo máis: "Abondaría con que a nosa Igrexa tivera afán de servir ó país". Este condicional manifestaba unha desilusión e unha crítica ao labor realizado por moitos curas e pola mesma Igrexa en Galiza.

Un bispo francés que teño a sorte de contar entre os meus amigos, Jacques Gaillot, titula-

ba un libro publicado en castelán hai uns anos "Unha Igrexa que non serve, non serve para nada". Se a Igrexa non é servidora, é un corpo social inútil. E o que é o mesmo, uns curas que non están para servir á xente, son uns parásitos sociais inútiles.

Isto parece tan claro e evidente que non ten volta. Sen embargo, o clero deu na historia, e aínda segue a dar, a impresión de ser un corpo de "funcionarios de Deus", ou peor aínda "funcionarios da Igrexa", máis que un grupo de servidores da comunidade e, tamén, da xente que non pertence á súa comunidade, pero si á gran familia humana.

Isto do "funcionariado" non afecta tan só a unha imaxe negativa de cara a fora, senón tamén á propia identidade de cu-



ras, frades e monxas, bastante en crise nos últimos tempos. Con razón un gran teólogo catalán J.I. González Faus escribe que "a identificación funcional

despersonaliza e deshumaniza" e impide servir e amar de verdade, aínda que a mediación institucional pode ser tamén unha plataforma para o servizo e a entrega aos demais. Moito máis, cando ese tipo de funcionario é un individuo asexuado, reprimido e autoritario.

Por iso, a min sempre me gustou máis a palabra popular "cura" ("curador", sanador...) que a de "crego" ("clérigo", pertencente ao estamento clerical) e mesmo que a presuntamente mais respeitosa de "sacerdote" (demasiada referencia ao vello sacerdocio levítico...).

É por iso, que, fronte aos que din que compre "acabar cos curas", un pensa que, quizais o que cumpra é criticar formas caducas e aínda nocivas de ser cura, e buscar novos modos, novos

camiños; tentar acadar un cura diferente, verdadeiramente san e servidor gratuito, humilde curador dos males do corpo e o espírito nas persoas e na súa sociedade. Un coñecido teólogo e terapeuta alemán, E. Drewermann dixo con ocasión da polémica por un criticado libro seu: "O que interesa é como acadar que o sacerdote sirva mellor aos demais e sexa el mesmo feliz" ("Clérigos en debate", p.144).

Penso que é aquí onde se xoga verdadeiramente a credibilidade dos curas, máis que no poder que teñan ou perderan. Unha das frases máis xeniais que teño escoitado, e que intento que rexa a miña vida, é un proverbio hindú: "Todo o que non se da, pérdese". Algo semellante dixo Xesús de Nazaré en máis dunha ocasión.

O Recanto


Pentecoste, alento de vida nun mundo desalentado

Victorino Pérez Prieto

Unha vella e fermosa oración ao Espírito Santo di: "Entra ata o fondo... e enriquecéenos. Mira o baleiro da xente se ti lle faltas por dentro. Mira o poder do pecado cando falta o teu alento". A comunidade cristiá entendeu desde o comezo que é o Espírito o alento da súa fe, da súa esperanza e do seu amor feito servizo xeneroso aos máis febles, o alento da vida da Igrexa. Por iso, dous mil anos de cristianismo son coma "unha Pentecoste de vinte séculos". Con todo, a humanidade aínda vive en cegueira e mediocridade, senón non teríamos que almorzar cada día coas noticias que enchen de sangue, inxustiza, mentira e estupidez os informativos. Máis aínda, a mesma Igrexa, o lector

plural deste Recanto, cada un de nós... sentímonos con máis ou menos frecuencia baleiros e secos, desalentados. ¿Será "o poder do mal cando falta o teu alento"? ¿Será que nos falta Espírito?

Eu escribía hai uns meses nunha publicación relixiosa, que as humildes comunidades parroquiais resultan a cotío ben incapaces de ser realmente "luz do mundo e sal da terra", como pedía o Mestre; a miúdo só lles queda non apagar a "chama que aínda fumea" (Is 42,3). Gran parte dos líderes clericais séntense cansos e impotentes -entre outras cousas por ir vellos-, reaccionando escéptica ou negativamente ante os planos de "ilusos entusiastas" que lles che-



gan dos dirixentes, planificadores que veñen ser coma os *creativos* das empresas, aínda que con menos eficiencia na **filosofía da xestión**. Os leigos, ás veces ben máis animosos, en moitos casos

tampouco chegan a ser moi creativos.

Logo están os grupos, movementos e comunidades de base, que tamén padecen unha "comechón de ansiedade" -que dicía o sociólogo Bernardo G. Cendán- sobre todo por non chegar de xeito máis a longo prazo aos mozos -nin sequera eles!-.

Con todo, o Espírito segue a xerar vitalidade na comunidade cristiá; de xeito sinxelo, pero vivo, na humilde e calada vida das parroquias. Eu podo falar das que teño máis preto, as parroquias de San Xoán de Filgueira e San Paulo de Catabois, onde eu estou. Son parroquias con longa, rica e polémica historia. Nelas, a participación da xente, lonxe de ser algo excepcional, é

habitual en tódolos campos da vida parroquial, a través das distintas comisións dos respectivos Consellos Parroquiais: o anuncio e a celebración da fe, a caridade na atención aos máis pobres e aos enfermos, e a administración. Na parroquia de San Paulo, no humilde barrio das Sindicais de Catabois, salienta, como unha novidade que xa non debiera ser tal, a participación dialogada de todos na celebración dominical. Como di o Evanxeo, o Espírito fala onde quere, a quen quere e como quere, non está constrinxido nuns moldes institucionais; cada bautizado ten no seu interior ese Espírito, por iso pode e debe falar na comunidade, como reflexa o libro dos Feitos dos Apóstolos. Isto é o que cremos nestas comunidades e por iso cada un pode tomar alí a palabra para comunicar a súa fe e a súa esperanza.

84

O Recanto

Os traballadores perden poder adquisitivo

Victorino Pérez Prieto

É evidente que unha folga xeral é algo moi serio, que calquera líder ou organización social minimamente responsable non pode convocar á lixeira polos prexuízos que ocasiona ao país. A folga xeral do 15 de Xuño en Galiza tamén vai ocasionalos. Hai razóns para iso? Como argumentan os sindicatos convocantes, as forzas políticas que apoian e moitos obreiros, profesionais, gandeiros e pescadores, hai razóns abondo.

Non só agora, senón desde hai varios anos existen abondosos motivos para unha folga xeral en Galiza. A saber: As altas taxas de desemprego (15% en Galiza e ¡20% en Ferrolterra!) non minguadas significativamente pola baixa natalidade e a aínda existente emigración (14.000 ga-


legos cada ano). Unha porcentaxe verdadeiramente abraiante de contratos eventuais (un 35% de eventualidade e un 14% de traballadores sen contrato, mergullados na inxusta economía somerxida) que fai case impensable un contrato fixo para tantos mozos e mozas. O desmantelamento de sectores productivos básicos coma o agro-gandeiro, a pesca, etc. En fin, a privatización de empresas públicas e servizos sociais básicos, que axudan a baixar o déficit público pero desmantelan recursos estatais. Sen esquecer o 20% de familias que están por debaixo da liña da pobreza, ou un 63% de fogares que non poden aforrar un can en todo o ano.

A Reforma Laboral aprobada polo Goberno Central, como xa

acontecera coa de 1997, parece que ven consolidar e afondar a flexibilidade laboral, coa precarización do emprego, o despido barato e a tendencia a rebaixar salarios e pensións... mentres se está a dar cada vez máis a transferencia de cartos públicos aos empresarios. Deste xeito, assistimos ao escándalo de que, mentres aumentan as ganancias e a concentración empresarial (os bancos cada vez teñen siglas máis longas...) nun crecemento que pode dar a sensación de que realmente "España va bien", os traballadores perden poder adquisitivo, dereitos adquiridos e condicións laborais máis xustas e seguras. ¡España vai ben segundo para quen!

Semella que as "reformas" laborais son cada vez máis negati-

vas. Un dos aspectos máis salientables na última Reforma é a chamada "ultraactividade nos convenios colectivos", que ven significar que cada vez que remata a vixencia dun convenio comeza de cero a negociación, co que froitos de anos de loitas dos traballadores se perdan nun día. Como comentaba con humor o sindicalista Manuel Mera, "a Xunta debía cavar sobre as protestas dos gandeiros, os mariñeiros do banco Canario Sahariano, os traballadores de G.E.A. e Santa Bárbara, os empregados da Administración Pública... e entender que non son procesións laicas herdadas de costumes ancestrais, senón a oposición de tódolos días ás políticas económicas e sociais que non teñen en conta ao pobo".



Por iso, cos traballadores máis conscientes e críticos con este sistema inxusto, penso que alén da súa oportunidade estratéxica, sempre discutible, esta folga xeral significa recobrar a dignidade e a iniciativa, de xeito que as reivindicacións ante a patronal e o goberno sexan respeitadas e contén coa forza e a presión necesarias.

O Recanto

Alguén escribiu con xustiza que os cincuenta anos que leva Manuel María de produción literaria (desde a publicación do poemario Muíñeiro de brétemas, en 1950) son "cincuenta anos de compromiso rexo e decidido, poético e solidario" (Carlos L. Bernárdez). A do escritor chairego é unha obra intensa e largacía que tocou creativamente, con palabra áxil e libre, tódolos rexistros; "un caso extraordinario nas nosas Letras", escribiu Alonso Montero.

Neses cincuenta anos, o poeta non deú acougo á pluma e á lingua; unha lingua incansable, que fala con prosodia cachazuda de crego de aldea, facendo patria por tódolos currunchos de Galiza, o resto da península e pola Europa dos emigrantes galegos.

Manuel María definiuse hu-

mildemente un día coma "un labrego con algo de poeta", "fiel á súa terra i ó seu Deus" ("Carnet de identidade"). E, como bo labrego, foi un verdadeiro traballador das letras a prol do seu pobo.

Teño moi vivamente no meu maxín unha ocasión en que Manuel veu de Monforte a dar unha charla a Lagoa de Pastoriza, con ocasión das "Xornadas de Formación Popular", que organizabamos na nosa parroquia, con gran afluencia dos homes e mulleres da bisbarra. A charla, seguida con fervor, fora sobre a historia e a cultura galega.

A obra literaria de Manuel María agrupa ducias de títulos,

sobre todo de poesía (máis de cincuenta poemarios), pero tamén de prosa, teatro, ensaio (máis de vinte libros) e xornalismo (máis de mil artigos xornalísticos); moitos dos seus poemas foron convertidos en cantiga popular.

Con xustiza foron saíndo nestes anos varias antoloxías en Galiza, Portugal e Madrid. Os amigos temos, ademais, unha MiniEscolma que nos regalou o poeta ao ofrecernos -el e máis a súa dona, Saleta- a súa nova casa ao irse para A Coruña en 1998.

Tamaña obra merecíase un libro coma o que ven de publicar a Asociación Cultural Xermolos

de Guitiriz, que mantén co poeta chairego unha mutua relación afectiva e creadora. Son case oitocentas páxinas de estudos nos distintos aspectos da obra do escritor, completados con biografías e lembranzas dos seus numerosos amigos.

Catro amplos capítulos recollen estes estudos e homenaxes en prosa ou en verso: Unha terra. Un home. Unha obra (Poesía. Teatro. Literatura para nenos. Ensaio. Narrativa. Poesía musicada). Testemuños. A nómina dos escritores que participamos nesta obra-homenaxe é enorme: un total de 135 escritores e artistas.

Uns coñecerán ao poeta so-

cialrealista, outros coñecerán ao poeta existencialista, a maioría coñecerán ao poeta de Terra Cha, o seu libro máis veces reeditado e constantemente ampliado polo mesmo autor.

Pero, para non poucos será unha sorpresa descubrir que este poeta de verbo laico e civil é tamén un fondo poeta relixioso, autor de poemarios tan explicitamente relixiosos coma o Libro dos pregos e Advento, pero que ten tamén poemas relixiosos nos libros máis recentes (Panxoliñas ou As lúcidas lúas do outono).

O Libro dos pregos está inspirado nos salmos da Biblia; nel, a voz do poeta vólvese cara a Deus con palabras de confianza e loanza, á par que de imprecación, denuncia e reivindicación. Escribese no frontispicio: "O meu mundo íntimo, persoal, é un anxeo de Deus".

Manuel María, poeta total

Victorino Pérez Prieto

O Recanto

Unha festa de princesas, almirantes e cabaleiros


Victorino Pérez Prieto

Rematou o curso escolar de nenos e nenas con festa de final de curso, e rematou tamén o curso de catequese coas primeiras comunións. Algunhas empezaron xa en maio, pero a maioría foron en xuño. En San Xoán de Filgueira aínda temos a segunda quenda este domingo, día do patrón e día maior da festa da parroquia.

Isto das primeiras comunións é cada ano unha mestura de lelicia e de cruz para as parroquias, sobre todo para os seus curas. Xa teño falado e escrito tanto do tema, como para renunciar a facelo de novo; pero non podo, un proído dentro de min impúlsame imperiosamente a tocalo de novo nestas datas, seguramente porque sigo crendo que niso xogámonos moito para a vida das comunidade cristiás.

Por unha parte, o día das primeiras comunións é un día ledo e festivo, cheo de ilusión para os cativos e para as súas familias. Sen dúbida, isto é un valor. Non sei se a ilusión seguirá sendo tanta como a da cantiga de Alfonso Molina "Para un padre y una madre no hay alegría mayor que ver hacer a su hijo la primera comunión". Pero o certo é que os esforzos multiplícanse para que esta ilusión non se vexa frustrada; tanto por parte das familias, como por parte das mesmas parroquias. En ningunha outra ocasión responden a maioría dos pais tan positivamente e con tanto interese ás convocatorias parroquiais que van preparando o evento.

Outra cousa é onde se centra a ilusión; se no feito que teóricamente a provoca, a comunión (re-



cibir por vez primeira o sacramento do corpo de Cristo), ou noutros elementos periféricos

que toman o protagonismo ese día: a propia festa, o papel que compre representar no colectivo social, os regalos dos cativos, os "disfraces" de nenos e nenas e o "traxe de gala" dos pais, o banquete e os "detalles" para os invitados, a "reportaxe fotográfica"...

A miúdo, os gastos desmesurados e o boato innecesario "cómenlle" en gran parte o protagonismo ao feito relixioso. Curas e catequistas están cada ano tentados a pensar que, aínda que isto último é o máis importante (e para iso se prepararon durante dous ou tres anos os nenos e as nenas na catequese), o feito relixioso convértese só nunha escusa para o resto, que é o que realmente preocupa. Ademais, mentres que nisto se gasta sen medida, non se é capaz de dar

un donativo xeneroso para os gastos da parroquia (obras, funcionamento...).

As xeralizacións sempre son inxustas, e eu ben sei que hai pais nos que o máis importante é a dimensión de fe, o sacramento; tamén nalgúns nenos que perseveran na participación na eucaristía, para que esta sexa "a primeira" e non a única comunión. Un ten que falar, tamén, do respecto na celebración e do contento da maioría da xente polo esforzo que facemos catequistas e curas para que todo saia ben. Pero, un síntese cada vez máis tentado a dicir, coma un bo cura amigo meu: "Se eu fora papa ou bispo, prohibía as primeiras comunións"... a prol de algo moito máis sinxelo, e seguramente máis auténtico.

87

O Recanto

Unha bendición para o BNG ferrolán

Victorino Pérez Prieto

Un amigo corrixiume un groso lapsus no anterior Recanto, cando citaba os versos dunha coñecida copla. No canto de poñer o nome do "cantaor" Antonio Molina, puxen Alfonso Molina... pode que polo da entrada na cidade herculina. Ademais, como non estou eu moi ilustrado nisto da copla española, parece ser que me trabuquei, e alguén máis entendido ca min no tema díxome o domingo na parroquia que aquilo de "Para un padre y una madre..." non era do Molina, senón de Juanito Valderrama. "Errare humanum est; rectificare sapientissimus est".

E como o de rectificar é de sabios, espero que os socialistas ferroláns saiban tamén utilizar a sapiencia do seu benemérito fundador para non tirar por terra o pacto co Bloque, para ben

de ambos e dos que vivimos nesta magnífica cidade que vou facendo cada vez máis miña, sobre todo por sentirme acollido nela pola boa xente que loita apaixonadamente para que a capital de ultramar saia dun malditismo no que tanto tempo estivo sumida, deixe de chorar, culpabilizarse, descualificar e facer crítica inútil aos seus conveciños, e poña mans nunha obra na que caben tódolos ferroláns bos e xenerosos.

Por iso, non dubidei en titular deste xeito o Recanto deste domingo, por razón máis cidadáns que políticas, aínda que ambas estean sempre mesturadas, pois ninguén é "apolítico", mesmo que o diga, ou precisamente porque se o di xa manifesta unha opción política.


Suxeríume o título un acolle-

dor saúdo do "sorriso do Bloque" no concello ferrolán, esa muller cun apelido que ten que ver co latín de máis arriba: María Lúsa Sabio, aínda que o noso alcalde Xaime tamén sorri cunha amabilidade que todos agradecemos, que bastante estrinxido hai na política. Hai uns días, cando fun facer unha xestión urbanística ao concello, topeime coa sorrinte concelleira e con outro colega nos corredores; saudoume cun "Aquí nos ven o cura botar unha bendición". E eu díxenlle algo así como: "Pois si, bendígovos de boa gana. *Bendícir é dicir ben* a alguén, e eu quero dicírvolo así, de parte miña e tamén do Deus no que que creo e a quen amo, que bendice cada día todo o creado, particularmente o esforzo humano para mellorar a súa creación para o

ben dos seus fillos e fillas". Vaia... quizás non lle dixen tanto, que íamos todos cunha miñiña de presa, pois eran horas de traballo.

Con humor, pero sen esquecer a gravidade das desavenencias xurdidas no ata agora pacífico matrimonio municipal entre socialistas e nacionalistas, eu quero tamén romper a miña lanza a prol da continuidade do maridaxe destas forzas políticas, para a vida do concello. E digo "tamén" porque seríamos moitos e moitas os que sentiríamos o divorcio, aínda que algúns se frotarán a mans, ante a posibilidade de que o goberno volva caer no seu poder.

Non quero amentar a real ou imaxinaria "cruzada anti-nacionalista" da que se falou na prensa galega ultimamente e que re-



colleu o diario electrónico "Xornal.com". Pero, se outros ferroláns recibiron bendicións e palios, eu —que nunca fun amigo dos palios, que acubillaron blasfemamente a quen non lle correspondía— tamén lles dou a miña bendición aos que gobernan hoxe o noso concello con máis ganas de traballar que de falar.

O Recanto

No vintecinco cabodano de Don Ramón

Victorino Pérez Prieto

Na historia dos pobos hai épocas de esplendor e épocas de decadencia. Sen dúbida, os anos 20-30 foron anos de esplendor para Galiza, sobre todo para a cultura galega. Foron os anos da xeración "Nós", a máis senlleira e creativa das xeracións galegas: Vilar Ponte, Viqueira, Cabanillas, Losada Diéguez... e sobre todo Castelao, Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo, "Don Ramón de Galicia", de quen celebramos agora o vintecinco cabodano.

Con razón dixo del Castelao "Abrazarte a ti é abrazar a Galicia". "O símbolo máximo da realidade galega", chamouno Ramón Piñeiro. Porque, coas palabras de Carballo Calero, temos que recoñecer que "ninguén nos ten dado unha imaxe de Galicia tan completa e total como Otero

Pedrayo"; ou con Manuel María: "Andar pola obra de D. Ramón é andar pola alma do pobo galego, sentila fondamente e sufrir con ela, como sufriron Rosalía, Curros e Castelao". Quizás por iso, Alvaro Cunqueiro chegou a dicir que "un tan nobre carballo só se da unha vez na vida dunha nación". Estas loanzas, que recollo no meu libro "A xeración Nós. Galeguismo e relixión" (Vigo 1988), non son palabras ocas de tributo a un morto, senón xusta expresión da realidade.


Otero Pedrayo (1888-1976) é unha figura realmente titánica; primeiro expedientado e marxinado polo franquismo e logo estupidamente minusvalorada polos nacionalistas galegos dos anos 60-70, foi despois rehabilitado e valorado, pola cultura oficial e pola outra, no ano do cen-

tenario do seu nacemento, declarado con xustiza "Ano de Otero Pedrayo".

Don Ramón é, sen dúbida, unha das figura máis grandes na historia de Galicia, non só pola súa inxente obra literaria, senón tamén pola súa personalidade a humanidade, parella ao seu corpulento e bonachón aspecto físico, que nos lembraba a algúns ao "bo papa Xoán". Tense salientado a estraña unanimidade que suscitou a figura de Otero Pedrayo, non só despois de morto, senón xa en vida, recoñecido unanimemente como patriarca das letras galegas. Posiblemente esta unanimidade veña da coherencia que mantivo toda a súa vida coa verdade, os ideais e a fidelidade ao país que un día descubriu. O seu galeguismo foi o resultado dunha

entrega total, xenerosa e incondicional á realidade galega, poñendo á súa disposición todo o seu valer. E a súa fe cristiá era o vencellamente co misterio do mundo e coa realidade de Deus Pai; xa nos anos 30, a revista compostelana Logos cualificara a Don Ramón como "a máis rexa personalidade leiga do catolicismo galego". Falaremos desta faceta súa noutra ocasión.

Con ocasión do seu pasamento, Conde Corbal pintou un fermoso e expresivo cadro que puxen na portada do meu libro "Galegos e cristiáns" (Vigo 1995): Don Ramón, enfundado no hábito franciscano e envolto na bandeira galega, vai nun cadaleito que levan os seus amigos vivos (Xoaquín Lourenzo, Paco del Riego, Filgueira Valverde, Paz Andrade,) e o cortexo fú-



nebre é ollado desde o Pórtico da Gloria polas figuras pétreas dos outros amigos que xa pasaran a mellor vida (Cuevillas, Castelao, Risco, Losada e Ferro Couso). Naquela ocasión fixera a oración fúnebre un vello amigo franciscano, o P. Isorna, que rematou dicindo: "A Galicia da terra perdeu o seu meirande home. Pero, a Galicia do ceo gañou un non pequeno santo".

O Recanto

Un mártir no movemento antiglobalización

Victorino Pérez Prieto

O movemento antiglobalización xa ten un mártir: un rapaz foi asasinado o venres pasado pola policía italiana dun disparo na cara.

E non ha ser o derradeiro, porque os ricos non están dispostos a ceder nin o máis mínimo nos seus privilexios, e non se van deixar amedrentar por esas "hordas" seica salvaxes; defenderanse ao prezo que sexa. O encontro do G-8, os xefes de goberno dos 7 países máis ricos (USA, Xapón, Alemania, Francia, Italia, Inglaterra e Canadá) xunto coa vella potencia rusa, na cidade italiana de Xénova celebrouse nun clima de enorme tensión e violencia que veu coroado por este e numerosos feridos.

Con razón lía estes días que un equipo de directores de cine italianos, liderados por persoeiros prestixiosos coma Ettore Scola, Gillo Pontecorvo e Francesco Maselli están traballando nesta cidade sitiada, para filmar

todos os detalles desta novo encontro do "Cumio dos ricos"; saben que se está a xestar algo gordo. Un non pode menos que lembrar o impresionante filme "A batalla de Argel" de Pontecorvo e os vellos filmes políticos.

A violencia desta situación non ven marcada principalmente polo pequeno grupo de extremistas que manchan o pacifismo da inmensa maioría dos grupos antiglobalización, senón pola situación mundial que da orixe a estas protestas.

Unha situación causada polos "pacíficos" países ricos que, coa súa inxustiza sistematizada, están xestando cada día unha revolta mundial dos empobrecidos. "Hai que chegar a niveis moi altos de barbarie para aceptar en silencio que as dúas terceiras partes da humanidade estean excluídas da riqueza. ¿Canto aguanta o estómago humano as inxustizas, a crueldade, a exclusión, a perversidade social?", dixo recentemente o co-

ñecido teólogo brasileiro Leonardo Boff.

Preguntábanme hai uns días que era iso da "globalización".

E eu dicíalles que era o goberno mundial dos máis ricos, sen fronteiras para o seu comercio e lucro ilimitado, que fai medrar o abismo entre ricos e pobres.

Contestábanme que sempre foi así e sempre será, que é a lei da "razón da forza fronte á forza da razón".

"Si, pero tamén houbo un tal Xesús de Nazaré e moitos profetas que berraron contra esa lóxica", contestei eu. Mesmo Xoán Paulo II sumouse recentemente a esta crítica da globalización dos ricos, "canonizando" a manifestantes a manifestacións o domingo pasado: "A fe non pode deixar ai cristián indiferente ante a cuestión da globalización, que desafia a interpelar ás responsabilidades da política e da economía, de modo que o proceso de globalización sexa gobernado tendo en conta o ben co-



mún dos cidadáns do mundo enteiro".

"Outro mundo é posible", era

o lema do Foro Social Mundial de Porto Alegre, evocado agora como crítica ao actual modelo de globalización.

Cada vez somos máis os que temos moi claro que o novo orde mundial só se pode asentarse sobre a ética e a xustiza; que teña en conta o berro ético dos pobres e o berro ecolóxico da mesma Terra, asoballada sen piedade polos intereses económicos en favor duns poucos.

Desta volta, ou nos salvamos todos ou nos perdemos todos. "Esta vez non haberá unha arca de Noé para preservar a uns poucos", di Boff, reclamando unha "ética da compaixón e da liberación", confiando, a pesar de todo, en que "nacerá unha nova humanidade, formas máis colectivas de xestionar os recursos, un novo socialismo".

Estamos na "idade de pedra" desa auténtica globalización que leve cara a unha xusta xestión desa casa común que é o noso planeta.

O Recanto

Conta o evanxeo de Lucas que Marta e María eran dúas irmás que vivían en Betania, unha aldea preto de Xerusalén, e que Xesús adoitaba visitar a súa casa, pois sentíase sempre moi ben acollido nela. Algún estudioso da Biblia interpreta a casa de Marta e María como parábola dunha comunidade cristiá e mesmo como símbolo da Igrexa, e particularmente o papel das mulleres na Igrexa primitiva e a súa participación nos ministerios eclesiais. No texto (Lc 10,38-42) salienta a figura de María que "sentada ós pés do Señor, escoitaba as súas palabras". Este xesto, lonxe de ser un xesto de submisión da muller ao varón, é un xesto sumamente revolucionario para aquel tempo e símbolo de algo que aínda hoxe lle cómpre realizar a Igrexa católica. María está sentada aos pés do Mestre Xesús como calquera discípulo, cousa que lles

estaba vedado ás mulleres xudías, que non podían seguir as ensinanzas dos rabinos e ser discípulas; a actitude revolucionaria do rabino Xesús dignifica a esta muller, levándoa a un espazo máis amplo que o ámbito doméstico e defendendo a súa postura valente. "Fronte á muller-escrava amable, Xesús destaca a muller-persoa, capaz de deixarse transformar pola Palabra", escribe o teólogo Xabier Pikaza ("Sistema, liberdade Iglesia. Instituciones del Nuevo Testamento"). Máis aínda, a María que escoita ao Mestre poderá logo proclamar a Palabra na comunidade, como calquera ministro ordenado da



Victorino Pérez Prieto

Marta e María


Igrexa. Por iso, este texto, aparentemente sinxelo, é unha alegoría da Igrexa, representada nestas dúas "irmás" (=cristiás) co seu dobre ministerio de servizo, organización... (Marta) e de contemplación, escoita e anuncio da Palabra (María); fala do conflito de poderes e servizos na Igrexa, pero tamén esta "casa para Xesús" é unha casa para a nova humanidade. Particularmente, este texto do Evanxeo manifesta que o ministerio ordenado na Igrexa (ser curas) é tamén cousa das mulleres, igual que dos homes. A posibilidade de ser curas non pode estar reservada aos varóns, aínda que

tradicionalmente fora así na meirande parte da historia da Igrexa, pois ao principio non era así, como teñen revelado estudos recentes sobre a vida e a organización da igrexa primitiva. Nos últimos tempos algunhas igrexas cristiás xa lle foron quitando o veto ao acceso das mulleres ao ministerio sacerdotal, pero non aconteceu así na Igrexa católica, moi reticente, e que nun recente documento papal deixou "case" concluído o tema. Pero "non se lle poden poñer portas ao vento", e moitas mulleres católicas reclaman o dereito a ser tamén "chamadas" a exercer este ministerio na Igrexa. Ese foi o tema da Primeira Conferencia pola Ordenación das Mulleres, celebrada a come-

zos do mes pasado en Dublín. Non se trata dunha esixencia "moderna" inventada agora polas mulleres, pois como dixo en Dublín o cura John Wijngaards: "Se ben é certo que o clima de emancipación social contribuíu a considerar o tema da ausencia das mulleres nos ministerios, a verdadeira orixe desta esixencia reside no noso bautismo común... O acceso das mulleres ao ministerio ordenado derívase do mesmo sacramento do bautismo. A reivindicación dunha igualdade social pode ternos espertado, pero a igualdade na Alianza de Cristo sempre existiu" ("Discernir a Nova Creación do Espírito", relatorio na "Women's Ordination Worldwide"). En efecto, xa o di San Paulo: "Os que vos bautizaron en Cristo, vestíronvos de Cristo. E todo iso de... homes e mulleres, todo iso acabou, pois sodes un só en Cristo Xesús." (Gal 3,26-28).

Audición y Lenguaje

alto índice de aprobados en las
últimas cuatro convocatorias

 **diéresis
formación**

981 330 360

C/Real 7 - 9 entlo. dcha.

15402 Ferrol

O Recanto

A fe move megabytes

Victorino Pérez Prieto

Nesta ocasión collo prestada a frase que dá título ao Recanto dunha noticia da axencia evangélica española ICPRESS. Segundo información da prestigiosa publicación norteamericana "Religion today", un estudio do "Grupo de Investigación Barna" (BRG) mostra que Internet é unha das áreas que máis medraron ultimamente no mundo relixioso. Máis de 100.000 igrexas protestantes xa desenvolven o seu labor a través desta gran rede de comunicación, segundo o estudio apuntado. Non teño información exacta do número de portais católicos, pero tamén son moitos miles. E, sen dúbida, tamén forman unha amplísima lexión as webs das ofertas relixiosas non cristiás. No "Canal Irimia", que xestiona desde o portal de www.vieiros.com

<<http://www.vieiros.com>>, poden atoparse algunhas ligazóns a estas webs, nunha ampla concepción ecuménica.

Pero ben é certo que non é de estrañar, cando ata Rivaldo e outras estrelas do fútbol, dos deportes e do espectáculo, e calquera pailaroco ten a súa páxina web propia. Sen dúbida, Internet é un mundo cheo de posibilidades, pero tamén cheo de confusión. É coma un gran almacén repleto de cousas marabillosas e excelsas, pero tamén de cousas denigrantes, degradantes, violentas... como nos mostran de cando en vez os informativos (p.e. as redes de pornografía infantil e outras semellantes, ou os grupos violentos e fanáticos).

Segundo a investigación do BRG, tan só nesta primeira dé-

cada do século XXI, arredor de 50 millóns de persoas poderán atopar (ou "crerán" atopar...) en Internet a única fonte e referencia para a súa fe e a súa vida espiritual. Na tea de araña electrónica (www) buscarán ensino, oracións, ritos... e mercarán todo tipo de produtos relixiosos. O estudio mostra tamén que as igrexas e comunidades relixiosas van estar moi influídas polo desenvolvemento da "fe online", a través da música relixiosa, o correo electrónico, os chats, os "encontros virtuais" (que non "virtuosos") multitudinarios, e as imaxes en directo (por web cam) desde todo o mundo. E isto para empezar... porque logo iranse engadindo os novos descubrimentos que amplíen aínda máis as posibilidades da web.

Alguns pensamos que a ver-

dadeira fe relixiosa debe ser, ao mesmo tempo que unha experiencia persoal (ninguén pode crer por min), unha realidade vivida comunitariamente. Por suposto que non só no cristianismo, senón, sobre todo, en calquera das grandes relixións, con toda a súa riqueza de vida e experiencia mística acumulada e renovada ao longo de centos de anos; tamén coas súas contradicións e o seu pecado. Penso que é a comunidade, cando é verdadeiramente espacio de liberdade e tolerancia, a que pode purificar a miña fe de subxectivismos estrafalarios e alienantes, ou de fundamentalismos intransixentes e excluñtes.

Con todo o que poida ofrecer a rede electrónica (simpáticas ou sesudas reflexións, e mesmo orixinais "misas virtuais"), non po-



derá ser nunca un espacio de celebración e amor; iso correspóndelle indefectiblemente á comunidade. Pero, tal como están as cousas en tantas igrexas e parroquias, coas celebracións dirixidas exclusivamente por un señor desde o altar e cunha case nula participación da xente, pode que Internet chegue plantar-lles boa guerra.

92

O Recanto

Os chorizos de Gescartera e os diñeiros da Igrexa

Victorino Pérez Prieto

A noticia que armou máis rebumbio nas pasadas semanas estivais foi o escándalo de Gescartera. Sobre todo, pola implicación de institucións públicas e da Igrexa Católica (esta con case dous mil millóns investidos). Máis dun veciño/a me preguntou que era iso, comprendendo que se desapareceron miles de millóns, debía ser algo moi gordo. E así era; "Gescartera Dinero-AV" é unha axencia de valores, empresa creada para manexar diñeiro de outros e poñelo a producir, investindo sobre todo en Bolsa. Pero o que fixo foi "esfumar" 18.000 millóns que uns incautos puxeran nas súas mans. A intervención da Comisión Nacional do Mercado de Valores nesta sociedade puxo freo a un enorme pozo económico, onde semellaban nadar a co-

rrupción, a estafa e o estrago coma nun magno sumidoiro.

Varias dioceses, institucións eclesiais e congregacións relixiosas perderon o seu diñeiro investido. Entre as dioceses salienta a de Valladolid, que seica chegou a investir preto de mil millóns, pero puido sacalos case todos hai dous anos, e "só" perdeu 25 millóns. A nosa veciña diocese de Astorga non investira tanto (tería menos aforrado...), pero uns din que perdeu 200 millóns e outros que "só" foron 50... Entre as institucións estafadas están algunhas tan significativas como Mans Unidas e o Instituto Español de Misiones Eranxeiras (IEME, non o DOMUND; din que puido perder 200 millóns). E entre as congregacións salientan as agustinas, que perderon 465 millóns; xunto con sa-


lesianos e agustinos, que perderon máis de cen millóns cada un (segundo "Vida Nueva").

Certamente, a Igrexa ten dereito a investir como mellor pense os seus aforros para que non se deprecién e poidan ser máis útiles. O arcebispo de Valladolid dixo hai uns días na revista relixiosa da que tomei os datos anteriores: "A Igrexa española xa non pode vivir de rendas".

Pero a Igrexa non pode ter unha visión da rendibilidade económica coma calquera outra empresa, se non quere renunciar ao Evanxeo: "Non podedes servir a Deus e máis ao diñeiro" (Mt 6,24). ¿Como poden acumular tantos millóns dioceses e congregacións relixiosas con voto de pobreza? ¿Como viven o principio do solidario compartir dos seus excedentes? Pode que

non sexan especuladores, pero si unha miga egoístas avarentos e, desde logo, uns paspáns. Escándalos coma este e outros nos que andou metida, manifestan ás claras as "malas compañías" nas que anda moitas veces a Igrexa. Para mostra un botón: un xornalista relixioso comentoume estes días que unha congregación relixiosa que perdeu agora varios centos de millóns xa perdera outros tantos en 1994 no escándalo de Javier de la Rosa e Grand Tibidabo! Lémbrase que o tal señor foi a prisión por desfalco e estafa...

O Mestre Nazareno dixera con razón: "Non amoreedes tesouros na terra onde a traza e maila ferruxe acaban con eles, e os ladróns asaltan as casas para roubalos. Amoreade tesouros no ceo, onde non hai traza nin fe-



rruxe que acaben con eles, nin ladróns que asalten e os rouben". E engadiu "onde está o teu tesouro está o teu corazón" (Mt 6 19-21). Certamente, parte da Igrexa non ten o seu tesouro nin en bancos nin en especuladores, senón ao servizo dos pobres; pero cando non é así, cómprelle recoñecelo.

vitope@planalfa.es

O Recanto

A espiral do Talión

Victorino Pérez Prieto (*)

Os atentados de Nova York e Washington centraron a atención de todo o mundo, poñéndonos a alma nun puño. A condena da violencia terrorista, que acadou límites inconcebibles, e a solidariedade coas vítimas é, sen dúbida, a reacción que nos une a tódalas persoas de ben.

Os medios de comunicación, sobre todo a TV, repetiron miles de veces as mesmas imaxes para que ninguén quedara indiferente. Pero non abonda con horrorizarse, cómpre tamén pararse a pensar, buscando razóns e argumentos; e os medios preocupáronse moito menos de fornecernos elementos críticos para tal reflexión. Despois de chorar ao pé deste holocausto, cómpre algo máis.

A imaxe destes días que máis me impresionou foi a de nenos e mulleres palestinos bailando en Xerusalén ao coñecer a noticia.

Unha reacción primaria que, seguramente, non tiña en conta que nenos e mulleres coma eles, inocentes, tamén morreron no atentado. Pero unha imaxe que manifestaba de xeito expresivo a rabia impotente polos sufrimentos que padeceron e padecen, tantas veces entre o silencio occidental: inxustiza, pobreza e morte. "O conflito árabe israelí ten un efecto contaminante global, que hai tempo debeu atallarse", dicía un editorial de El País. En efecto, Israel, co consentimento do seu padriño estadounidense, burla cada día impunemente as resolucións do Consello de Seguridade da ONU, practicando un cego e criminal terrorismo de Estado. Pero non son só os palestinos; tódolos días millóns de seres humanos viven en condicións de pobreza e miseria; centos de miles morren vítimas do desam-

paro, a inxustiza e a desesperación que xera o actual sistema capitalista, do que eran o símbolo representativo as torres do World Trade Center ("Centro do Comercio Mundial").

O agudo xornalista Juan Luis Cebrián, titulaba o seu artigo "A política do odio", retomando estas imaxes que tanto me impresionaran: "Son a náuseabunda consecuencia dunha política baseada no enfrontamento entre os pobos e o desprezo aos dereitos humanos, en moitas partes do planeta". Desprezo non só por parte dos "fundamentalistas" islámicos, senón tamén dos cristiáns. Ese é o caldo de cultivo: o triunfo do odio, que prende sobre todo "nos que non teñen nada que perder porque xa o perderon todo". Pero é tamén a linguaxe da violencia, da que os norteamericanos saben tanto, tal como manifestan día a día e ano tras ano, desde a política ao espectáculo, pasando pola vida cotiá, armados ata os dentes, mesmo nenos que disparan contra os seus compañeiros e profe-

sores. Ademais, como recoñecía no mesmo diario un comentarista que é nada menos que profesor emérito da Universidade de Georgetown e asesor do Congreso, o seu país segue empecinado na convicción de que sempre ten a razón e que calquera ataque contra el é obra de "conductas irreduciblemente patolóxicas" —pero non así cando os atacantes son tropas uniformadas USA— en lugar de tentar promover unha discusión seria do seu papel a nivel mundial, a elección dos aliados...

"É posible que algúns cidadáns estadounidenses reflexionen agora sobre por qué razón a nación pode enviar armas aos catro confíns do globo, destacar asesores militares e axentes secretos por todo o planeta, e contraer alianzas sen ter que pagar por iso prezo algún".

Sen dúbida, nesta prepotencia imperial estadounidense, situado por riba de calquera outra lei internacional e impondo a súa propia, se foi xestando o odio dos pobos oprimidos do pla-

neta. Os americanos sempre pensaron que estas cousas só lles podían acontecer "aos outros". Eles son sempre os que levan a tixola polo mango e poden atacar aos demais, amparados en presuntas "causas xustas". Eles lanzaron as bombas sobre Hiroshima e Hanoi —nas que morreu moita máis xente— e apoiaron dictaduras que masacraron os pobos de Centroamérica e Sudamérica, pero xamais pensaron que podería acontecer ao revés; a eles, que son os máis ricos e os máis bos...

E xa "son demasiados os pobos nos que sementaron ventos" de descontento, como comentaba Antonio Gala en El Mundo; agora recolleron unha magna tempestade. ¿Aprenderán a lección?

O malo foron as vítimas inocentes que a tiveron que padecer e as que pode causar o seu concepto de "ollo por ollo", que para iso defenden a pena de morte cun sentimento relixioso precristián, aínda que falen de Xesús Cristo.